



Concello de Vigo

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 15 de abril de 2021

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego (online)
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D^a M^a José Caride Estévez (online)
D. Carlos López Font
D. Abel Losada Álvarez
D. Jaime Aneiros Pereira (online)
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día quince de abril de dous mil vinte e un e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(265).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbase a acta da sesión ordinaria do . Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(266).- PRÓRROGA DO CONTRATO PARA O MANTEMENTO DE APLICACIONES PROPIEDAD DE TERCEIROS (ESTADÍSTICA). EXPTE. 9485/113

Visto o informe xurídico do 26/03/2021 e o informe de fiscalización do 07/04/2021, dáse conta do informe-proposta do 08/02/2021, asinado pola adxunta ao xefe do

Servizo de Admón. Electrónica, o xefe do Servizo, a concelleira-delegada de Xestión Municipal e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. Antecedentes

O Contrato para o Mantemento de aplicacións propiedade de terceiros (Estatística), foi adxudicado mediante procedemento negociado sen publicidade, por acordo da XGL do 20/06/2018 á empresa *T-SYSTEMS ITC IBERIA, S.A.U.*, por un prezo total do contrato de 101.621,85 euros, incluíndo un IVE de 17.636,85 euros, segundo o seguinte detalle por partidas e exercicios:

Partida		Exercicio	IVE	Base	Importe total
9207.2279902	Mantemento	2018	2.519,12 €	11.995,81 €	14.514,93 €
9207.2279901	Horas	2018	7.392,00 €	35.200,00 €	42.592,00 €
9231.2279901	Horas	2018	2.603,31 €	12.396,69 €	15.000,00 €
9207.2279902	Mantemento	2019	2.519,12 €	11.995,81 €	14.514,93 €
9231.2279901	Horas	2019	2.603,31 €	12.396,69 €	15.000,00 €
Totais			17.636,86 €	83.985,00 €	101.621,85 €

O contrato rematou o 27 de xullo de 2020 (dous anos contados a partir do día seguinte á última sinatura dixital), e prorrogouse por un ano segundo os conceptos e importes do exercicio 2019, con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

<i>Partida</i>	<i>Exercicio</i>	<i>IVE</i>	<i>Base</i>	<i>Importe total</i>
9207.2279902	2020	2.519,12 €	11.995,81 €	14.514,93 €
9231.2279901	2020	2.603,31 €	12.396,69 €	15.000,00 €
<i>Totais</i>		5.122,43 €	24.392,50 €	29.514,93 €

Dita prórroga, autorizada por acordo da Xunta de Goberno Local de 23/04/2020, rematará o 27 de xullo de 2021.

II. Fundamentos de dereito

1. O artigo 23 do RDL 3/2011, de 16 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, dispón no seu apartado 2º, que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas. A prórroga apróbese polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, salvo que o contrato prevexa expresamente o contrario, sen que poida producirse polo consentimento tácito das partes.



Concello de Vigo

O artigo 303 da citada norma, indica, á súa vez, que os contratos de servizos non poderán ter un prazo de vixencia superior a catro anos coas condicións e límites establecidos nas respectivas normas orzamentarias das Administracións públicas, se ben, poderá preverse no mesmo contrato a súa prórroga por mutuo acordo das partes antes da finalización daquel, sempre que a duración total do contrato, incluídas as prórrogas, non exceda de seis anos, e que as prórrogas non superen, illada ou conxuntamente o prazo fixado orixinariamente.

2. Neste contrato resulta que:

- Na cláusula 7 "Prazo de execución", do PCAP, figura que: "*O presente contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C da FEC, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, e serán obrigatorias para o contratista*".
- No apartado 4.C das FEC figura: "*Prórroga do contrato e en caso afirmativo duración: si, dúas prórrogas dun ano de duración cada unha*".
- O contratista, manifestou por escrito o día 26-10-2020 o seu interese en proceder coa segunda prórroga, mediante o documento co nº de rexistro 200194812.
- Prorrógase segundo os conceptos e importes do exercicio 2019
- No apartado 13 das FEC, sobre o réxime de pagamento, indícase que "*As cantidades a aboar en concepto de mantemento de software faranse efectivas durante o primeiro trimestre do exercicio, ou no seu caso do inicio do contrato*".
- Respecto ás horas de asistencia prevese que van ser consumidas no exercicio actual.

3. Prezo da prórroga:

O prezo total da prórroga ascende a 29.514,93 euros, dos cales 5.122,43 € corresponden ao IVE.

4. Financiamento:

A prórroga financiarase con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

<i>Partida</i>	<i>Exercicio</i>	<i>IVE</i>	<i>Base</i>	<i>Importe total</i>
9207.2279902	2021	2.519,12 €	11.995,81 €	14.514,93 €
9231.2279901	2021	2.603,31 €	12.396,69 €	15.000,00 €
<i>Totais</i>		<i>5.122,43 €</i>	<i>24.392,50 €</i>	<i>29.514,93 €</i>

5. A empresa T-SYSTEMS ITC IBERIA, S.A.U., no transcurso do período contractual desenvolveu os traballos de acordo cos criterios marcados no prego de condicións técnicas e tamén coa súa oferta polo que se considera que o servizo se prestou de xeito satisfactorio.

Precísase tramitar esta prórroga debido á necesidade de continuar co servizo de mantemento das aplicacións de Estatística para a xestión do Padrón Municipal de Habitantes (PMH) do Concello de Vigo.

A tramitación deste expediente de prórroga non supón unha nova actuación, por canto se ven desenvolvendo este tipo de servizos en anos anteriores e, polo tanto encádrase na Lei 5/2014, do 27 de maio de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración lo-

cal, no seu artigo 3: "En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias: a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos."

PROPOSTA

1. Autorizar a segunda prórroga do contrato para o Mantemento de aplicacións propiedade de terceiros (Estatística) -expediente 8440/113- polo período dun ano, conforme o TRLCSP e o apartado 4.c das FEC do PCAP do contrato, á empresa *T-SYSTEMS ITC IBERIA, S.A.U.*
2. Autorizar o gasto de 29.514,93 euros (IVE incluído) que representa a prórroga, con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

<i>Partida</i>	<i>Exercicio</i>	<i>IVE</i>	<i>Base</i>	<i>Importe total</i>
9207.2279902	2021	2.519,12 €	11.995,81 €	14.514,93 €
9231.2279901	2021	2.603,31 €	12.396,69 €	15.000,00 €
<i>Totais</i>		5.122,43 €	24.392,50 €	29.514,93 €

3. Notificar este acordo ao contratista, con indicación de que contra él caberá interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (Arts. 123 - 124 da Lei 39/2015 e 8, 25, 46 e ccdtes. da Lei 29/98).

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(267).- BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE "AXUDAS MUNICIPAIS DE LIBROS, MATERIAL ESCOLAR E COMEDOR PARA ALUMNOS/AS DE CENTROS DOCENTES PÚBLICOS E PRIVADOS CONCERTADOS DE EDUCACIÓN INFANTIL (2ª ETAPA), EDUCACIÓN PRIMARIA E SECUNDARIA, DO CONCELLO DE VIGO – CURSO 2021/2022". EXPTE. 214735/301

Visto o informe xurídico do 22/03/2021 e o informe de fiscalización do 08/04/2021, dáse conta do informe-proposta do 22/03/2021, asinado polo xefe de Área de Benestar Social, a concelleira-delegada de Política de Benestar e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. FUNDAMENTO NORMATIVO E COMPETENCIAS MUNICIPAIS

I.1. A Constitución española de 1978 consagra, no seu Art. 39, o deber dos poderes públicos de asegurar a protección social, económica e xurídica da familia.



Concello de Vigo

I.2. Pola súa parte, o Estatuto de Autonomía de Galicia lexitima a actuación legislativa da Comunidade Autónoma no eido da protección da familia, infancia e adolescencia, nos títulos competenciais xenéricos de asistencia social e de promoción do desenvolvemento comunitario (Art. 27 EAG).

I.3. A normativa de réxime local (Art. 25.1 da L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local – LRBRL e Art. 80.1 da L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia – LALGA) prevé que os municipios, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, asumindo como competencia propia, entre outras, a avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e) e 26.1.c) LRBRL, na redacción dada pola L.27/2013, do 27 de decembro).

I.4. A L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local considera que *“non se entenderá como exercicio de novas competencias”*, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: *«continuarán exercéndose elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais»*; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: *«continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das Facendas Locais previsto nela»* (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

I.5. A Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, garante a protección total da familia; en especial, a das familias valoradas de especial consideración, ás que se lles asegura un trato preferente nos ámbitos educativos, da vivenda, cultura, novas tecnoloxías, etc. O Art. 8 desta lei atribúe tamén competencias ós municipios para a execución de programas e proxectos destinados á atención das familias.

I.6. O programa de axudas municipais escolares de libros, material escolar e comedor leva facéndose no Concello de Vigo desde hai máis de trinta anos, observándose un crecemento tanto na demanda como no seu orzamento. Están destinadas ós/ás alumnos/as matriculados/as en centros docentes públicos e privados concertados, empadroados/as e pertencentes a unidades familiares carentes de recursos económicos suficientes.

Por todo isto, promóvese un ano máis pola Concellería de Política de Benestar Social a concesión de axudas municipais de libros, material escolar e comedor, no marco xurídico definido pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o Real Decreto 887/2006, do 21 de xu-

llo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, as Bases de execución do orzamento municipal e a demais normativa de aplicación.

I.7. O gasto representado polas axudas que se concedan pola Xunta de Goberno Local imputarase á aplicación orzamentaria nº 2310.481.00.00 (“*Becas libros e comedor*”), dotada cun crédito de 1.280.000€ (75.000€ máis que no exercicio anterior), que se distribuirá así: 135.000€ para libros e material escolar e 1.145.000€ para axudas de comedor.

Con todo, está prevista xa a posibilidade de incrementar eses créditos iniciais dispoñendo adicionalmente dos eventuais importes sobrantes do programa de axudas do curso anterior, 2020/2021 (crédito non dispoñible no momento da convocatoria pero que sí se prevé obter antes da concesión das axudas) e sen necesidade dunha nova convocatoria, tal como autoriza o Art. 58 do RD.887/2006, do 21 de xuño, Regulamento da Lei xeral de subvencións.

I.8. O elevado número tanto de solicitudes que hai que valorar, coa súa documentación anexa, como dos pagamentos resultantes da resolución da convocatoria, tramitación e resolución de recursos, tramitación e resolución de axudas de comedor en réxime excepcional, xestión de altas e baixas, etc., fai totalmente inviable a súa tramitación co persoal actual do Servizo de Benestar Social.

En consecuencia, para a implementación deste programa de axudas no curso 2021/2022 sería necesaria a dotación do seguinte persoal:

–Catro (4) auxiliares administrativos/as, por acumulación de tarefas, por un periodo de 6 meses, no que se inclúen as fases de recollida de solicitudes e documentación, valoración e resolución das mesmas (Arts. 10.1.d] TREBEP e 23.2.d] L.2/2015).

–Un/unha (1) auxiliar administrativo/a para todo o programa de axudas, no que se inclúen as fases anteriores máis o aboamento das axudas, tramitación de recursos, xestión de altas e baixas durante todo o curso, axudas en réxime excepcional, etc. (Arts. 10.1.c] TREBEP e 23.2.c] L.2/2015).

Este programa de axudas ten unha duración estimada de doce (12) meses, desde a publicación da convocatoria no BOPPO e ata xuño de 2022.

I.9. Como importante novidade legislativa, é preciso salientar que a L.4/2021, do 28 de xaneiro, de medidas fiscais e administrativas (DOG n.º 19, do 29.01.2021), en vigor desde o 30.01.2021, modificou o Art. 2.2 da vixente Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, dando unha nova redacción á súa letra a), que queda redactada como segue:

«Non teñen o carácter de subvencións: a) As prestacións previstas no artigo 2.4 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, destinadas a persoas físicas, e as prestacións autonómicas e municipais de natureza similar a estas ou de carácter asistencial».

Así as cousas, enténdese que as axudas escolares do Concello de Vigo participarían desa natureza “*asistencial*” e, polo tanto, non terían xa a consideración propiamente de “*subvencións*” para os efectos da L.38/2003 e da L.9/2007, aínda que, ó noso xuízo, en ausencia dunha normativa específica sobre este tipo de prestacións sociais, aquelas normas deberían seguir operando como marco xurídico de referencia.



Concello de Vigo

En calquera caso, dita modificación non ten por qué traducirse nun menor control sobre as axudas que se concedan, toda vez que, á marxe dos controis e xustificacións establecidos na propias Bases, o Art. 1 do RDL.39/2020, do 29 de decembro, de medidas financeiras de apoio social e económico e de cumprimento da execución de sentenzas, deu unha nova redacción ó Art. 7.y) da L.35/2006, do 28 de novembro, do IRPF, reforzando a obriga das Administracións autonómicas e Entidades Locais de comunicarlle á AEAT a información sobre as axudas concedidas para atender a colectivos en risco social, mediante a presentación do MODELO 190 (declaración resume anual de retencións) e identificando estas axudas coa clave "L" e a subclave 22 (*"L22 - axudas establecidas por Comunidades Autónomas ou por entidades locais para atender, consonte a súa normativa, a colectivos en risco de exclusión social, situacións de emerxencia social, necesidades habitacionais de persoas sen recursos ou necesidades de alimentación, escolarización e demais necesidades básicas de menores ou persoas con discapacidade cando eles e as persoas ó seu cargo, carezan de medios económicos suficientes, que estean exentas en virtude do establecido no primeiro parágrafo da letra y) do artigo 7 da LIRPF"*).

O teor literal dese Art. 7, letra y) da LIRPF ("Rentas exentas") é o seguinte:

«Estarán exentas las siguientes rentas: (...) y La prestación de la Seguridad Social del Ingreso Mínimo Vital, las prestaciones económicas establecidas por las Comunidades Autónomas en concepto de renta mínima de inserción para garantizar recursos económicos de subsistencia a las personas que carezcan de ellos, así como las demás ayudas establecidas por estas o por entidades locales para atender, con arreglo a su normativa, a colectivos en riesgo de exclusión social, situaciones de emergencia social, necesidades habitacionales de personas sin recursos o necesidades de alimentación, escolarización y demás necesidades básicas de menores o personas con discapacidad cuando ellos y las personas a su cargo, carezcan de medios económicos suficientes, hasta un importe máximo anual conjunto de 1,5 veces el indicador público de rentas de efectos múltiples. Asimismo, estarán exentas las ayudas concedidas a las víctimas de delitos violentos a que se refiere la Ley 35/1995, de 11 de diciembre, de ayudas y asistencia a las víctimas de delitos violentos y contra la libertad sexual, y las ayudas previstas en la Ley Orgánica 1/2004, de 28 de diciembre, de Medidas de Protección Integral contra la Violencia de Género, y demás ayudas públicas satisfechas a víctimas de violencia de género por tal condición».

I.10. Polo demais, o contido material destas Bases é moi semellante ó do anterior exercicio 2020/2021. As únicas novidades reseñables serían as seguintes:

- Actualización do marco normativo destas axudas que, a teor do novo Art. 2.2.a) da LSG (L.9/2007), deixarían de considerarse propiamente "subvencións"; o que afecta, puntualmente e en distinta medida, ás Bases Terceira, Quinta e Sexta.
- Simplificación do procedemento para resolver as solicitudes excepcionais de axudas de comedor, que se realizará pola Concelleira de Política de Benestar Social, por proposta do Departamento instrutor do procedemento (Base Décimo segunda).
- Incrementase a contía das axudas para libros e material escolar, que pasa de 85€/alumno-a a 100€/alumno-a (Base Décimo terceira).
- Incrementouse tamén, previa consulta coa Intervención xeral municipal, a porcentaxe prevista para o primeiro pagamento das axudas de comedor ós centros educativos

(setembro-décembro), ata unha porcentaxe máxima do 50% (antes: 40%) do importe correspondente (Base Décimo terceira).

- Introdúcese tamén na Base Décimo terceira a previsión de que, para o caso de que durante o curso escolar 2021/2022 se producise unha situación semellante á padecida por causa da COVID-19 que imposibilitase o normal funcionamento dos comedores escolares, procederíase ó pagamento das axudas de comedor directamente ás familias en situación de vulnerabilidade e con cargo á mesma aplicación orzamentaria nº 2310.481.00.00 ("*Becas, libros, comedor*").

Tamén previa consulta coa Intervención xeral municipal propónse incluír como contido da convocatoria a previsión relativa á posibilidade de incrementar os créditos iniciais cos eventuais importes sobrantes do programa de axudas do curso anterior, sen necesidade dunha nova convocatoria (Art. 58 RXS), establecéndose un novo máximo de 185.000€ (120.000€ na convocatoria anterior).

II. PROPOSTA DE ACORDO

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención xeral municipal, a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO: Aprobar as «BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS MUNICIPAIS DE LIBROS, MATERIAL ESCOLAR E COMEDOR PARA ALUMNOS/AS DE CENTROS DOCENTES PÚBLICOS E PRIVADOS CONCERTADOS DE EDUCACIÓN INFANTIL (2ª ETAPA), EDUCACIÓN PRIMARIA E SECUNDARIA, DO CONCELLO DE VIGO – CURSO 2021/2022», elaboradas polo Sevizio de Benestar Social do Concello de Vigo, co texto que figura nos documentos incorporados cos trámites núms. 24 (Bases) e 19, 20 e 21 (Anexos I, II e III) ó Exp. nº 214735/301 (2021).

SEGUNDO: Autorizar o gasto de 135.000€ para axudas de libros e material escolar ós/ás alumnos/as do nivel de educación infantil (2ª etapa) con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.481.00.00 mediante libramento a xustificar que se ingresará na conta habilitada do Servizo de Benestar Social (IBAN ES 90 2080-5000-67-3110242616).

TERCEIRO: Autorizar o gasto de 1.145.000€ con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.481.00.00 para axudas municipais escolares de comedor, curso 2021/2022. Desta cantidade, 572.500€ imputaranse ó exercicio de 2021 e o resto, 572.500€, ó exercicio de 2022. A contía do ano 2022 quedará supeditada á dispoñibilidade orzamentaria dese exercicio. As dúas cantidades serán pagadas mediante libramento a xustificar que se ingresará na conta habilitada do Servizo de Benestar Social.

CUARTO: Aprobar a convocatoria deste Programa de axudas escolares municipais para o Curso 2021/2022 que deberá ser publicada no BOP de Pontevedra, no taboleiro de Anuncios e Editos, nos Centros de Servizos Sociais Municipais e no "Portal de Transparencia e bo goberno" do Concello de Vigo. Os créditos iniciais poderán incrementarse cos eventuais importes sobrantes do programa de axudas do curso anterior, sen necesidade dunha nova convocatoria (Art. 58 RXS). A contía máxima a incrementar será de 185.000€.



Concello de Vigo

QUINTO: Aprobar as necesidades de persoal necesario para a xestión destas axudas municipais de libros, material escolar e comedor para o curso 2021/2022, que se concretan en:

–Catro (4) auxiliares administrativos/as, por acumulación de tarefas, por un periodo de 6 meses, no que se inclúen as fases de recollida de solicitudes e documentación, valoración e resolución das mesmas (Arts. 10.1.d] TREBEP e 23.2.d] L.2/2015).

–Un/unha (1) auxiliar administrativo/a para todo o programa de axudas, no que se inclúen as fases anteriores máis o aboamento das axudas, tramitación de recursos, xestión de altas e baixas durante todo o curso, axudas en réxime excepcional, etc. (Arts. 10.1.c] TREBEP e 23.2.c] L.2/2015).

A duración estimada deste programa é de doce (12) meses, desde a publicación da convocatoria no BOPPO e ata xuño de 2022».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime máis oportuno.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS MUNICIPAIS DE LIBROS, MATERIAL ESCOLAR E COMEDOR PARA ALUMNOS/AS DE CENTROS DOCENTES PÚBLICOS E PRIVADOS CONCERTADOS DE EDUCACIÓN INFANTIL (2ª ETAPA), EDUCACIÓN PRIMARIA E SECUNDARIA DO CONCELLO DE VIGO – CURSO 2021-2022.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

A Constitución española de 1978 consagra, no seu Art. 39, o deber dos poderes públicos de asegurar a protección social, económica e xurídica da familia.

Pola súa parte, o Estatuto de Autonomía de Galicia lexitima a actuación legislativa da Comunidade Autónoma no eido da protección da familia, infancia e adolescencia, nos títulos competencias xenéricos de asistencia social e de promoción do desenvolvemento comunitario (Art. 27 EAG).

A normativa de réxime local (Art. 25.1 da L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local – LRBRL e Art. 80.1 da L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia – LALGA) prevé que os municipios, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, asumindo como competencia propia, entre outras, a avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e) e 26.1.c) LRBRL, na redacción dada pola L.27/2013, do 27 de decembro)

A Lei 5/2014, do 27 de maio, do Parlamento de Galicia, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, considera que *“non se entenderá como exercicio de novas competencias”*, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: *«continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais»*; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: *«continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela»* (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

II

No eido da normativa sectorial, a L.13/2008, do 3 de decembro, de Servizos sociais de Galicia, atribúelle ás Corporacións locais a creación e xestión dos servizos comunitarios básicos, configurándose como servizos de carácter integrador e principal instancia do sistema galego de servizos sociais para o desenvolvemento de intervencións de carácter preventivo, de atención integral a persoas, familias e de incorporación socio-laboral e habilita expresamente ós concellos para conceder axudas económicas destinadas a apoiar o coidado dos menores, paliar situacións transitorias de necesidade, garantir un mínimo de subsistencia e reforzar procesos de integración familiar e inclusión social.

Finalmente, a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, garante a protección total da familia; en especial, a das familias valoradas de especial consideración, ás que se lles asegura un trato preferente nos ámbitos educativos, da vivenda, cultura, novas tecnoloxías, etc.

O Art. 8 desta lei atribúe tamén competencias ós municipios para a execución de programas e proxectos destinados á atención das familias.

III

O programa de axudas municipais escolares de libros, material escolar e comedor leva facéndose no Concello de Vigo desde hai máis de vinte anos, observándose un crecemento tanto na demanda como no seu orzamento. Están destinadas ós/ás alumnos/as matriculados/as en centros docentes públicos e privados concertados de Vigo, empadroados/as e pertencentes a unidades familiares carentes de recursos económicos suficientes.

O curso escolar 2020-2021 viuse gravemente alterado polos efectos da pandemia da COVID-19 xa que desde mediados do mes de marzo de 2020 suspendéronse as actividades docentes e tamén o funcionamento dos comedores escolares. Con todo, este programa municipal de axudas escolares puido seguir executándose, coas obrigadas adaptacións, aboando directamente o importe das axudas de comedor durante ese período extraordinario ás familias en situación de vulnerabilidade, en concepto de axudas municipais de emerxencia. De repetirse aquelas circunstan-



Concello de Vigo

cias (ou outras de análoga natureza), adoptaríase unha solución semellante, pero financiando o gasto correspondente con cargo á propia aplicación orzamentaria de "*Becas libros e comedor*".

Así as cousas, un ano máis promóvese desde a Concellería de Política de Benestar Social a concesión de axudas municipais de libros, material escolar e comedor, no marco xurídico definido polas Bases do Programa, a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (modificada pola L.4/2021, do 28 de xaneiro), os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, as Bases de execución do orzamento municipal e a demais normativa de aplicación a este tipo de prestacións sociais.

BASES

PRIMEIRA.- Obxecto e finalidade.

Estas Bases teñen por obxecto regular o procedemento para a concesión de axudas ás familias dos/as alumnos/as de centros docentes públicos e privados concertados, de educación infantil (2ª etapa), educación primaria e secundaria obrigatoria, con enderezo en Vigo, para o curso escolar 2021-2022.

As axudas de libros, material escolar e comedor van dirixidas, prioritariamente, a menores de familias con dificultades socioeconómicas e de conciliación da súa vida familiar e laboral.

A finalidade última das axudas de comedor é apoiar ás unidades familiares que, por insuficiencia de recursos económicos, non poden afrontar o custo do servizo.

SEGUNDA.- Programas de axudas.

Serán de dous tipos:

- Axudas para a adquisición de libros e material escolar para Educación Infantil (2ª etapa). No concepto de material escolar inclúese todo o material necesario para o desenvolvemento do curso académico en función das obrigas de cada colexio e as súas técnicas de aprendizaxe (mandilón, chándal, zapatillas deportivas, material informático e material funxible, mochila, uniforme, máscaras, etc.).
- Axudas para comedores escolares (de setembro a xuño, ámbolos dous incluídos) para alumnos/as matriculados/as nos niveis de Educación Infantil (2ª etapa), Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria.

Estas axudas outorgaranse de acordo cos principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

TERCEIRA.- Publicidade e prazo.

A publicación das presentes Bases realizarase no BOP de Pontevedra, no taboleiro de Anuncios e Editos, nos Centros de Servizos Sociais Municipais e na web do Concello de Vigo. Anunciarase igualmente por eses medios a convocatoria e o prazo de presentación de solicitudes, que será de vinte (20) días hábiles, contado desde o seguinte á publicación oficial daquela.

As axudas que se concedan a través deste programa, unha vez resoltas, publicaranse no taboleiro de Anuncios e Editos, nos Centros de Servizos Sociais Municipais e na web municipal, con expresión do DNI, NIE ou pasaporte da persoa solicitante – pai, nai ou titor – (ordenadas numericamente), expediente de servizos sociais, número de documento na xestión municipal, colexio, finalidade da axuda (libros, material escolar e comedor ou ambas) e resolución recaída (concedida, denegada -motivo- ou lista de agarda). Ademais, o Concello deberá facilitar a información procedente á AEAT (Modelo 190).

CUARTA.- Destinatarios de comedor.

O programa de axudas para comedores escolares intégrase coas modalidades A) e B), que deben reunir os requisitos que a seguir se sinalan:

Modalidade A): Refírese a aquelas solicitudes presentadas no prazo ordinario establecido nestas Bases, tanto para as axudas municipais escolares de libros e material escolar como para as axudas de comedor, reunindo os requisitos establecidos na Base sexta.

Modalidade B): Con carácter excepcional e co fin de dar protección ás situacións carenciais ou excepcionais do alumnado xurdidas unha vez pechado o prazo ordinario da presentación de solicitudes e resoltas as axudas da modalidade A), poderán solicitarse axudas para comedor con carácter excepcional (Modalidade B) a partir do día seguinte ó acordo de resolución pola Xunta de Goberno Local das axudas ordinarias. Terán que cumprir cos requisitos esixidos na Base sexta, achegar a documentación sinalada na Base sétima e sinalar o motivo da excepcionalidade na solicitude.

Os/as alumnos/as deberán estar matriculados/as no curso 2021-2022 en centros públicos ou con concerto nos niveis de:

□ Educación Infantil (2ª etapa)	3 a 5 anos
□ Educación Primaria (1º a 6º)	6 a 12 anos
□ Educación Secundaria Obrigatoria (1º a 4º)	12 a 16 anos

QUINTA.- Compatibilidade e tratamento fiscal.

As axudas municipais escolares de libros, material escolar e comedor son incompatibles con calquera outra axuda para a mesma finalidade de organismos públicos ou privados, agás as que concede o propio Concello de Vigo a través da “Federación Olívica de Asociacións de Nais e Pais de Alumnos/as de Vigo e Comarca” (FOANPA), comprometéndose o solicitante a comunicar e/ou reintegrar o concedido polo Concello de Vigo no caso de ter percibido outra axuda.

Non poderán acceder ás axudas de comedor municipais os/as alumnos/as matriculados/as en centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería con competencias en materia de educación da Xunta de Galicia que cumpran os requisitos para acceder ás axudas de comedor reguladas no Decreto 132/2013, do 1 de agosto, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación universitaria.

Tampouco poderán acceder os/as alumnos/as suxeitos a calquera medida de protección de menores resolta pola Xunta de Galicia, agás aqueles que estean suxeitos ó réxime de acollemento familiar, tanto en familia extensa como en familia allea, que cumprirán os requisitos xerais que se recollen na Base sexta.



Concello de Vigo

A teor do disposto no Art. 7, letra y) da L.35/2006, do 28 de novembro, do IRPF, na redacción dada polo Art. 1 do RDL.39/2020, do 29 de decembro, de medidas financeiras de apoio social e económico e de cumprimento da execución de sentenzas, están exentas de IRPF, entre outras, as axudas establecidas pola entidades locais para atender as necesidades de alimentación, escolarización e demais necesidades básicas de menores por carecer as súas familias de medios económicos suficientes e ata un importe máximo anual conxunto de 1,5 veces o IPREM.

SEXTA.- Requisitos xerais.

Serán requisitos necesarios para ser beneficiario/a das axudas os seguintes:

- Que a unidade familiar de convivencia estea empadroada no Concello de Vigo (a comprobación realizarase polo propio Departamento de Benestar Social).
- Convivir cós/cás alumnos/as para os que se solicitan as axudas.
- Con respecto á axuda de comedor, débese contar con praza no centro, de non ser así, aínda tendo concedida a axuda, non se fará efectiva.
- Que os/as alumnos/as para os/as que se solicitan as axudas estean matriculados/as ou teñan reserva de matrícula en centros públicos ou con concerto, en segunda etapa de Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria.
- Ter presentada a solicitude e o resto da documentación necesaria durante os prazos estipulados.
- Que os centros educativos para os que se solicita a axuda estean situados no termo municipal de Vigo.
- Que a capacidade económica da unidade familiar de convivencia non exceda do 75% do IPREM, que equivale ó 100% do subsidio básico da RISGA, equivalente a 4.840,56 € anuais. No caso de non existir datos dos ingresos da unidade familiar, computarase como mínimo familiar o equivalente ó subsidio básico da RISGA (4.840,56 €/anuais).

Tamén se lle computará esta cantidade ós contribuíntes que nos datos enviados desde a Axencia Tributaria consten como "Contribuíntes sen imputacións de renda" (sen datos), sempre e cando os outros membros da unidade de convivencia da solicitude consten sen ingresos.

UNIDADE FAMILIAR	IMPORTE MÁXIMO MENSUAL	IMPORTE MÁXIMO ANUAL
2	806,76€	9.681,12€
3	1.210,14€	14.521,68€
4	1.613,52€	19.362,24€
5	2.016,90€	24.202,80€
6	2.420,28€	29.043,36€
7	2.823,66€	33.883,92€
8	3.227,04€	38.724,48€
9	3.630,42€	43.565,04€
10	4.033,80€	48.405,60€

A renda *per cápita* da unidade familiar é o resultado de dividir a renda da unidade familiar do último exercicio fiscal (2020), descontando os gastos de vivenda, entre o número de membros computables.

Cando se presente declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF) terase en conta a base imponible xeral (435) e base imponible de aforro (460).

Teranse en conta os gastos xustificadas en concepto de alugamento ou amortización de hipoteca para compra da vivenda que constituía o seu domicilio habitual, ata un máximo de cincocentos euros ó mes (500€/mes).

Os gastos de vivenda teranse en conta sempre e cando ningún membro da unidade de convivencia dispoña en propiedade de ningún ben inmovible que non sexa o seu domicilio habitual. Se os tivese, non se terían en conta eses gastos.

Nos casos en que a capacidade económica da unidade familiar experimentase unha deterioración significativa en relación coa que consta na declaración de IRPF do último exercicio, os interesados terán que manifestar esta circunstancia e acreditar a nova situación económica achegando a documentación xustificativa correspondente ó primeiro trimestre do ano 2021.

Para os efectos destas axudas enténdese por *“unidade familiar de convivencia”*:

- a) A formada polos cónxuxes e os seus descendentes, que convivan habitualmente.
- b) Nos casos de separación legal, viuvez, familia monoparental ou unión de feito sen vínculo matrimonial, a formada polos respectivos titulares cos seus descendentes, que convivan habitualmente.
- c) A formada polo/a posible beneficiario/a e os seus acolledores de feito ou de dereito e os seus descendentes, que convivan habitualmente.
- d) A separación transitoria motivada por razóns de estudo, traballo, tratamento médico ou outras causas semellantes non rompen a convivencia para estes efectos, sempre que sigan cumprindo o requisito do empadramento. De non ser así, non se terá en conta ó membro da unidade familiar no que concorra esta circunstancia.

Tendo en conta a natureza destas axudas e a súa finalidade, ó abeiro do disposto no Art. 13.2 la LXS (L.38/2003) e, concretamente, no Art. 2.2.a) da LSG (L.9/2007), modificado pola L.4/2021, do 28 de xaneiro, de medidas fiscais e administrativas, exceptúase o requisito de acreditar o cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social para obter a condición de beneficiario/a.

SÉTIMA.- Solicitude e documentación.

As solicitudes das axudas municipais para libros, material escolar e comedor, acompañadas da documentación esixida, presentaranse no modelo oficial que figura como Anexo I. Estarán debidamente cubertas e asinadas pola persoa solicitante (maior de idade ou emancipada) e o resto dos membros maiores de idade que formen a unidade de convivencia.

Só se aceptará unha (1) solicitude por unidade de convivencia. No caso de que se presenten máis acumularanse, tramitándose a primeira presentada no Rexistro.

Xunto coa solicitude achegarase a seguinte documentación:

7.1. DNI, NIE ou pasaporte da persoa solicitante e dos membros maiores de dezoito (18) anos, sempre que non consten xa na base de datos do Departamento de Benestar Social.



Concello de Vigo

7.2. Libro de familia completo ou documentación oficial acreditativa dos membros da unidade familiar, coas súas datas de nacemento, sempre que non consten na base de datos do Departamento.

7.3. Declaración de IRPF do último exercicio de todos os membros da unidade familiar.

7.4. De ser o caso, certificado anual dos ingresos percibidos correspondentes ó ano 2020 expedido polo organismo competente, das pensións da Seguridade Social, subsidio de desemprego, RISGA ou calquera outra prestación pública que se estea a percibir por calquera dos membros da unidade familiar de convivencia (*).

(*) A documentación indicada nos apartados 7.3 e 7.4 só deberán presentala as persoas solicitantes que non autoricen ó Concello de Vigo para obter directamente os documentos e certificados necesarios doutras Administracións Públicas.

7.5 No caso de solicitar axuda de libros e material escolar achegarse documento acreditativo do IBAN da conta bancaria da persoa solicitante da axuda (pai, nai ou titor).

7.6. De ser o caso, contrato de aluguer e dous (2) xustificantes das transferencias bancarias ou recibos pagados dos dous (2) meses inmediatamente anteriores á apertura do prazo de presentación de solicitudes.

Non se terán en conta os recibos de aluguer cando nos mesmos non consten os seguintes datos:

- Identificación da parte arrendadora (nome, apelidos, DNI e sinatura)
- Identificación do/a arrendataria/o (inquilino/a)
- Enderezo da vivenda alugada
- Mes e importe pagado.

Excepcionalmente, en ausencia de contrato escrito, deberá achegarse debidamente cuberto o Anexo II (contratos verbais).

7.7. De ter hipoteca sobre a vivenda habitual, achegará:

- Xustificante selado e asinado pola entidade bancaria (Anexo III).
- Recibos de pagamento dos dous (2) meses anteriores á apertura do prazo da presentación de solicitudes, acreditativos do gasto realizado en concepto de amortización da hipoteca da vivenda habitual.

7.8. No caso de discapacidade dalgún dos membros da unidade familiar incluídos na solicitude, deberán presentar un dos seguintes documentos que acredite esta circunstancia:

- Certificado emitido polo órgano competente do grao de discapacidade cunha porcentaxe igual ou superior ó 33%.
- Tarxeta acreditativa do grao de discapacidade.
- Certificado de percepción dunha pensión da Seguridade Social por incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou gran invalidez ou a equivalente de clases pasivas

7.9. No caso de situación de violencia de xénero no ámbito familiar, deberá acreditar que foi vítima de violencia de xénero nunha relación de convivencia, que rematou dentro dos vinte e catro (24) meses inmediatamente anteriores á apertura do prazo das axudas municipais escolares.

Acreditarase esta circunstancia achegando a sentenza condenatoria ou orde de protección, que deberá terse emitido dentro dos vinte e catro (24) meses inmediatamente anteriores á apertura do prazo das axudas, agás casos excepcionais que serán acreditados polas profesionais do “Centro Municipal de Información dos dereitos da Muller”.

7.10. No caso de separación ou divorcio deberá presentar a sentenza xudicial de separación ou divorcio e/ou convenio regulador onde conste a custodia do causante.

7.11. De ser o caso, resolución administrativa ou xudicial acreditativa da situación de acollemento.

7.12. Calquera outra documentación que xustificadamente sexa requirida polo Departamento de Benestar Social para poder tramitar, valorar e resolver as solicitudes de axudas.

OITAVA.- Presentación de solicitudes.

Os/as solicitantes das axudas presentarán as súas solicitudes a través do Rexistro xeral municipal ou por calquera dos medios previstos no Art. 16.4 da L.39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).

NOVENA.- Tramitación e subsanación de solicitudes.

A instrución do procedemento de concesión das axudas correspóndelle ó Departamento de Benestar Social, que recibirá as solicitudes e comprobará os requisitos esixibles e a documentación acreditativa e, de ser o caso, requirirá para que no prazo de 10 días hábiles se enmende a solicitude ou complete a documentación preceptiva (Art. 68.1 LPACAP), coa advertencia de que, de non facelo así, teráselle por desistido da súa petición, logo da resolución que deberá ser ditada nos termos do Art. 21 LPACAP.

DECIMA.- Criterios de valoración.

Con carácter xeral, as solicitudes valoraranse tendo en conta a renda *per cápita* dos ingresos do ano 2020 dos compoñentes da unidade familiar de convivencia.

No caso de acreditar unha deterioración da capacidade económica da unidade familiar, no sentido indicado na Base sexta, a renda *per cápita* considerada será a correspondente o primeiro trimestre do ano 2021.

Para os efectos do cálculo da renda *per cápita*, computarán por dous os membros da unidade familiar que, figurando na solicitude, teñan unha discapacidade igual ou superior ó 33%.

Para estes mesmos efectos, computará por dous cando o/a solicitante fose vítima de violencia de xénero.

Computarán tamén por dous os membros da unidade familiar que, figurando na solicitude, se atopen en situación de acollemento.

A lista de concesión farase por orde inversa ó da contía da renda *per cápita* da unidade familiar, de menor a maior. No caso de igualdade de ingresos, concederáse por maior número de membros da unidade familiar.



Concello de Vigo

DÉCIMO PRIMEIRA.- Comisión de valoración.

A Comisión de Valoración quedará integrada pola Concelleira delegada da Área de Política de Benestar Social, que actuará como presidenta, o Xefe de Área de Benestar Social, a Xefa deste Servizo e a técnica responsable do programa. Este órgano colexiado emitirá informe no que se concrete o resultado da avaliación.

DÉCIMO SEGUNDA.- Tramitación e resolución das axudas.

12.1. O/a instrutor/a do procedemento avaliará as solicitudes de conformidade cos criterios e valoración que se determinan na Base décima e fará constar expresamente que, da información que obra no seu poder, despréndese que os/as beneficiarios/as cumpren todos os requisitos necesarios para acceder ás axudas. O/a instrutor/a do procedemento solicitará unha avaliación previa dos/as profesionais responsables das Unidades de Traballo Social, de considerarse necesario.

12.2. Rematada a instrución do expediente, este remitiráselle á Comisión de Valoración establecida na Base décimo primeira.

12.3. A proposta de resolución conterá unha relación na que figure a renda *per cápita anual* da unidade familiar de convivencia (ordenada de menor a maior), número de expediente en Servizos Sociais, número de documento na xestión municipal, colexio, concepto (libros, material escolar e comedor) e proposta de resolución das axudas no sentido que proceda (concedido, denegado ou lista de agarda):

- Concedidas: sinalarase a axuda individual de cada beneficiario/a, tendo en conta que o importe total das mesmas no pode superar o crédito consignado.

- Denegadas: faranse constar sempre as causas de denegación:

- A solicitude foi presentada fóra de prazo.
- Non achegan a documentación requirida.
- Non estar empadroados/as.
- Matriculado nun centro privado sen concerto.
- Superar os ingresos.
- O centro non conta co servizo de comedor.
- O/a alumno/a non está matriculado/a nun centro educativo do termo municipal de Vigo.
- Por non acreditar o cumprimento do requisito de excepcionalidade.
- Libros: o curso que se solicita non se inclúe nas axudas deste programa.
- Libros: na modalidade excepcional, non son obxecto de axuda.

-Lista de agarda: coa súa correspondente orde, por renda *per cápita*, de menor a maior. Os/as beneficiarios/as das axudas escolares de libros, material escolar e comedor que se atopen en lista de agarda, pasarán a ser concedidas sempre que exista crédito orzamentario.

12.4. A Xunta de Goberno Local, por proposta da instrutora do procedemento e previo informe da Comisión de Valoración, acordará a aprobación definitiva das axudas con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.481.00.00 ("*Becas libros e comedor*") do orzamento de Benestar Social do Concello.

12.5. O prazo máximo para resolver e publicar a resolución do procedemento non poderá exceder de seis (6) meses, contado desde a finalización do prazo de presentación de solicitudes. O vencemento do prazo máximo sen terse notificado a resolución lexítima ós interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da axuda.

12.6. Modalidade B) de comedor con carácter excepcional.

A Concelleira de Política de Benestar Social resolverá, por proposta do Departamento instructor do procedemento, a inclusión dos/a alumnos/as na lista de agarda ou a denegación da axuda.

Darase conta á Xunta de Goberno Local das axudas de comedor nesta modalidade B), cos seguintes datos: data resolución da Concelleira, número de expediente en Servizos Sociais, número de expediente na xestión municipal e sentido da resolución (concedida/denegada).

DECIMO TERCEIRA.- Contía, pagamento das axudas e xustificación.

- Contía para libros e material escolar:

Educación Infantil (3, 4 e 5 anos) 100,00 € / alumno/a.

O pagamento destas axudas realizarase dunha soa vez mediante transferencia bancaria á conta da persoa solicitante da axuda, previa presentación das facturas orixinais do gasto realizado.

Nos casos especiais, e tendo en conta a situación social da familia beneficiaria, o pagamento da axuda farase coa autorización por escrito do/a beneficiario/a, ó/a profesional da UTS ou programa correspondente, que disporá o pagamento directamente ó establecemento subministrador do material escolar.

Nos supostos en que os pais compren os libros nos centros escolares, deberán acreditar o pagamento presentando o certificado do devandito centro, debidamente asinado, onde se recolla a identificación do/a pai/nai/titor (solicitante da axuda), alumno/a, importe pagado e concepto.

- Contía para comedor:

A axuda municipal de comedor, por mes e alumno/a, será como máximo de corenta e un euros (41€), agás nos meses de decembro e abril, que se pagarán vintenove euros (29€) por ter menos días lectivos.

A diferenza, de existir, entre o prezo da praza do comedor e a axuda municipal deberá ser pagada polo pai, nai ou titor.

- Pagamento das axudas de comedor ás entidades colaboradoras e seguimento:

As axudas concédense ás familias e pagananse ós centros, que actuarán como entidades colaboradoras nos termos previstos na L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e na L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Os centros asumen o compromiso de xestionar a aplicación dos fondos de acordo coa súa finalidade, responsabilizándose de comunicar, coa periodicidade que se estableza, as baixas e os traslados dos/as alumnos/as beneficiarios/as ó Departamento de Benestar Social.



Concello de Vigo

O pagamento das axudas de comedor realizarase mediante transferencia desde a conta habilitada do Departamento de Benestar Social á conta corrente que indique cada un dos centros educativos cos que se conveña a colaboración para a xestión destas axudas.

A xustificación dos ingresos na entidade colaboradora acreditarase mediante o soporte documental da transferencia.

O pagamento ós centros educativos farase en tres (3) prazos:

- Primeiro pagamento (setembro-décembro), ata unha porcentaxe máxima do 50% do importe correspondente á resolución das axudas de comedor de cada centro educativo, aprobada pola Xunta de Goberno Local. Pagarase de xeito anticipado antes da finalización do cuadrimestre.
- Segundo pagamento (xaneiro-marzo), ata unha porcentaxe máxima do 80% de todas as axudas concedidas para o curso escolar e previo reaxuste das cantidades do primeiro pagamento. Pagarase de xeito anticipado antes da finalización do trimestre.
- Terceiro pagamento (abril-xuño), unha vez rematado o curso escolar reaxustaranse os pagamentos a cada centro educativo ata completar o 100% do importe total de todas as axudas de comedor concedidas a cada centro educativo, tendo que reintegrar, de ser o caso, as cantidades pagadas anticipadamente polo Concello das axudas concedidas ós/ás alumnos/as que non utilizaron o servizo de comedor.

No segundo e terceiro pagamento reaxustaránse as axudas de comedor nos centros educativos debido ós seguintes motivos:

- Baixas que se van producindo ó longo do curso.
- Traslados dos/as alumnos/as a outros centros educativos. O traslado de centro docente ó longo do curso dentro do municipio non supón para o/a beneficiario/a, a perda da axuda, sempre e cando no novo centro exista dispoñibilidade de praza e sexa comunicado ó Departamento de Benestar Social para a súa autorización. O traslado, de producirse, xurdirá efectos a partir do primeiro día do mes seguinte. Se o/a alumno/a se trasladase sen finalizar o mes a outro centro, será a familia a que se faga cargo do pagamento do comedor.
- Novas altas, que comunicará o Concello ós centros (recursos, modalidade excepcional, lista de agarda).

O Departamento de Benestar Social enviará a cada centro escolar a mes vencido, as listas actualizadas dos/as alumnos/as con axudas de comedor, unha vez recibidas as incidencias mensuais dos colexios e a comunicar as novas altas, se as houbera. Estas listaxes serán remitidas ó Concello unha vez asinadas polo pai, nai ou titor.

As direccións dos centros emitirán dúas certificacións ó longo do curso escolar nas que se fará constar a utilización do servizo de comedor por parte dos/as alumnos/as usuarios/as e a aplicación dos fondos recibidos ó pagamento dos servizos de comedor.

A primeira certificación xustificará os fondos das axudas de comedor do primeiro cuadrimestre do curso (setembro-décembro).

A segunda certificación emitirase á finalización do curso e fará referencia ó período xaneiro-xuño.

Para o caso de que durante o curso escolar 2021-2022 se producise unha situación semellante á padecida por causa da COVID-19 que imposibilitase o normal funcionamento dos comedores escolares, procederíase ó pagamento das axudas de comedor directamente ás familias en situación de vulnerabilidade e con cargo á mesma aplicación orzamentaria nº 2310.481.00.00 (“*Becas, libros, comedor*”).

DÉCIMO CUARTA.- Reclamacións.

Contra estas Bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o mesmo órgano que as ditou no prazo dun (1) mes ou, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous (2) meses. Os prazos contaránse a partir do día seguinte ó das respectivas publicacións oficiais.

DÉCIMO QUINTA.- Obrigas dos/as beneficiarios/as.

Serán obrigas dos/as beneficiarios/as das axudas as previstas nestas Bases e na restante normativa de aplicación e, entre elas, as seguintes:

- O/a alumno/a que teña concedida a axuda de comedor (41€/mes, agás os meses de decembro e abril) , ten a obriga de gastar o importe total mensual da axuda dentro do mes.
- Comunicar ó Departamento de Benestar Social ou ó centro educativo a baixa.
- O cumprimento das normas establecidas no regulamento interno do centro educativo para o servizo de comedor ó que pertence o/a alumno/a. En caso de incumprimento, o Consello escolar do centro poderá adoptar as medidas que considere oportunas.
- O pai, nai ou titor están obrigados a asinar as listas da axuda de comedor no centro escolar no que estea matriculado o/a alumno/a.
- O pagamento, por parte do pai, nai ou titor, da diferenza, de existir, entre o prezo real do comedor e a axuda a percibir

DÉCIMO SEXTA.- Revogación e réxime sancionador.

No caso das axudas de libros e material escolar, revogarase a axuda concedida cando esta non fose destinada ó fin para a que foi concedida.

De ser o caso, serán tamén de aplicación todas as demais causas de reintegro que contén o Título II da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

DÉCIMO SÉTIMA.- Norma final.

En todo aquilo non previsto nas presentes Bases, serán de aplicación as normas básicas da Lei xeral de subvencións e da Lei de subvencións de Galicia sobre causas de invalidez (Arts. 36 LXS e 32 LSG), causas e réxime de reintegro da subvencións (Arts. 37 LXS e 33 LSG), réxime de infraccións e sancións en materia de subvencións e, en xeral, con carácter pleno ou supletorio, no non previsto, a Lei xeral de subvencións e o seu regulamento de desenvolvemento, a lexislación básica do Estado de réxime local, a Lei 9/2007, de subvencións de Galicia; as Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.



Concello de Vigo

AXUDAS MUNICIPAIS DE LIBROS, MATERIAL ESCOLAR E COMEDOR PARA ALUMNOS/AS DE CENTROS DOCENTES PÚBLICOS E PRIVADOS CONCERTADOS DE EDUCACIÓN INFANTIL (2ª ETAPA), EDUCACIÓN PRIMARIA E SECUNDARIA, DO CONCELLO DE VIGO – CURSO 2021/2022. CONCELLO DE VIGO – CONCELLERÍA DE POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL.

CONVOCATORIA

Bases reguladoras.

As Bases reguladoras das AXUDAS MUNICIPAIS DE LIBROS, MATERIAL ESCOLAR E COMEDOR PARA ALUMNOS/AS DE CENTROS DOCENTES PÚBLICOS E PRIVADOS CONCERTADOS DE EDUCACIÓN INFANTIL (2ª ETAPA), EDUCACIÓN PRIMARIA E SECUNDARIA, DO CONCELLO DE VIGO – CURSO 2021/2022 foron aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo na súa sesión do e publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra n.º do

Crédito orzamentario.

O importe total das axudas para conceder non excederá do límite de 1.280.000,00€ e financiarase con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.481.00.00 “*Bolsas libros e comedor*”. Tendo en conta o crédito do que se dispoña no momento da convocatoria, concederanse as axudas ata que se esgote o orzamento. Poderase incrementar o crédito inicial cos eventuais importes sobrantes do programa de axudas do exercicio anterior, sen necesidade dunha nova convocatoria (Art. 58 RXS). A contía máxima a incrementar será de 185.000 €.

Obxecto e destinatarios.

As bases aprobadas teñen por obxecto regular o procedemento para a concesión de axudas ás familias dos/as alumnos/as de centros docentes públicos e privados concertados de educación infantil (segunda etapa), educación primaria e secundaria obrigatoria, con domicilio en Vigo, para o curso 2021/2022.

Réxime de concesión.

A concesión destas axudas realizarase en réxime de concorrencia, de acordo cos principios de publicidade e obxectividade e conforme cos criterios e o procedemento establecidos nas Bases, ata esgotar o crédito dispoñible.

Requisitos.

Serán requisitos necesarios para ser beneficiario/a das axudas os seguintes:

- Que a unidade familiar de convivencia estea empadroada no Concello de Vigo (a comprobación realizarase polo propio Departamento de Benestar Social).
- Convivir cos/cas alumnos/as para os que se solicitan as axudas.
- Con respecto á axuda de comedor, débese contar con praza no centro, de non ser así, aínda tendo concedida a axuda, non se fará efectiva.

- Que os/as alumnos/as para os/as que se solicitan as axudas estean matriculados/as ou teñan reserva de matrícula en centros públicos ou con concerto, en segunda etapa de Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria.
- Ter presentada a solicitude e o resto da documentación necesaria durante os prazos estipulados.
- Que os centros educativos para os que se solicita a axuda estean situados no termo municipal de Vigo.
- Que a capacidade económica da unidade familiar de convivencia non exceda do 75% do IPREM, que equivale ó 100% do subsidio básico da RISGA, equivalente a 4.840,56 € anuais. No caso de non existir datos dos ingresos da unidade familiar, computarase como mínimo familiar o equivalente ó subsidio básico da RISGA (4.840,56 €/anuais).

CAPACIDADE ECONÓMICA DA UNIDADE FAMILIAR DE CONVIVENCIA

UNIDADE FAMILIAR	IMPORTE MÁXIMO MENSUAL	IMPORTE MÁXIMO ANUAL
2	806,76€	9.681,12€
3	1.210,14€	14.521,68€
4	1.613,52€	19.362,24€
5	2.016,90€	24.202,80€
6	2.420,28€	29.043,36€
7	2.823,66€	33.883,92€
8	3.227,04€	38.724,48€
9	3.630,42€	43.565,04€
10	4.033,80€	48.405,60€

Instrución e resolución: órganos competentes.

O órgano competente para a instrución do procedemento será o Departamento de Benestar Social. O órgano instructor incorporará un informe no que se acredite que, da documentación que ten no seu poder, despréndese que todos/as os/as beneficiarios/as cumpren os requisitos estipulados. A proposta de resolución para a concesión das axudas corresponderá ó órgano instructor previa avaliación da Comisión de Valoración. A Xunta de Goberno Local acordará conceder ou desestimar e crear a lista de espera das axudas con cargo á aplicación e polo importe máximo sinalado nas Bases.

Presentación de solicitudes e prazo.

Os/as solicitantes das axudas presentarán as súas solicitudes a través do Rexistro xeral municipal ou por calquera dos medios previstos no Art. 16.4 do a Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. O prazo de presentación de solicitudes será de vinte (20) días hábiles, contado desde o seguinte ó da publicación oficial da convocatoria.



Concello de Vigo

Prazo de resolución e notificación.

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder de seis (6) meses, contado desde a finalización do prazo de presentación de solicitudes. O vencemento do prazo máximo sen notificarse a resolución lexítima ós/ás interesados/as para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da axuda.

Solicitude e documentación.

As solicitudes das axudas municipais para libros, material escolar e comedor, acompañadas da documentación esixida, presentaranse no modelo oficial que figura como Anexo I. Estarán debidamente cubertas e asinadas pola persoa solicitante (maior de idade ou emancipada) e o resto dos membros maiores de idade que formen a unidade de convivencia. Xunto coa solicitude achegarase a documentación establecida nas Bases.

Recursos.

Contra as Bases e as resolucións administrativas que se adopten en execución das mesmas poderanse interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o mesmo órgano que as ditou no prazo dun mes ou directamente recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses. Os prazos contaránse a partir do día seguinte ó das respectivas publicacións oficiais.

Criterios de valoración e distribución das axudas.

Con carácter xeral, as solicitudes valoraranse tendo en conta a renda *per cápita* dos ingresos dos compoñentes da unidade familiar de convivencia. No caso de acreditar unha deterioración significativa da capacidade económica da unidade familiar, a renda *per cápita* considerada será a correspondente ó primeiro trimestre do ano 2021.

Para os efectos do cálculo da renda *per cápita*, computarán por dúas os membros da unidade familiar que, figurando na solicitude, teñan unha discapacidade igual ou superior ó 33%.

Para os efectos do cálculo da renda *per cápita*, computarán por dúas cando o/a solicitante fose vítima de violencia de xénero.

Computarán tamén por dous os membros da unidade familiar que, figurando na solicitude, se atopen en situación de acollemento.

A lista de concesión farase por orde inversa ó da contía da renda *per cápita* da unidade familiar, de menor a maior contía. No caso de igualdade de ingresos, concederanse por maior número de membros da unidade familiar.

O importe destas axudas non poderá superar a cantidade anualmente presupostada para esta finalidade, repartíndose a contía mencionada entre as persoas beneficiarias.

- 1.- Contía para libros e material escolar: 100,00€/ alumno/a.
- 2.- A axuda municipal de comedor, por mes e alumno/a, será como máximo de 41,00€, agás nos meses de decembro e abril, que se pagarán 29€ por ter menos días lectivos. A diferenza, de

existir, entre o prezo da praza de comedor e a axuda municipal deberá ser pagada polo pai, nai ou titor.

Publicidade.

As axudas que se concedan a través deste programa unha vez resoltas, publicaranse na páxina web do Concello, no taboleiro de Anuncios e Editos e nos Centros de Servizos Sociais Municipais, con expresión do DNI/NIE/pasaporte do solicitante (ordenado numericamente)/expediente/colexio/finalidade da axuda (libros, material escolar ou comedor ou ambas) e a resolución recaída (concedida-denegada ou lista de agarda). Ademais, o Concello deberá facilitar a información procedente á AEAT (Modelo 190).

4(268).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE TAREFAS AUXILIARES DE SUPERVISIÓN DO FUNCIONAMENTO DA VENDA AMBULANTE NOS MERCADILLOS E OUTROS EVENTOS NO TERMO MUNICIPAL DE VIGO. EXPTE. 7516/106.

Visto o informe de fiscalización do 09/04/2021, daése conta do informe-proposta da Mesa de Contratación de data 08/04/2021, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

c) Procedemento aberto para a contratación do servizo de tarefas auxiliares de supervisión do funcionamento da venda ambulante nos mercadillos e outros eventos no termo municipal de Vigo (7.516-106)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de tarefas auxiliares de supervisión do funcionamento da venda ambulante nos mercadillos e outros eventos no termo municipal de Vigo (7.516-106)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 28 de xaneiro de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

“PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto do servizo de tarefas auxiliares de supervisión do funcionamento da venda ambulante nos mercadillos e outros eventos no termo municipal de Vigo, segundo as condicións aprobadas no referido



Concello de Vigo

prego de prescricións técnicas particulares de data 01/12/2020, así como aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por este procedemento asinado en data 07/12/2020.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto de 69.998 euros (cun IVE incluído 21% de 12.148,41 euros); dos cales 29.240,50 euros corresponden á anualidade 2021 con cargo á partida orzamentaria 4313 2279900 (CONTROL DOS MERCADOS DE COIA, BOUZAS E OUTROS), e 34.999 euros á anualidade 2022 e 5.758,50 euros á anualidade 2023.

TERCEIRO.- Dispoñer a apertura do procedemento de licitación polo procedemento aberto e trámite ordinario conforme ao previsto na LCSP”.

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 25 de marzo de 2021 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de tarefas auxiliares de supervisión do funcionamento da venda ambulante nos mercadillos e outros eventos no termo municipal de Vigo (7.516-106) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitador	Puntuación total
1	EVENTOS ESPECTACULARES DEL NOROESTE, S.L.	70
2	MENKEEPER NORTE, S.L.	58

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, EVENTOS ESPECTACULARES DEL NOROESTE, S.L. (B-27.858.398), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, EVENTOS ESPECTACULARES DEL NOROESTE, S.L., o día 26 de marzo de 2021, que presenta a documentación requirida o 29 de marzo e o 7 de abril, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 8 de abril de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación.

O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar EVENTOS ESPECTACULARES DEL NOROESTE, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por EVENTOS ESPECTACULARES DEL NOROESTE, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 9 e 22 de marzo de 2021, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a EVENTOS ESPECTACULARES DEL NOROESTE, S.L. (B-27.858.398) o procedemento aberto para a contratación do servizo de tarefas auxiliares de supervisión do funcionamento da venda ambulante nos mercadillos e outros eventos no termo municipal de Vigo (7.516-106) coas seguintes condicións:

- a) *O prezo total do contrato é de 69.998 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 12.148,41 euros, e cunha porcentaxe de desconto único de aplicación aos prezos unitarios fixados no apartado 3G) das Follas de Especificación do Contrato (FEC) do prego de cláusulas administrativas particulares do 10%.*
- b) *Comprométese a por a disposición do servizo 50 horas anuais laborais diúrnas sen custo para o Concello.*
- c) *Comprométese a por a disposición do servizo 50 horas anuais festivas diúrnas sen custo para o Concello.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.



Concello de Vigo

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(269).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE "HUMANIZACIÓN DAS RÚAS JULIA MINGUILLÓN E VISTA ALEGRE". EXPTE. 684/441.

Visto o informe de fiscalización do 08/04/2021, dáse conta do informe-proposta da Mesa de Contratación da mesma data, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización das rúas Julia Minguillón e Vista Alegre" (684-441)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización das rúas Julia Minguillón e Vista Alegre" (684-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 3 de decembro de 2020 a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de "HUMANIZACIÓN DAS RÚAS JULIA MINGUILLÓN E VISTA ALEGRE" redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos María Ferreiro Núñez, cun orzamento base de licitación máis IVE de 1.070.668,74 €.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnico de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación con data 26.11.2020.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de UN MILLÓN SETENTA MIL SEISCENTOS SESENTA E OITO EU-

ROS con SETENTA E CATRO CÉNTIMOS (1.070.668,74 €) sendo o importe correspondente ao IVE de 185.818,54€.

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo na aplicación orzamentaria 1532.619.00.88 "Human. Julián Minguillón e Vista Alegre", provinte da modificación orzamentaria nº 63/2020, crédito extraordinario (expediente 680/441), segundo a distribución de anualidades proposta:

2020	1.070.668,74 €
------	----------------

As diferentes anualidades imputaranse aos exercicios orzamentarios detallados, quedando o gasto subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento, segundo o disposto no artigo 117.2 LCSP, sometendo a adxudicación á condición suspensiva da efectiva consolidación dos recursos que han de financiar o contrato correspondente (D.A.3º.2 da LCSP).

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente".

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 11 de marzo de 2021 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Excluir deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas

1. UTE OBRAS, REFORMAS E SANEAMENTOS, S.L. - ASISTENCIA Y SOLUCIONES DE ARQUITECTURA E INGENIERÍA. S.L.: porque a xustificación presentada non cumpre cos requisitos para considerala xustificada consonte o informe emitido o 3 de marzo de 2021 polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos – xefe do Servizo de Vías e Obras e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento.
2. XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.: por non ter presentado xustificación dentro do prazo concedido.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización das rúas Julia Minguillón e Vista Alegre" (684-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación total
1	UTE ORECO, S.A.U. - ELECTRICIDAD EYP, S.L.	91,69
2	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	91,36
3	CIVIS GLOBAL, S.L.U.	90,46
4	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	87,41
5	PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.	82,43



Concello de Vigo

	Licitadores	Puntuación total
6	CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L.	80,41

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE ORECO, S.A.U. - ELECTRICIDAD EYP, S.L. (A-36.614.691 e B-36.682.201, respectivamente), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE ORECO, S.A.U. - ELECTRICIDAD EYP, S.L., o día 12 de marzo de 2021, que presenta a documentación requirida o 26 e 29 de marzo, dentro do prazo concedido. Con data do 5 de abril o licitador presentou o poder de representación esixido na cláusula 8.3 do PCAP. Aínda que esta última documentación foi presentada fóra de prazo é documentación susceptible de emenda (entre outras, resolucións 747/2018, 749/2018, e 752/2018 do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales).

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 30 de marzo de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar UTE ORECO, S.A.U. - ELECTRICIDAD EYP, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada pola UTE ORECO, S.A.U. - ELECTRICIDAD EYP, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 15 de febreiro e 3 de marzo de 2021, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. “Tomar razón das exclusións adoptadas pola concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 11 de marzo de 2021, dos seguintes licitadores por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas:
 - a) UTE OBRAS, REFORMAS E SANEAMENTOS, S.L. - ASISTENCIA Y SOLUCIONES DE ARQUITECTURA E INGENIERÍA. S.L.: porque a xustificación presentada non cumpre cos requisitos para considerala xustificada consonte o informe emitido o 3 de marzo de 2021 polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos – xefe do Servizo de Vías e Obras e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento.
 - b) XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.: por non ter presentado xustificación dentro do prazo concedido.
2. Adxudicar á UTE ORECO, S.A.U. - ELECTRICIDAD EYP, S.L. (U-05.271.010) o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización das rúas Julia Minguillón e Vista Alegre" (684-441) por un prezo total de 922.059,92 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 160.026,93 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(270).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE “MELLORAS DO FIRME EN DISTINTOS VIAIS NO CONCELLO DE VIGO: LOTE 1 VIGO NORTE, LOTE 2 VIGO LESTE, E LOTE 3 VIGO SUR”. EXPTE. 667/441.

Visto o informe de fiscalización do 08/04/2021, dáse conta do informe-proposta da Mesa de Contratación da mesma data, que di o seguinte:



Concello de Vigo

11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de “Melloras do firme en distintos viais no Concello de Vigo: lote 1 Vigo Norte, lote 2 Vigo Leste, e lote 3 Vigo Sur” (667-441)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de “Melloras do firme en distintos viais no Concello de Vigo: lote 1 Vigo Norte, lote 2 Vigo Leste, e lote 3 Vigo Sur” (667-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 3 de decembro de 2020 a Xunta de Goberno local, acordou:

“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras de “MELLORAS DO FIRME EN DISTINTOS VIAIS NO CONCELLO DE VIGO: LOTE 1 VIGO NORTE, LOTE 2 VIGO LESTE, e LOTE 3 VIGO SUR”, redactados polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Antonio J. Durán Maciñeira cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN TRESCENTOS MIL EUROS (1.300.000,00 €).

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral e a Xefa do Servizo de Contratación de data 26/11/2020.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de UN MILLÓN TRESCENTOS MIL EUROS (1.300.000,00 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 225.619,84 €, e sendo o reparto por lotes o seguinte:

- *Lote 1 Vigo Norte: CATROCIENTOS QUINCE MIL DOUSCENTOS TRES EUROS E CORENTA E SETE CÉNTIMOS (415.203,47 €), cun IVE de 72.060,11 €.*
- *Lote 2 Vigo Leste: CATROCIENTOS CORENTA E TRES MIL NOVENTA E UN EUROS E SEIS CÉNTIMOS (443.091,06 €), cun IVE de 76.900,10 €.*
- *Lote 3 Vigo Sur: CATROCIENTOS CORENTA E UN MIL SETECENTOS CINCO EUROS E CORENTA E SETE CÉNTIMOS (441.705,47 €), cun IVE de 76.659,63 €.*

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1532.210.00.05 (PROGRAMA DE ASFALTADO, COFINACIAMENTO DEPUTACIÓN), segundo a distribución de anualidades proposta.

2020	1.300.000,00 €
TOTAL	1.300.000,00 €

Cuarto.- *Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.*

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 25 de marzo de 2021 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de “Melloras do firme en distintos viais no Concello de Vigo: lote 1 Vigo Norte, lote 2 Vigo Leste, e lote 3 Vigo Sur” (667-441) na seguinte orde descendente:

- Lote nº 1: VIGO NORTE

Orde	Licitadores	Puntuación total
1º	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.	96,03
2º	NAROM, S.L.	93,62
3º	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.	92,22
4º	MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, SOCIEDAD LIMITADA	90,34

- Lote nº 2: VIGO LESTE

Orde	Licitadores	Puntuación total
1º	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.	96,39
2º	NAROM, S.L.	94,86
3º	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.	91,05
4º	MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, SOCIEDAD LIMITADA	90,36

- Lote nº 3: VIGO SUR

Orde	Licitadores	Puntuación total
1º	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.	96,03
2º	NAROM, S.L.	93,87
3º	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.	91,05
4º	MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, SOCIEDAD LIMITADA	90,06
5º	NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A.	80,44



Concello de Vigo

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar nos tres lotes, CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (A-36.008.886), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A., o día 26 de marzo de 2021, que presenta a documentación requirida o 30 de marzo, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 8 de abril de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 10 e 11 de marzo, e 22 de marzo de 2021, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (A-36.008.886) os 3 lotes deste procedemento aberto para a contratación das obras de “Melloras do firme en distintos viais no Concello de Vigo: lote 1 Vigo Norte, lote 2 Vigo Leste, e lote 3 Vigo Sur” (667-441) polos seguintes importes:

Lote	Prezo total	Cota IVE
Lote 1 Vigo Norte	328.550,50 €	57.021,16 €
Lote 2 Vigo Leste	348.136,65 €	60.420,41 €
Lote 3 Vigo Sur	343.470,19 €	59.610,53 €

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(271).- INFORME AO RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN INTERPOSTO CONTRA ACORDO DE EXCLUSIÓN DO CONCURSO DE PROXECTOS, CON INTERVENCIÓN DE XURADO, PARA A CONEXIÓN PEONIL ENTRE AS RÚAS SERAFÍN AVENDAÑO E VÍA NORTE NO CONCELLO DE VIGO E DE ADXUDICACIÓN DO MESMO. EXPTE. 677/441.

Visto o informe de fiscalización do 08/04/2021, dáse conta do informe-proposta de data 12/04/2021, asinado pola xefa do Servizo de Contratación, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Directiva 2014/24/UE del Parlamento Europeo y del Consejo, de 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública.
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.



Concello de Vigo

- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais (RD 814/2015).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto-Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRJSP).
- Código Civil, aprobado por Real Decreto de 24 de xullo de 1889 (CC).
- Bases que rexerán o concurso de proxectos, con intervención de xurado, para a conexión peonil entre as rúas Serafín Avendaño e vía Norte no Concello de Vigo).

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 19 de novembro de 2020 a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo acordou aprobar o expediente de contratación do concurso de proxectos, con intervención de xurado, a nivel de anteproxecto, para a “Conexión Peonil mediante elemento de transporte vertical entre as rúas Serafín Avendaño e Vía Norte”, no Concello de Vigo, autorizar o gasto e abrir o procedemento de licitación.

Segundo.- O anuncio de licitación foi publicado o día 24 de novembro no Diario Oficial da Unión Europea e no perfil de contratante do Concello de Vigo, aloxado na Plataforma de contratación do Sector Público, abríndose o prazo de presentación de proposicións, que rematou o 25 de xaneiro de 2021.

Terceiro.- Finalizado o prazo de presentación de proposicións, reuniuse o xurado en data 1 de febreiro. En acto público procedeuse a apertura dos sobres B dos concursantes admitidos. Esta apertura anunciouse no Perfil de contratante, indicándose a posibilidade de asistir á mesma on line a través do programa Cisco Webex.

Cuarto.- D^a. Begoña Díaz-Urgorri Emparanza, na súa solicitude de asistencia ó acto público de apertura, indicou acudir en representación do lema baixo ó que se presentaba a súa empresa. Deste xeito, quedou revelado ó mesmo. Este documento foi anexado á xestión de expedientes como trámite 250.

Quinto.- En data 11 de febreiro de 2021 o xefe de Administración electrónica informa que “accederon, o arquivo anexo ó trámite 250 do expediente 677/441, varios funcionarios do servizo de Contratación e Fomento”.

Sexto.- Á vista dos informes da Secretaria e do xefe do servizo de Administración electrónica, na sesión do 11 de febreiro de 2021, o Xurado, acorda “formular proposta ó órgano de contratación de exclusión da proposición presentada baixo o lema “VIAXE VERTICAL VIGO”, por ter quebrado a obriga de anonimato das proposicións esixida no artigo 187.6 da LCSP e na base 12 das que rexen o presente concurso, co envío ó servizo de Contratación dun correo electrónico co

que achegaba unha solicitude de asistencia á sesión do xurado celebrada o día 1 de febreiro de 2021, na que indicou acudir en representación do lema baixo ó que se presentaba a súa empresa a este concurso”.

Sétimo.- En data 18 de febreiro de 2021, o xurado clasificou os anteproxectos na seguinte orde descendente:

1. HALO: 95 puntos
2. ADITUS7500: 88 puntos
3. MADERA POR LAS NUBES: 66 puntos
4. PASARELA A LA RIA: 56 puntos
5. PORTA DE VIGO: 48 puntos
6. ACHEGANDO VIGO: 44 puntos

Correspondéndolle os premios recollidos na base 15 ós tres primeiros clasificados e polo seu orde.

Oitavo.- En data 23 de febreiro de 2021 o xurado procedeu a apertura dos sobres A e a cualificación da documentación administrativa contida no mesmo, comprobando que todos os concursantes reúnen as condicións de aptitude esixidas na base 9. Dado que, con relación da obriga de estar ó corrente nas súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, os concursantes se limitan a declaralo, con excepción do primeiro clasificado que achega os relativos á Agencia Tributaria e a Seguridade Social, acordou solicitar a comprobación deste extremo ó servizo de Contratación.

Noveno.- En data 26 de febreiro o Xurado, unha vez comprobado o cumprimento das obrigas tributarias polos premiados, formula proposta de adxudicación ó órgano de contratación:

1. ARENAS E ASOCIADOS INGENIERÍA DE DISEÑO, S.L.P. (HALO)
2. FHECOR INGENIEROS CONSULTORES, S.A. (ADITUS7500)
3. UTE ABALO ALONSO ARQUITECTOS-MECANISMO INGENIEROS (MADERA POR LAS NUBES)

Décimo.- En data 5 de marzo de 2021 a XGL acordou:

“1º.- Excluir do concurso de proxectos, con intervención de xurado, a nivel de anteproxecto, para a “Conexión Peonil mediante elemento de transporte vertical entre as rúas Serafin Avendaño e Vía Norte” a proposición de BDU ARQUITECTURA presentada baixo o lema “VIAXE VERTICAL VIGO”, por ter quebrado a obriga de anonimato das proposicións esixida no artigo 187.6 da LCSP e na base 12 das que rexen o presente concurso, co envío ó servizo de Contratación dun correo electrónico co que achegaba unha solicitude de asistencia á sesión do xurado celebrada o día 1 de febreiro de 2021, na que indicou acudir en representación do lema baixo ó que se presentaba a súa empresa a este concurso.

2º.- Adxudicar os premios do concurso a:



Concello de Vigo

1. ARENAS E ASOCIADOS INGENIERÍA DE DISEÑO, S.L.P. (HALO)
2. FHECOR INGENIEROS CONSULTORES, S.A. (ADITUS7500)
3. UTE ABALO ALONSO ARQUITECTOS (60%) -MECANISMO INGENIEROS (40%) (MADERA POR LAS NUBES)

3º.- Notificar ó presente acordo ós concursantes e publicalo no perfil do contratante deste concello”.

Este acordo foi notificado ós licitadores o día 8 de marzo do mesmo ano e publicado no perfil do contratante do Concello de Vigo aloxado na Plataforma de contratación do sector público.

Undécimo.- En data 26 de marzo de 2021, D^a. Begoña Díaz-Urgorri Emparanza, en nome e representación de “MORPHOSIS ESPAÑA, S.L.P.”, interpón recurso especial en materia de contratación ante o Tribunal administrativo de contratación pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL), contra a acordo de exclusión e de adxudicación do procedemento. O recurso presentase no Rexistro Xeral do Concello de Vigo.

Duodécimo.- En data 31 de marzo de 2021, o Concello de Vigo remite o recurso e a documentación presentada polo recorrente ó Tribunal.

Décimo terceiro.- En data 31 de marzo de 2021 o servizo de Contratación solicita informe sobre o escrito de recurso ó servizo xestor e ó xurado.

Décimo cuarto.- En data 9 de abril de 2021 reuniuse o xurado e emitiu informe sobre as alegacións relativas á valoración das proposicións dos gañadores do concurso (motivos de impugnación 14º a 16º).

Décimo quinto.- En data 12 de abril de 2021 a área de Fomento emite informe sobre o presente recurso.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Obxecto deste recurso especial en materia de contratación

É obxecto da presente impugnación acordo da Xunta de Goberno Local de 5 de marzo de 2021 de exclusión do recorrente e de adxudicación do concurso de proxectos a ARENAS E ASOCIADOS INGENIERÍA DE DISEÑO, S.L.P. (HALO), FHECOR INGENIEROS CONSULTORES, S.A. (ADITUS7500) e UTE ABALO ALONSO ARQUITECTOS-MECANISMO INGENIEROS (MADERA POR LAS NUBES).

-II-

Legislación aplicable

É preciso comezar por determinar a legislación aplicable ao presente contrato. Os contratos se rexen en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola legislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda do Código Civil). En consecuencia, o presente contrato se rexe polas seguintes disposicións:

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais.

-III-

Competencia do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia para a resolución do recurso

A legislación de contratos (artigos 44 a 60 LCSP) regula un recurso especial en materia de contratación, que substitúe aos recursos administrativos ordinarios para a impugnación de determinados actos adoptados nos procedementos de adxudicación dos tipos de contratos enumerados no artigo 44.1 LCSP. Estes contratos son:

- Contratos de obras cuxo valor estimado sexa superior a tres millóns de euros, e de subministración e servizos que teñan un valor estimado superior a cen mil euros.
- Acordos marco e sistemas dinámicos de adquisición que teñan por obxecto a subscripción dalgún dos contratos tipificados na letra anterior, así como os contratos baseados en calquera deles.
- Concesións de obras ou de servizos cuxo valor estimado supere os tres millóns de euros.
- Contratos administrativos especiais cando, polas súas características, non sexa posible fixar o seu prezo de licitación ou, noutro caso, cando o seu valor estimado sexa superior ao establecido para os contratos de servizos.
- Contratos subvencionados e as encargas cando, polas súas características, non sexa posible fixar o seu importe ou, noutro caso, cando este, tendo en conta a súa duración total máis as prórrogas, sexa igual ou superior ao establecido para os contratos de servizos.

A interposición previa deste recurso é potestativa (artigo 44.7 LCSP), podendo os interesados interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo.



Concello de Vigo

No ámbito das Corporacións Locais, a competencia para resolver os recursos será establecida polas normas das Comunidades Autónomas cando éstas teñan atribuída competencia normativa e de execución en materia de réxime local e contratación (artigo 46.4 LCSP), como é o caso da Comunidade autónoma galega, á que pertence este Concello.

Creado o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia pola Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, por acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 8 de febreiro de 2018, procedeuse ó nomeamento dos seus membros. Este Tribunal, unha vez constituído, adoptou o acordo de establecer como data de comezo do exercicio das súas funcións, previstas no artigo 35 bis, o 2 de abril de 2018.

-IV-

Exame da concorrencia dos requisitos esixidos pola lei para a admisión do recurso

Os requisitos necesarios para a admisión do recurso se prevén nos artigos 44, 48, 50 e 51 da LCSP. Se ben a tarefa de analizar se concorren os mesmos no presente recurso lle corresponde ao Tribunal, é de interese para o órgano de contratación coñecer esta circunstancia, a efectos de formular alegacións sobre o fondo do mesmo no presente informe en caso de que concorran e, no caso contrario, de solicitar do Tribunal a inadmisión deste.

A) En canto aos **requisitos obxectivos**, son susceptibles deste recurso especial os seguintes actos dictados no curso dos procedementos de contratación citados no fundamento xurídico terceiro deste informe (artigo 44.2 LCSP):

- a) Os anuncios de licitación, os pregos e os documentos contractuais que establezan as condicións que deban rexer a contratación.
- b) Os actos de trámite adoptados no procedemento de adxudicación, sempre que estes decidan directa ou indirectamente sobre a adxudicación, determinen a imposibilidade de continuar o procedemento ou produzan indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos. En todo caso, considerarase que concorren as circunstancias anteriores nos actos da mesa ou do órgano de contratación polos cales se acorde a admisión ou inadmisión de candidatos ou licitadores, ou a admisión ou exclusión de ofertas, incluídas as ofertas que sexan excluídas por resultar anormalmente baixas como consecuencia da aplicación do artigo 149.
- c) Os acordos de adxudicación.
- d) As modificacións baseadas no incumprimento do establecido nos artigos 204 e 205 da presente lei, por entender que a modificación debeu ser obxecto dunha nova adxudicación.
- e) A formalización de encargos a medios propios nos casos en que estes non cumpran os requisitos legais.
- f) Os acordos de rescate de concesións.

Así, a impugnación tanto do acordo de exclusión do recorrente como o de adxudicación do concurso de proxectos son susceptibles de recurso especial en materia de contratación.

B) En relación cos **requisitos subxectivos**, a lei concede lexitimación activa para interpoñer este recurso (artigo 48 LCSP):

- As persoas físicas e xurídicas cuxos dereitos ou intereses lexítimos, individuais ou colectivos, se visen prexudicados ou poidan resultar afectados, de maneira directa ou indirecta, polas decisións obxecto do recurso.
- As organizacións sindicais cando das actuacións ou decisións impugnables se poida deducir fundamentamente que estas implican que no proceso de execución do contrato o empresario incumpre as obrigacións sociais ou laborais respecto dos traballadores que participen na realización da prestación. En todo caso, entenderase lexitimada a organización empresarial sectorial representativa dos intereses afectados.

É dicir, en materia de lexitimación activa non se recoñece unha acción pública, senon que é preciso que exista unha determinada relación coa cuestión debatida, unha lexitimación *ad causam*. Para precisar esta cuestión é preciso acudir á xurisprudencia e á doutrina elaborada polos Tribunais Central e Territoriais de recursos contractuais, segundo a cal as organizacións empresarias, como a recorrente, ostentan lexitimación activa para recurrir.

Neste caso é indubitable que o recorrente, na súa cualidade de concursante, posúe lexitimación activa. No entanto, é preciso realizar unha matización. Dado que neste recurso impúgnanse simultaneamente dous acordos, se o Tribunal desestimase o recurso contra a exclusión do recorrente, este carecería de lexitimación para a impugnación do acordo de adxudicación por canto os seus dereitos e intereses lexítimos non se verían afectados coa resolución do recurso.

C) Como **requisitos formais** a lei esixe que o recurso se presente por escrito (artigo 51 LCSP).

O **escrito de interposición do recurso** deberá especificar (artigo 51.1 LCSP):

- O acto do procedemento obxecto do recurso.
- Os medios de proba de que pretenda valerse o recorrente.
- As medidas cautelares cuxa adopción solicite.

Ao escrito de recurso deberá acompañarse a seguinte documentación:

- a) O documento que acredite a representación do comparecente, agás se figurase unido ás actuacións doutro recurso pendente perante o mesmo órgano, nese caso poderá solicitarse que se expida certificación para a súa unión ao procedemento.
- b) O documento ou documentos que acrediten a lexitimación do actor cando a ostente por habela transmitido outro por herdanza ou por calquera outro título.
- c) A copia ou traslado do acto expreso que se recorra, ou indicación do expediente en que se ditase ou do boletín oficial ou perfil de contratante no que se publicou.
- d) O documento ou documentos no que funde o seu dereito.
- e) Un enderezo de correo electrónico «habilitado» ó que enviar, de conformidade coa disposición adicional decimoquinta, as comunicacións e notificacións.

O **escrito de interposición do recurso** deberá presentarse nos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así mesmo, poderase presentar no rexistro do órgano de contratación ou no do órgano competente para resolver o recurso. Os escritos presentados en rexistros distintos destes dous últimos deberanse comunicar ao Tribunal de maneira inmediata e da forma máis rápida posible.



Concello de Vigo

Circunstancias todas que concorren no escrito de recurso presentado polo recorrente no Rexistro Xeral deste Concello.

D) Por último, respecto aos **requisitos temporais**, a lei fixa un prazo de interposición do recurso especial en materia de contratación de quince días hábiles. E a continuación establece as regras de cómputo do mesmo (artigo 50.1 e 2 LCSP):

Cando se interpoña contra a adxudicación do contrato, o cómputo iniciárase a partir do día seguinte a aquel en que esta se lles notificou, de conformidade co establecido na disposición adicional décimoquinta, aos candidatos ou licitadores que fosen admitidos no procedemento.

O recurso foi interposto no rexistro xeral do Concello en data 26 de marzo de 2021. Dado que o acordo de exclusión e adxudicación do concurso foi notificado ó recorrente o día 8 de marzo do mesmo ano, e publicado no perfil de contratante o mesmo día, o recurso foi presentado en prazo.

Podemos concluír, a xuízo da informante, e sen prexuízo do seu ulterior exame polo Tribunal, que procede solicitar deste a admisión do recurso con respecto a impugnación do acordo de exclusión. Con relación á impugnación do acordo de adxudicación esta estaría condicionada á estimación do recurso con relación a súa exclusión. Citaremos ó respecto a doutrina dos tribunais administrativos especiais en materia de contratación pública. Por todas, a Resolución nº 685/2019 do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales, que no seu fundamento de dereito cuarto di que:

“aunque se impugna la adjudicación, el motivo del recurso es la indebida exclusión de la oferta del recurrente. Asimismo, el acuerdo de exclusión, como se ha indicado en los antecedentes, ya fue objeto de recurso especial por el mismo recurrente, en concreto el recurso nº 482/2019, interpuesto el 22 de abril de 2019, antes del acuerdo de adjudicación, habiendo sido resuelto por este Tribunal en sentido estimatorio, lo que implica una pérdida sobrevenida de objeto del presente recurso. Esta circunstancia determina la inadmisión del presente recurso, y consiguiente archivo, al tratarse del mismo recurrente e interesados, del mismo procedimiento de licitación y lo que es más relevante, de idéntica causa de pedir. En el ámbito procesal civil, la pérdida del objeto procesal se configura como una causa de terminación del proceso en el art. 22.1 de la Ley de Enjuiciamiento Civil, según el cual: "Cuando, por circunstancias sobrevenidas a la demanda y a la reconvencción, dejare de haber interés legítimo en obtener la tutela judicial pretendida, porque se hayan satisfecho, fuera del proceso, las 5 pretensiones del actor y, en su caso, del demandado reconviniente o por cualquier otra causa, se pondrá de manifiesto esta circunstancia y, si hubiere acuerdo de las partes, se decretará por el Letrado de la Administración de Justicia la terminación del proceso, sin que proceda condena en costas". En el presente caso cabe recordar que, la exclusión de un licitador en un procedimiento de contratación cuyos actos sean susceptibles de este recurso especial en materia de contratación, admite dos vías posibles, bien impugnando de forma autónoma el propio acuerdo de exclusión o bien impugnando el acuerdo de adjudicación, pero ambas vías son con carácter general subsidiarias, de forma que impugnando el acuerdo de exclusión no cabe simultanear la misma pretensión impugnando el acuerdo de adjudicación. En este sentido cabe citar el Acuerdo 89/2015, de 9 de septiembre de 2015, del Tribunal Administrativo de Contratos Públicos de Aragón que con cita de otras Resoluciones de esta Tribunal Central, concluye: "En la práctica existen dos posibilidades de recurso; frente al acto de exclusión, como acto de trámite cualificado, y frente al acto de adjudicación. Pero ambas posibilidades,

con carácter general, no son acumulativas, sino de carácter subsidiario, a fin de impedir una «doble acción»». Añadía el citado Tribunal que: “Tal y como este Tribunal ha recordado en los Acuerdos 3 y 4 de 2015, de 9 de enero, dos son las opciones que, en abstracto, se le presentan al órgano de contratación en un supuesto como el que se analiza. Bien notificar a todos los licitadores de manera simultánea (tanto al adjudicatario, como al resto de licitadores, admitidos y excluidos) la adjudicación; bien notificar con carácter previo la exclusión a aquellos para los que la misma pone fin al procedimiento de contratación. Esta última es la recomendada reiteradamente por este Tribunal administrativo”.

-V-

Motivos de impugnación da resolución recorrida

O recorrente formula dezaseis motivos de impugnación. Tras expoñer os motivos primeiro e segundo, estrutura os restantes en dúas categorías:

- A) Motivos de impugnación do acordo de exclusión (motivos do 3º ó 10º).
- B) Motivos de impugnación do acordo de adxudicación dos premios do concurso (motivos do 11º ó 16º).

Respectarase esta estrutura expoñendo os motivos polo seu orde e ó fío dos mesmos manifestarase a postura desta administración.

1º.- “ANTECEDENTES DE LAS ACTUACIONES REALIZADAS POR “MORPHOSIS ESPAÑA, S.L.P” EN EL COMPLEJO “VIALIA ESTACIÓN DE VIGO”

Este primeiro motivo de impugnación non é tal, por canto a recorrente se limita a expoñer que MORPHOSIS leva traballando no complexo “Vialia estación de Vigo” dende o ano 2008 e relata o iter da súa intervención no mesmo como autores dos proxectos e directores de obras. Non procede, pois, alegar nada a este primeiro motivo de impugnación máis alá de confirmar a procedencia da desestimación deste recurso se o poñemos en relación cos motivos segundo e terceiro do recurso, pois co seu relato a recorrente ven confirmar a corrección da actuación municipal de velar pola libre concorrancia neste procedemento e o escrupuloso cumprimento do principio de anonimato.

2º.- “ACTUACIONES REALIZADAS POR “MORPHOSIS ESPAÑA, S.L.P.” EN RELACIÓN CON EL PROYECTO DE ASCENSOR”

A recorrente fai un relato cronolóxico de diversas reunións que manterían representantes de MORPHOSIS con representantes políticos deste Concello, das que axunta impresións de correos electrónicos. Inclúe tamén reseñas de noticias aparecidas en medios de comunicación con relación á posible realización pola recorrente dun proxecto de ascensor para comunicar a estación Vialia coa rúa García Barbón, mediante un convenio de colaboración entre o concello e a empresa encargada da construción da estación, CEETRUS.



Concello de Vigo

No entanto, conclúe a recorrente que esta idea *“de afrontar la obra del ascensor mediante otro convenio con la promotora, figura ya utilizada en anteriores ocasiones, comenzó a experimentar oposición interna de determinados Concejales y funcionarios del Ayuntamiento partidarios de que el diseño se encomendara a Arquitectos locales y de que fuera objeto de licitación abierta”*.

A única afirmación certa das verquidas pola recorrente é que, efectivamente, os técnicos municipais avogan por promover a concorrência en todos os procedementos de contratación, en cumprimento dos principios que rexen a contratación pública. Non esquezamos que o artigo 1 da LCSP sinala entre os obxectivos da mesma, garantir que a contratación do sector público se axuste ós principios de liberdade de acceso ás licitacións, publicidade e transparencia dos procedementos, e non discriminación e igualdade de trato entre os licitadores. En concreto, o principio de concorrência pretende a consecución da maior participación posible na licitación dos contratos públicos. Con ilo se consegue, non so máis oportunidades de negocio para as empresas seno tamén unha mellor oferta para a Administración contratante, máis axustada ó mercado, o que favorece o interese público subxacente nos contratos ó lograr unha optimización na utilización dos fondos públicos.

Neste punto é preciso por de releve que a recorrente articula todo o seu recurso en insinuar unha especie de conspiración dos técnicos municipais para outorgar o procedemento a arquitectos locais. E pon de releve supostas irregularidades do procedemento que considera que a prexudican en beneficio da suposta empresa local adxudicataria, que analizaremos ó fío da exposición dos motivos de recurso. Compre dicir que o presente procedemento é un concurso de proxectos no que as proposicións dos concursantes son anónimas e preséntanse baixo un lema. A identidade dos gañadores non se coñece ata que están clasificadas as proposicións e polo tanto á hora de valorar as ofertas se descoñece a quen pertencen. Nestas circunstancias parece imposible que os técnicos municipais poidan apoiar ós arquitectos locais. Máxime cando a valoración das ofertas encomendase a un xurado que, tal e como esixe o artigo 187 da LCSP, está composto por persoas físicas independentes dos participantes no concurso de proxectos. De feito, da base 16.1 que o regula e determina a súa composición, pode inferirse que os técnicos municipais están en minoría no xurado, que está formado por representantes de outras administracións (Estado, Xunta de Galicia e Diputación de Pontevedra) e dos colexios profesionais relacionados co obxecto do procedemento. Di esta base que:

“O Xurado estará composto polos seguintes membros:

- *Presidente/a: a 4ª Tenente de Alcalde e Concelleira de Urbanismo*
- *Secretario/a: unha Técnica de Administración Xeral do servizo de Contratación do Concello de Vigo (con voz e sen voto)*
- *Vogais:*
 - *O 2º Tenente de Alcalde e Concelleiro de Fomento e Servizos*
 - *O Xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas/ Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos*
 - *Un arquitecto/a da Xerencia Municipal de Urbanismo (XMU)*
 - *Un Enxeñeiro/a Industrial da Área de Fomento*
 - *A Xefa de Arquitectura e Urbanismo da Deputación Provincial de Pontevedra/ Arquitecta*
 - *Un representante da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia con titulación de Enxeñeiro de Camiños Canais e Portos*

- *Un representante da Axencia Galega de Infraestruturas con titulación de Enxeñeiro de Camiños Canais e Portos*
- *Un arquitecto designado polo COAG de Vigo*
- *Un Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos designado pola Demarcación de Galicia do Colexio”.*

Os membros do xurado están suxeitos ó deber de segredo con relación ás informacións ás que teñan acceso no exercicio das súas funcións ata que se produza o fallo e as causas de abstención e recusación previstas nos artigos 23 e 24 da LRXAP. E non consta que ningún deles estea incurso nunha causa de abstención nin teñen sido recusados pola recorrente.

Sorprende o feito de que a recorrente presentouse o concurso e polo tanto aceptou as regras que o rexen. E unha vez que non resultou gañadora do mesmo cuestiona, tanto o procedemento elixido como a súa corrección e transparencia, intentando sementar dúbidas sobre a actuación desta Administración. Debemos recordar que a presentación dunha proposición supón a aceptación incondicional das bases que rexen o concurso, tal e como establece a lei e a base 22.1 das que rexen este concurso que determina que “A presentación de solicitudes e propostas ao concurso, supón a aceptación incondicionada das súas Bases, así como dos acordos e o fallo do Xurado”. E así o recoñece a xurisprudencia e a doutrina dos tribunais administrativos especiais en materia de contratación pública. Citaremos por todas elas a Resolución nº 304/2018 do Tribunal Administrativo de Contratación Pública de la Comunidad de Madrid, que aínda que se refire ós pregos a súa argumentación é trasleitable ás bases que rexen os concursos de proxectos:

“los Pliegos conforman la Ley del contrato y vinculan a los licitadores que concurren a la licitación aceptando su contenido y también a los órganos de contratación y vinculan en sus propios términos, (Vid. por todas STS de 29 de septiembre de 2009 o Sentencia del Tribunal Superior de Justicia de Madrid, 128/2011, de 14 de febrero (JUR 2011/170863), de manera que los licitadores han de estar y pasar por los mismos en todo su contenido. En este sentido, recogiendo lo dispuesto en el artículo 145.1 del TRLCSP, la presentación de proposiciones supone, por parte del empresario, la aceptación incondicional del clausulado de los pliegos sin salvedad o reserva alguna (...) los Pliegos constituyen la base del contrato y sus determinaciones las reglas conforme a las cuales debe ser cumplido al determinar el contenido de la relación contractual. Por lo que su contenido, no habiendo sido recurridos, vincula tanto a la Administración que los formula como a los licitadores, que al no impugnarlos, los aceptan incondicionalmente con la presentación de su oferta” (fundamento de derecho quinto) .

Como se deduce do exposto, todo o recurso está enfocado a privar de concorrencia a este procedemento. A recorrente, tras aceptar as bases do concurso ó presentar a súa proposición, e non resultando gañadora do mesmo, acusa a esta Administración e os seus técnicos de non terlle adxudicado, directamente e sen promover concorrencia, a elaboración do proxecto. E para ter unha nova oportunidade de gañar o mesmo pretende convencer ó Tribunal da falta de transparencia e a creba do principio de igualdade do procedemento aberto seguido.

Á área de Fomento, no informe emitido con relación a este recurso informa sobre este motivo de impugnación o seguinte:

“non existiu dende a Área de Fomento, unidade xestora da actuación, ningún “encargo” a Morphosis España, S.L.P. nin a arquitecto algún da redacción de anteproxecto ou proxecto básico referente á actuación do concurso.



Concello de Vigo

Os “encargos” das administracións públicas encauzanse a través dun conxunto ordenado de documentos e actuacións que sirven de antecedente e fundamento e que finalizan cunha resolución administrativo (artigo 70 lei 39/2015). É evidente que de existir algunha resolución ou encargo sería aportado na ampla documentación remitida polo recurrente o cal non consta por non existir.

No presente caso unha vez analizadas as circunstancias da actuación pola Área de Fomento tramitouse exclusivamente o expediente administrativo de referencia (677-441) no cal figura tanto o informe de xustificación da necesidade e idoneidade da actuación asinado polo Xefe do Servizo Administrativo e o Enxeñeiro de Caminos Canais e Portos da Área en data 08.10.2020 como a memoria xustificativa da mesma asinada polos mesmos en data 12.11.2020”.

A) MOTIVOS DE IMPUGNACIÓN DO ACORDO DE EXCLUSIÓN

3º.- “MORPHOSIS ESPAÑA, S.L.” CUMPLIÓ LA OBLIGACIÓN DE ANONIMATO AL PRESENTAR SU PROPOSICIÓN”

A recurrente, tras reproducir a base 12 das que rexen o concurso, alega que presentou correctamente a documentación cumprindo coas obrigas de anonimato. Efectivamente, aparentemente a recurrente presentou correctamente a documentación, razón pola que na primeira sesión do xurado admitiuse inicialmente a mesma. Ó que non foi correcto foi a revelación do lema no correo electrónico de solicitude de asistencia a esta sesión de apertura do sobre B, tal e como se mostra na seguinte imaxe do correo remitido e que motivou a exclusión.

ACTO PÚBLICO DE APERTURA DAS PROPOSICIÓN

O acto público de apertura dos sobres/paquetes dos concursantes do expediente 677-441 concurso de proxectos, con intervención de xurado, para a conexión peonil entre as rúas Serafín Avendaño e Vía Norte no concello de Vigo terá lugar a partir das 11:00 horas do día 1 de febreiro de 2021 en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings.

Aqueles/as interesados/as en asistir á sesión, deberán cumprimentar o escrito que se recolle a continuación, asinalo dixitalmente e envialo ao seguinte correo electrónico: contratacion@vigo.org.

As comunicacións deberán enviarse con antelación suficiente para a planificación da correspondente videoconferencia, fixándose como data límite o día previo ao que terá lugar a sesión.

COMUNICACIÓN DE ASISTENCIA Á SESIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN


D./Dª. Begoña Díaz-Urgorri Emparanza con DNI 05268995 V, en representación de VIAXE VERTICAL VIGO enterado/a da convocatoria da sesión virtual da Mesa de Contratación do Concello de Vigo que terá lugar o 01/02/2021, segundo anuncio publicado no perfil de contratante, comunico que teño intención de asistir ao acto público da referida sesión ao/s punto/s da orde do día relativo/s ao/ expediente/s 677-441

Para os efectos de que me inviten á sesión que terá lugar a través de videoconferencia, indico o seguinte correo electrónico: b.diaz-urgorri@bduarquitectura.com e teléfono 670 743953

(Sinatura electrónica)

No suposto de que a persoa que queira asistir á sesión non posúa sinatura

Como se pode apreciar nesta solicitude se identifica o nome da administradora solidaria de MORPHOSIS conxuntamente co citado lema e un correo corporativo dun estudio de arquitectura, BDU ARQUITECTURA, que na súa páxina web, na pestana de perfil, no apartado de estudio, indica que “*Participan en numerosos concursos de ideas, siendo ganadores entre otros de (...) la estación del Ave Vialia Vigo*”, como se pode apreciar no seguinte pantallazo obtido o día 12 de abril de 2021:



No momento no que se advertiu a identificación do lema, e se produciu a creba do anonimato coa presentación do citado escrito de solicitude de asistencia á sesión do xurado, era obrigado excluír a recorrente, en cumprimento da base 12.2 que determina que “**calquera actuación voluntaria ou involuntaria que puidese poñer en cuestión o anonimato durante esta fase do proceso será causa automática de exclusión do concurso**”. Razón pola que non se abriu o sobre A e non se avaliou o contido do sobre B. O feito de non advertir a creba do anonimato na primeira sesión non é óbice para a exclusión da recorrente. De feito a base 17 no seu apartado 5 dispón que: “**5.- En calquera das sesións de deliberación do Xurado, e previamente a calquera outra consideración, procederá a aprobar a admisión ou inadmisión das propostas presentadas, en función do cumprimento ou incumprimento dos requisitos esixidos nestas bases**”.

A cuestión, no presente caso, é que a diferenza das outras solicitudes de asistencia, esta revelou o lema amén doutros datos que crebaron o anonimato. E como se dirá mais adiante, xa que volveremos sobre esta cuestión ó fío das alegacións da recorrente, non era necesaria esta revelación que é causa de exclusión (RTACRC nº 1183/2018).



Concello de Vigo

4º.- “EL ÓRGANO DE CONTRATACIÓN NO HA CUMPLIDO LAS MEDIDAS PARA EVITAR CUALQUIER VULNERACIÓN DEL ANONIMATO”

Do exposto ata agora xa resulta evidente que a vulneración do anonimato foi realizada pola recorrente e non polo órgano de contratación.

Comeza o recorrente citando a base 17.3 relativa a obriga de custodia do Secretario do xurado dos sobres A, e a base 11.1, sobre as *comunicacións entre o Concello e os concursantes realizaranse a través do perfil de contratante, para garantir o anonimato dos mesmos, sen prexuízo da publicidade dos actos emitidos, cando legalmente proceda, e da práctica das notificacións esixidas pola Lei 9/2017 na forma prevista na súa disposición adicional 15ª.* Cita a continuación este precepto, que se refire a obriga de custodia da información e da confidencialidade das ofertas ata o momento da súa apertura, e o seu apartado 8.

Obrigas todas elas que se respectaron por esta Administración. Os sobres foron custodiados pola Secretaria ata o momento da correspondente apertura en acto público.

Continúa o recorrente relatando que *“El 28 de enero de 2021 se publicó en la plataforma de contratación del sector público la notificación del acto público de apertura de las proposiciones que “... tendrá lugar a partir de las 11:00 horas del día 1 de febrero de 2021 en sesión virtual a través del canal Cisco Webex Meeting. Aquellos/as interesados/as en asistir a la sesión, deberán cumplimentar el escrito que se recoge a continuación, firmarlo digitalmente y enviarlo al siguiente correo electrónico: contratacion@vigo.org (...) Y a continuación aparece el texto de la “COMUNICACIÓN DE ASISTENCIA A LA SESIÓN DE LA MESA DE CONTRATACIÓN” (sic) en el que aparecen con puntos los espacios reservados para indicar el nombre de la persona física asistente, su DNI y “en representación de”. Este sistema de comunicación con los concursantes vulnera la Base 11, la Disposición adicional Decimoquinta.5 y la Disposición adicional Decimosexta.1.d) de la Ley de Contratos del Sector Público, por los siguientes motivos:*

1º.- La Base 11 porque obliga a los concursantes que deseen asistir al acto público a realizar una comunicación para la que el órgano de contratación no había adoptado las medidas de garantía de confidencialidad, anonimato y reserva de acceso a la información, previstos en la Disposición adicional Decimoquinta y en la Disposición adicional Decimosexta.1.d) a la que remite la Disposición adicional Decimoquinta.8 de la Ley de Contratos del Sector Público, ya que le órgano de contratación no había previsto que el destinatario del correo electrónico contratacion@vigo.org impidiera el acceso a la información contenida en esa comunicación a los miembros del Jurado.

2º.- La comunicación de asistencia a un acto público debería exigir únicamente los datos de identidad de la persona física asistente, ya que no es preceptivo acreditar una representación legitimado para asistir. Al incluir en el formulario “en representación de” está haciendo creer que es necesario demostrar representación y legitimación para poder asistir a ese acto. Este requisito innecesario conllevó que la persona física representante de “MORPHOSIS ESPAÑA, S.L.P.” interpretara que en el apartado “en representación de” debía indicar el lema, ya que en esa fase las proposiciones seguían siendo identificadas por el lema y era la única forma de que la Administración verificara que la comunicación de asistencia la estaba cursando un concursante. En la comunicación publicada en la plataforma de contratación del sector público no se contiene ninguna instrucción para rellenar los apartados en blanco de la comunicación y no se contiene ninguna advertencia sobre la no utilización del lema en esa comunicación.

3º.- Aunque no se cite el lema, esta comunicación de asistencia, tal como ha sido diseñada, contiene información relevante sobre los concursantes que afecta al principio de anonimato, la propia identidad de la persona física asistente, la empresa a la que representa y el correo electrónico, en el que pueden constar datos del dominio de la empresa de arquitectura concursante. Por ello, resulta evidente que todas estas comunicaciones de asistencia debían ser almacena-

das y custodiadas impidiendo el acceso a las mismas de los miembros del Jurado. Así, por ejemplo, DON ALEXANDRE MOURIÑO FERNÁNDEZ indicó en su comunicación de asistencia que lo hacía en representación de "ARENAS E ASOCIADOS INGENIERÍA DE DISEÑO, S.L.P.", lo que confirmaba al Jurado que estaba participando como concursante una empresa de Arquitectura e Ingeniería local, que contaba con el apoyo de una corriente interna dentro del Ayuntamiento. Resulta llamativo que en el Acta de la sesión del Jurado de 1 de febrero de 2021 sea el único asistente con respecto al cual se indica la empresa de Arquitectura e Ingeniería local a la que pertenece. Y es importante destacar que ha sido la proposición ganadora. "MORPHOSIS ESPAÑA, S.L.P." confió en que esa mera comunicación de asistencia a un acto público que se celebraría mediante videoconferencia, sería tratada por el destinatario del Ayuntamiento con la obligada confidencialidad, a los solos fines de planificar la correspondiente videoconferencia y que el Ayuntamiento garantizaría el anonimato y que ningún miembro del Jurado tendría acceso a esa comunicación. La comunicación de asistencia fue recibida y tramitada sin ningún tipo de advertencia a "MORPHOSIS ESPAÑA, S.L.P." de que existiera ningún tipo de defecto en la misma, por lo que el órgano de contratación ha incumplido de manera flagrante la Base 11 y las Disposiciones adicionales Decimoquinta.5 y Decimosexta.1.d) de la Ley de Contratos del Sector Público, lo que constituye una irregularidad grave, una infracción del principio de igualdad de todos los concursantes, que debe suponer la anulación del concurso".

A base 17.2 dispón que "2.- O Xurado, no prazo máximo de dez días naturais a contar dende o seguinte ao de remate do prazo de presentación de proposicións, procederá en acto público á apertura dos sobres/paquetes dos concursantes". Dado que consonte a base 16.1 o servizo de Contratación ten encomendada a obriga de auxiliar ó xurado para a realización das tarefas administrativas, este servizo procedeu a publicar no perfil de contratante a data de celebración do acto público de apertura do sobre B e axuntouse ó anuncio, co obxectivo de facilitar ós interesados a formulación da solicitude, o impreso que se pon a disposición dos licitadores para a asistencia ás mesas de contratación.

Neste impreso non se solicita que se indique o lema como insinúa a recorrente, posto que este é o único dato que relaciona ó concursante co anteproxecto presentado. De feito o indicalo significa unha creba do anonimato e viola as obrigas dos concursantes de manter este ata a apertura do sobre B. Das tres solicitudes formuladas, nunha só se indica o nome da persoa física que va a asistir o acto e non se identifica a persoa xurídica a que representa, noutra se indican a persoa física e a xurídica e só a recorrente identifica o lema. O feito de identificar a persoa xurídica en cuxa representación se comparece non viola o anonimato. Incluso o feito de asistir a unha sesión do xurado non implica que a persoa que asiste sexa un concursante, posto que as sesións son públicas sen limitación ningunha. De feito, asistiron tamén medios de comunicación. En calquera caso, se o solicitante fose concursante os membros do xurado saberían a identidade dun dos concursantes pero non o poden identificar con ningunha das proposicións. Deste xeito non se creba o anonimato da proposición e se pode garantir a imparcialidade dos membros do xurado á hora de valorar a mesma. No entanto a recorrente indica o seu nome, o lema en cuxa representación actúa e un correo electrónico corporativo no que aparece o nome dunha empresa, BDU Arquitectura. Ó citar o seu nome e relacionalo co lema, crebou o anonimato, pois os membros do xurado coñeceron o dato de que un dos concursantes pertence á empresa autora do proxecto da estación e que exerce a dirección das obras, "MORPHOSIS ESPAÑA, S.L.P.", da que como dí ó longo do recurso a Sra. Díaz-Urgorri, é administradora solidaria. E como se ten dito non era necesario revelar este dato para identificarse para asistir a unha reunión do xurado. De feito os demais concursantes non o fixeron.

Precisamente unha das características esenciais do concurso é a obriga de preservar o anonimato dos concursantes para garantir a imparcialidade do xurado á hora de valoralo e deste xeito garantir o respecto do principio de igualdade dos concursantes. Esta obriga é imposta pola lexislación contractual e as bases reguladoras do concurso. Determina o artigo 187.6 da LCSP



Concello de Vigo

que *“Deberá respetarse el anonimato hasta que el jurado emita su dictamen o decisión”*. Nesta liña, a base 12 das que rexen o presente concurso, que regula a forma de presentación das proposicións, no seu apartado 2 in fine que *“calquera actuación voluntaria ou involuntaria que puidese poñer en cuestión o anonimato durante esta fase do proceso será causa automática de exclusión do concurso”*. E a base 16, que regula o xurado, establece entre as funcións atribuídas ó mesmo *“A proposta razoada de exclusión daqueles traballos non admitidos que se recollerá en acta e que poderá deberse ás seguintes causas(...) 7.-Quebrantamento do anonimato por revelación da autoría do mesmo calquera que sexa o medio empregado ou por difusión ou publicación da proposta antes do fallo”*.

A recorrente incumriu esta obriga, e este feito nada ten que ver co deber da secretaria de custodia da documentación do concurso, que foi cumprida escrupulosamente. Esquece ademais o feito de que a secretaria forma parte do xurado. É un membro do mesmo aínda que non teña voto. Polo tanto crebado o anonimato, aínda que so fose coñecido este feito pola secretaria, era obrigada a exclusión, tal e como recoñece a doutrina dos órganos consultivos e a xurisprudencia.

A consideración do anonimato como elemento esencial e característico dos concursos de proxectos conforme ao disposto no artigo 187 da LCSP (anterior artigo 188 TRLCSP) e que dito incumprimento determina a exclusión da proposición resulta de distintas resolucións dos Tribunais de Recursos Contractuais; entre outras, resolución do Tribunal Central de Recursos contractuais 23/2013 de 17 de xaneiro, resolución do Órgano Administrativo de Recursos Contractuais da Comunidade autónoma de Euskadi 181/2018 de 18 de decembro, acordo do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade de Madrid 219/2018 de 18 de xullo...

E resulta especificamente aplicable ao caso a Resolución nº 1183/2018 do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales, que nun asunto no que tanto a secretaria como a secretaria suplente do xurado coñecen a identidade dun dos concursantes, precisamente a través dun correo electrónico, como no presente caso dí que:

“Quinto. En cuanto al primero de los motivos de impugnación articulados, esto es, la denunciada quiebra del requisito de anonimato de las proposiciones al haberse conocido por alguno de los miembros del jurado datos relativos a la identidad del licitador que presentó su oferta bajo el lema PINE LIFE, partimos de un hecho que, a la vista del recurso y del informe del órgano de contratación, no resulta controvertido, y que se corrobora por el examen del expediente remitido a este Tribunal. Se trata de la remisión a las dos personas que, como titular y suplente, ostentaban la condición de secretaria del jurado de un correo electrónico comunicando la fecha de imposición en correos del envío de la oferta de PINE LIFE, correo en el que se refleja su remisión desde una dirección de correo electrónico perteneciente a una cuenta corporativa que expresaba la identidad de un conocido arquitecto. A partir de ello, estima el recurrente que se ha vulnerado el principio de anonimato de las proposiciones que consagra en la actualidad para el procedimiento de concurso de proyectos el art. 187 LCSP en sus apartados 4 y 6, cuyo tenor es el que sigue: “4. El jurado adoptará sus decisiones o dictámenes con total autonomía e independencia, sobre la base de proyectos que le serán presentados de forma anónima, y atendiendo únicamente a los criterios indicados en el anuncio de licitación del concurso. A estos efectos se entenderá por proyectos presentados de forma anónima aquellos en los que no solo no figure el nombre de su autor, sino que además no contengan datos o indicios de cualquier tipo

que permitan conocer indirectamente la identidad del autor o autores del mismo". "6. Deberá respetarse el anonimato hasta que el jurado emita su dictamen o decisión". Este principio, por lo demás, se refleja igualmente en las bases del concurso, tanto al regular la forma de presentación de proposiciones, como al establecer las funciones del Jurado y el desarrollo del procedimiento. (...) Teniendo presente lo anterior, cabe ya entrar a valorar la crítica del recurrente en este punto, comenzando por señalar que el texto del correo electrónico es suficientemente expresivo de que el mismo se remite desde una dirección correspondiente al estudio profesional del arquitecto D. Rafael de la Hoz, dado que la dirección desde la que aparece remitido es mferreras@rafaeldelahoz.com. Dicho correo aparece efectivamente reenviado, reflejando dicha dirección, a las direcciones de las dos personas que ostentaban la condición de secretaria titular y suplente del Jurado, conforme a la resolución de designación del mismo y resto de documentación del expediente, esto es, D^a Catalina María Reynes Llobera (Jefa de Servicio de Contratación Administrativa) y D^a Laura Montserrat Calbó (Jefa del Departamento de Contratación). De otra parte, y como pone de relieve el recurrente, de la documentación incluida en el sobre B se desprende que la proposición cuyo lema es PINE LIFE se formuló por parte de una UTE de la que forma parte la mercantil AVA ARQUITECTURA Y GESTIÓN, S.L., cuyo nombre comercial resulta ser, tal y como consta en su proposición evaluable mediante fórmulas, RAFAEL DE LA HOZ ARQUITECTOS. Nos encontramos por tanto con que se encuentra acreditado que, por parte de dos miembros del Jurado, la secretaria titular y la suplente, se ha tenido la ocasión de conocer, ya desde el primer momento de remisión de las ofertas, un dato revelador de la identidad de uno de los componentes de la unión de empresarios que formuló su oferta bajo el lema PINE LIFE. En este punto, no cabe atender a las manifestaciones del órgano de contratación tratando de separar las funciones de estas personas de las propias del Jurado, puesto que formal y prácticamente formaban parte integrante del mismo, a la vista de lo establecido en la base 12.1 (donde al recoger la composición del Jurado se alude a su secretario, con voz pero sin voto, indicando que tal condición corresponde al "Responsable Unidad Contratación de los Servicios Centrales del Servicio de Salud") así como del desarrollo de la licitación, donde se constituye el Jurado con la intervención en cada caso de quien ejerce las funciones de secretaría en el mismo, interviniendo como parte integrante de este órgano en las diferentes reuniones que se suceden. (...)

De otra parte, siendo cierto lo que aduce el informe de dicho órgano acerca de los deberes propios de los funcionarios públicos y de la ausencia de acreditación de que la información derivada de la dirección de envío del correo se hubiese comunicado al resto de miembros del Jurado, no lo es menos que el requisito del anonimato de las proposiciones se quiebra con la simple existencia de circunstancias que permitan, en abstracto, la posibilidad de que por alguno de los miembros del Jurado se conozca la identidad del licitador de que se trate. El objetivo de la Ley en este punto es asegurar la absoluta garantía de la independencia e imparcialidad del Jurado, incluyendo la apariencia de la misma, eliminando cualquier sospecha de que la decisión del mismo pudiera verse afectada por su eventual conocimiento de la identidad de los ofertantes. No es preciso acreditar que se haya conocido de manera efectiva tal identidad, sino que basta con que existan elementos de juicio que evidencien que existió la posibilidad de que se produjese tal conocimiento, al no salvaguardarse adecuadamente el anonimato de las ofertas. Esta interpretación resulta con evidencia de la disposición contenida en el párrafo segundo del apartado 4 del art. 187 LCSP, cuando indica que "se entenderá por proyectos presentados de forma anónima aquellos en los que no solo no figure el nombre de su autor, sino que además no contengan datos o indicios de cualquier tipo que permitan conocer indirectamente la identidad del autor o autores



Concello de Vigo

del mismo.” En este caso, como hemos razonado previamente, dicha garantía se ha visto vulnerada, puesto que no cabe negar que el tenor del correo remitido a las secretarías titular y suplente del Jurado resultaba de por sí revelador de la identidad de uno de los miembros del licitador en cuestión, sin que tampoco quepa aceptar las alegaciones relativas a que las bases no contenían una previsión expresa acerca de la forma de remisión por correo electrónico de la justificación del envío de las ofertas por correo, por cuanto como hemos apuntado previamente la exigencia de garantía del anonimato se establece con carácter general tanto en la Ley como en el pliego de bases, y, como bien apunta el recurrente en su escrito, bien pudo y debió remitirse el correo electrónico de forma que no se revelase dato alguno acerca de la identidad de su emisor. A ello cabe añadir, adicionalmente, que también se debió, vista la circunstancia acaecida, eliminar del texto el dato de la cuenta de remisión al trasladar el correo a las secretarías del jurado. Por último, debe puntualizarse que el hecho de que estas personas no ostentasen derecho de voto no afecta a las anteriores consideraciones, dada su indiscutible condición de miembros del jurado y partícipes en las reuniones del mismo. Hemos de concluir por tanto en que se ha vulnerado en el procedimiento la exigencia de anonimato de las proposiciones recogida tanto en las bases como en la LCSP”.

Por último, a recurrente sinala uns supostos incumprimentos do disposto na base 11, así como nas disposicións adicionais Decimoquinta.5 y Decimosexta.1.d) da LCSP. Isto non é certo.

A base 11 refírese ás comunicacións e notificacións. Con relación as comunicacións, que é o caso que nos ocupa, dispón que se realizarán a través do perfil de contratante, como se fixo. Pero é obvio que o concursante non podía solicitar a súa asistencia como público a través do mesmo, razón pola que se lle facilitou o correo do servizo de contratación a través de anuncio publicado no perfil do contratante. A base 16 establece que “*Co obxectivo de auxiliar ao Xurado nas correspondentes tarefas administrativas, os servizos de Contratación e Fomento poñerán a súa disposición os medios humanos e materiais necesarios para o adecuado desenvolvemento das ditas tarefas*”.

No relativo ó incumprimento da disposición adicional décimo quinta, que leva por rúbrica “*Normas relativas a los medios de comunicación utilizables en los procedimientos regulados en esta Ley*”. Esta, no seu apartado 5, establece a obriga dos órganos de contratación e dos seus servizos dependentes de garantir a integridade dos datos e a confidencialidade das ofertas e solicitudes de participación formuladas polos licitadores, e que o contido destas últimas non sexa coñecido ata que unha vez finalizado e seu prazo de presentación, se proceda a súa apertura no día fixado ó efecto. Pero esta norma refírese á documentación relativa ás ofertas que se remiten por medios electrónicos e están encriptadas, non a calquera comunicación das que se producen ó longo dun procedemento de adxudicación dun contrato, e menos cando se producen sen encriptar senón abertas a través dun correo corporativo non persoal senón común a un servizo. En consecuencia, non se produciu incumprimento deste precepto, que non resulta de aplicación a este caso, porque:

1º. Este precepto se refire ás ofertas ou solicitudes de participación en procedementos de licitación. Neste caso non se trata dunha oferta senón dunha solicitude de asistencia como público a unha sesión do xurado.

2º.- O precepto refírese a documentos encriptados.

Por último, a disposición adicional Décimo sexta leva por rúbrica “*Uso de medios electrónicos, informáticos y telemáticos en los procedimientos regulados en la Ley*”. O seu apartado primeiro establece as regras relativas o emprego destes medios, e o apartado “d” fixa a obriga de que os sistemas de intercambio e almacenamento de información garantan a integridade dos datos

transmitidos, e que solo ós órganos competentes, na data sinalada, poidan ter acceso ós mesmos. Acontece como no caso da disposición citada no parágrafo anterior, refírese á documentación relativa ás ofertas que se remiten por medios electrónicos e están encriptadas, non a calquera comunicación. Consecuentemente non hai incumprimento deste precepto que tampouco resulta de aplicación.

5º.- “EL JURADO ACORDÓ LA ADMISIÓN DE TODOS LOS CONCURSANTES, POR HABER CUMPLIDO TODOS LOS REQUISITOS DE PRESENTACIÓN DE LAS PROPOSICIONES DE ANONIMATO”

Reproduce aquí a recorrente un extracto da sesión do xurado do 1 de febreiro de 2021, na que se procedeu polo xurado, unha vez comprobado o cumprimento dos requisitos de presentación das proposicións, a admitir ós concursantes no procedemento e se procedeu a apertura do sobre B “Anteproxecto”.

Como xa se adiantou ó contestar a alegación terceira deste recurso, aparentemente o recorrente presentou correctamente a documentación, razón pola que na primeira sesión do xurado admitiuse inicialmente a mesma. Foi na solicitude de asistencia a sesión do xurado na que se produciu a creba do anonimato.

Polas características deste tipo de procedemento, inicialmente so é posible comprobar os seguintes datos:

- Se a documentación se aporta en dous sobres, e se estes se identifican no exterior unicamente co lema sen relacionar a persoa física ou xurídica que os presenta, de acordo coa base 12.
- Se as proposicións foron presentadas en prazo.
- No caso de proposicións presentadas por correo, deberá comprobarse ademais se o concursante anunciou ó Rexistro Xeral do Concello de Vigo a remisión da proposición mediante correo electrónico (ofi.rexistro@vigo.org) ou telegrama no mesmo día, tal e como esixe a base 13. E se este correo ou telegrama non desvela a identidade do concursante, senón so o lema.

Comprobados estes extremos se procede a admitir ós concursantes no procedemento. Ilo non obsta a que, unha vez aberto o sobre B e comprobado o seu contido, este non cumpra co esixido na base 12 e posteriormente, comprobado este extremo, sexa necesario excluílo da licitación. E o mesmo pode acontecer ó abrir o sobre A.

Que inicialmente, na primeira sesión se admita ós concursantes non implica que, e polas razóns expostas, ou por mor de calquera outro incumprimento das bases, o xurado os poida excluír posteriormente. De feito, a base 17 no seu apartado 5 dispón que: “5.- En calquera das sesións de deliberación do Xurado, e previamente a calquera outra consideración, procederase a aprobar a admisión ou inadmisión das propostas presentadas, en función do cumprimento ou incumprimento dos requisitos esixidos nestas bases”.

Se na sesión non se citou o feito de que no correo electrónico da solicitude de asistencia da Sra. Díaz-Urgorri indicaba o seu lema, foi porque nesta sesión o xurado ocupouse de examinar os sobres/paquetes e a comprobar o cumprimento dos datos citados relativos á presentación das proposicións. Foi ó redactar a acta da sesión, co fin de transcribir o nome dos asistentes como público á sesión, cando se consultaron as solicitudes, cando se reparou neste extremo. Unha vez detectado, convocouse ó xurado para poñer esta circunstancia no seu coñecemento. A sesión celebrouse o día 8 de febreiro de 2021, e na mesma, os membros do xurado, *“por unanimidade, solicitan informe xurídico á secretaria do Xurado, en cumprimento das súas funcións de*



Concello de Vigo

asesoramento, así como que recabe información do servizo de Administración electrónica para poder coñecer tanto que persoas accederon ó expediente 677-441 como as que accederon o escrito da concursante, anexo no trámite 250" (sic acta 08.02.21).

6º.- "PUBLICACIÓN DE ACTAS DE SESIONES DEL JURADO CON POSTERIORIDAD A LA PUBLICACIÓN DEL ACUERDO DE LA JUNTA DE GOBIERNO QUE RESOLVIÓ EL CONCURSO DE PROYECTOS. LAS CONVOCATORIAS DE ESTAS SESIONES DEL JURADO NO FUERON PUBLICADAS EN LA PLATAFORMA DE CONTRATACIÓN DEL SECTOR PÚBLICO"

Comeza a recorrente poñendo de releve dúas supostas irregularidades cometidas con relación ás sesións do xurado:

- A falta de publicación da convocatoria das sesións na plataforma de contratación do sector público.
- A publicación das actas das sesións na plataforma en datas posteriores a súa celebración.

As analizaremos por separado:

a) Falta de publicación da convocatoria das sesións na plataforma de contratación do sector público

A composición e réxime de funcionamento do xurado está regulado na base 16. Establece esta base que "3.- A súa actuación deberá axustarse ao contido das bases do concurso e supletoriamente ao establecido para os órganos colexiados na Lei 40/2015, de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público".

Con relación á convocatoria a base 16.3 determina que "será convocado polo seu Presidente para a súa constitución aos efectos de análise da documentación, admisión e exclusión dos traballos presentados", máis non fixa o modo de realizar esta convocatoria. Se acudimos á LRJSP, esta regula a convocatoria e as sesións no artigo 17. Con relación a convocatoria dispón o seu apartado 3 que:

"3. Los órganos colegiados podrán establecer el régimen propio de convocatorias, si éste no está previsto por sus normas de funcionamiento. Tal régimen podrá prever una segunda convocatoria y especificar para ésta el número de miembros necesarios para constituir válidamente el órgano.

Salvo que no resulte posible, las convocatorias serán remitidas a los miembros del órgano colegiado a través de medios electrónicos, haciendo constar en la misma el orden del día junto con la documentación necesaria para su deliberación cuando sea posible, las condiciones en las que se va a celebrar la sesión, el sistema de conexión y, en su caso, los lugares en que estén disponibles los medios técnicos necesarios para asistir y participar en la reunión".

E permite así mesmo a reunión do órgano sen a previa convocatoria se estivesen presentes todos os seus membros e así o acordaran (artigo 17.2 final).

Como se pode observar, as normas que regulan a convocatoria das sesións nada prevén da publicidade das mesmas no perfil de contratante. Recordemos ademais que as sesións do xurado non son públicas, salvo os actos de apertura dos sobres B e A, tal e como determina a base 17, nos seus apartados 1 e 11 respectivamente.

b) Publicación das actas das sesións na plataforma en datas posteriores a súa celebración

Con relación as actas das sesións a base 16.3.d establece que:

“De cada sesión que celebre o Xurado levantarse acta polo Secretario, que especificará necesariamente os asistentes, orde do día da reunión, as circunstancias do lugar e o tempo no que se celebrou, os puntos principais das deliberacións, así como o contido dos acordos adoptados achegándose, no seu caso, o voto particular que puidera formular o membro do Xurado cuxa opinión sexa discrepante coa maioría”.

As actas publicáronse no perfil de contratante o día 8 de marzo de 2021 xunto co acordo do órgano de contratación de exclusión do recorrente e de adxudicación dos premios do concurso. Máis na notificación deste acordo ós concursantes incorporáronse todas as actas para o seu coñecemento e ós efectos de que no seu caso puideran exercer as accións que considerasen oportunas.

É preciso facer relación a xurisprudencia e doutrina acerca do valor das actas. Por todas citaremos a Resolución nº 221/2018 do Tribunal Administrativo de Contratación Pública de la Comunidad de Madrid, que aínda que se refire ás actas das mesas de contratación, é extrapolable a súa doutrina ás das sesións do xurado nos concursos de proxectos, dado que por imperativo do artigo 187 da LCSP, este realizará as funcións da Mesa:

“Conviene destacar en este punto la naturaleza del Acta de una sesión de una Mesa de contratación, su valor y sobre todo el dies a quo para cómputo de plazos a efectos de posibles interposiciones de recursos. En la legislación propia de la contratación pública, solo encontramos una referencia al contenido de las actas de las sesiones de las Mesas de contratación, concretamente en el artículo 87.3 del Real Decreto 1098/2001, que aprueba el Reglamento General de la Ley de Contratos de las Administraciones Públicas. Dicho artículo establece que una vez concluido el acto de apertura de las proposiciones, se levantará acta que refleje fielmente lo sucedido y que será firmada por el Presidente y el Secretario de la Mesa de contratación y por los que hubiesen hecho presente sus declaraciones o reservas. Esta redacción dio origen a la consulta que la Confederación Nacional de la Construcción formuló a la Junta Consultiva de Contratación del Estado que al respecto emitió el Informe 54/2010, de 15 de diciembre de 2011. En dicho dictamen la Junta Consultiva después de afirmar que el contenido del acta será el de reflejar fielmente lo sucedido en el acto de la licitación y hacerlo constar así, señala que el contenido del acta deberá respetar lo dispuesto en el artículo 27.1 de la Ley 30/1992 de 26 de noviembre, de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y Procedimiento Administrativo Común, hoy art. 28 de la Ley 40/2015 de Régimen Jurídico del Sector Público y por lo tanto deberá especificar los asistentes, el orden del día de la reunión, las circunstancias del lugar y el tiempo en que se han celebrado, los puntos del orden del día así como los acuerdos adoptados. Respecto a los licitadores y en referencia al artículo 87.3, la Junta sostiene que en el acta solo pueden aparecer las manifestaciones u observaciones hechas por los miembros de la Mesa (enumerados en las distintas normas específicas de contratación pública), añadiendo que a solicitud de estos y previa autorización por el Presidente podrán hacerse constar las manifestaciones de los licitadores, pero sin su rúbrica en el documento. En parecidos términos se expresa la Sentencia del Tribunal Supremo de fecha 8 de febrero de 1999, en la que concluye que el acta es la expresión documental de la voluntad del órgano colegiado Y ese documento debe estar redactado y autorizado por el Secretario y visado por el Presidente del órgano. Sin que tenga que firmar ningún miembro de la



Concello de Vigo

mesa además de los indicados, pues en la medida en que no forman parte del órgano colegiado no sesionan, solo asisten. En consecuencia desde un punto de vista del régimen de funcionamiento de los órganos colegiados, los licitadores acuden, se presentan comparecen o se personan en la sesión de la mesa de contratación pues esta es pública y conocen de su celebración en virtud de la publicidad que se hace de la convocatoria de la misma pero no se integran en la sesión por que no forman parte del órgano que la celebra. En consecuencia los licitadores no firman el acta ni siquiera deben figurar en ella. El acta la firman quienes la suscriben y únicamente la pueden suscribir los miembros que integran el órgano que la hace suya porque recoge fielmente los acuerdos y propuestas en la forma que han sido adoptados. De lo anterior puede desprenderse en primer lugar que el Acuerdo de exclusión por parte de la Mesa de contratación constituye un acto administrativo, que respondería a la categoría de actos verbales, puesto que no se fundamenta por escrito, sino al contrario se documenta una vez adoptado, como se desprende con claridad de la circunstancia de que de acuerdo con lo establecido en el artículo 19 de la Ley 40/2015, de 1 de octubre, de Régimen Jurídico del Sector Público, cabe la posibilidad de certificar el contenido sobre los acuerdos adoptados con anterioridad a la aprobación de las actas en que se da cuenta de su contenido. Ello exige distinguir dos momentos, el de producción en sí del acto y el de su eficacia. Como decimos el acto se produce en el momento de la toma de decisión que en el caso de las Mesas de contratación que tengan por objeto la apertura de la documentación relativa a los criterios de adjudicación, tiene la peculiaridad de que se trata de actos que se producen en una sesión pública, a la que pueden asistir terceros no miembros de la Mesa, en concreto los licitadores. En cuanto al momento en que el acto despliega su eficacia, de acuerdo con lo establecido en el artículo 39 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre de procedimiento administrativo común de las Administraciones Públicas (LPACAP), los actos producen efectos desde el día en que se produzcan, salvo que su eficacia esté demorada al día de la publicación o notificación o a aprobación del órgano superior o así lo exija el contenido del acto.

(...) la tramitación de los procedimientos de licitación es electrónica, salvo excepciones muy restrictivas, tal y como establece la Disposición Adicional decimoquinta y sexta de la LCSP y su Preámbulo. Esta forma de tramitación alcanza también a la elaboración de actas de las sesiones de las Mesas de Contratación donde se trata cada contrato, de manera que a partir de la entrada en vigor de la LCSP, las actas se publicarán en el perfil de contratante, de acuerdo con lo establecido en su artículo 63, por lo que en la generalidad de los supuestos el día a quo para el inicio del cómputo de plazos de interposición de recursos contra los actos de la Mesa de contratación, coincidirá con dicha publicación, si bien es cierto que la notificación individual podría ser anterior, o darse la circunstancia de que el eventual recurrente compareciera al acto público y se diera por enterado de su exclusión”.

Continúa a recorrente neste motivo de impugnación transcribindo de novo o contido da acta do día 8 de febreiro ós efectos de por de releve que a actuación da informante, a sazón secretaria do xurado e xefa do servizo de Contratación, incorre nas seguintes irregularidades:

1. En relación co cumprimento da base 11 e das disposicións adicionais décimo quinta.5 e décimo sexta.1.d. da LCSP, no motivo de impugnación 4º se puxo de manifesto a inexistencia de tal incumprimento.
2. En relación á revisión das solicitudes de asistencia á celebración da sesión do xurado do 1 de outubro, xa se expuxo no motivo anterior que a actuación realizouse conforme o previsto na base 17.5.

3. En relación a que non conste a incidencia na acta da propia sesión, como non podía ser doutra maneira, non se fixo constar porque non se tratou nesta sesión. Xa transcribimos neste mesmo motivo o contido das actas previsto na base 16.3.d. Na acta reflectíse o que aconteceu na sesión, e non o que acontece unha vez rematada esta, aínda que sexa no momento de redactala.
4. Manifesta que esta acta non foi sometida a aprobación na seguinte sesión do xurado, como é preceptivo. No entanto, a seguinte sesión convocouse unicamente para dar conta da incidencia, que foi o único punto da orde do día. E a acta aprobouse na sesión inmediatamente posterior, celebrada o día 11 de febreiro. Considera tamén anómalo que a acta fose firmada pola presidenta e a secretaria nos días posteriores a súa aprobación. O certo é que as actas unha vez aprobadas polo xurado incorpóranse ó xestor de expedientes municipal nos seguintes días e se firman polos citados membros do xurado. Neste caso incorporáronse o día seguinte. Nin as bases nin a LRJSP fixan un prazo para a incorporación desta documentación ó expediente. En consecuencia, non se aprecia incumprimento ningún.

Continua relatando a recorrente que a acta do día 11 de febreiro incorpora o informe da secretaria sobre a creba do anonimato pola recorrente e o informe do xefe do servizo de Administración electrónica poñendo de manifesto os accesos ó expediente. Bota en falta que neste informe non se identifiquen os concretos funcionarios que accederon ó mesmo e que non se puxeran os medios para evitar este acceso. O acceso o expediente por parte dos funcionarios das áreas de fomento e contratación está previsto nas propias bases, en concreto na base 16.1 último parágrafo, para realizar as tarefas auxiliares. Non é un dato necesario, nin cambia as circunstancias, revelar a identidade dos funcionarios que consultan expedientes municipais no desenvolvemento do seu traballo.

Alega así mesmo a recorrente que nesta sesión acordouse formular proposta de exclusión ó órgano de contratación, pero que o acordo de exclusión non se produciu ata o día 5 de marzo, sen darlle trámite de audiencia previamente á interesada e sen notificarlle esta proposta. Se repasamos tanto a regulación do concurso na lei como nas bases que o rexen non se fixa a obriga do xurado nin de dar trámite de audiencia da proposta de exclusión nin a súa notificación. A base 16.2 recolle entre as funcións do xurado o propoñer ó órgano de contratación a exclusión das ofertas nas que concorran as circunstancias que citan entre as que se atopa a creba do anonimato por revelación da autoría do mesmo calquera que sexa o medio empregado. E a base 18 con relación a exclusión determina que:

“1.- O Xurado poderá propoñer ao órgano de contratación o rexeitamento de proposicións por falta de cumprimento dos requisitos esixidos para as mesmas.

2.- Acordada a exclusión de algún concursante polo órgano de contratación, o servizo de Contratación procederá a notificar esta circunstancia aos afectados”.

Como se pode apreciar non prevé un trámite de audiencia previo ó acordo e so fixa a obriga de notificar o acordo.

Finaliza con relación a acta que nos ocupa determinando que con relación ó punto 3 “3.- Deliberación acerca das proposicións presentadas” se recolle que se procede a exposición por parte de cada un dos membros do xurado do análise e avaliación das proposicións conforme ós criterios de selección deste concurso, que se debate o cumprimento ou incumprimento dos requisitos esixidos nas bases por cada unha das propostas e que non se recolle o contido destes debates. A citada base 16.3 das bases determina que na acta se recollan os puntos principais das deliberacións, como se fixo. Pero non obriga a reproducir toda a deliberación. De feito, a acta termina dicindo que o análise concreto de cada un das propostas se recollerá no informe esixido



Concello de Vigo

na base 17 que se elaborará a sesión a celebrar o día 18 de febreiro. Volve a cuestionar o tempo que tardaron en ser firmadas e publicadas. Reiterase aquí o dito sobre estas cuestións.

Por último, a recorrente menciona a acta da sesión do día 18 de febreiro. Bota de menos que no informe de valoración previsto na base 17 non se menciona a súa proposición, posto que a proposta de exclusión non fora aprobada aínda polo órgano de contratación, se nin se lle notificou nin se lle deu trámite de audiencia. Polo tanto, considera que se produzo unha exclusión de facto que determina a nulidade do concurso. Con relación ó trámite de audiencia e a notificación da proposta xa se argumentou que non están previstos, polo que se da por reproducido o dito.

O certo é que se o propio xurado propón a exclusión dun concursante por unha causa xustificada e prevista na lei e nas bases do concurso carece de sentido que valore a oferta. De feito, a base 20.4 determina que:

“4.- A adxudicación deberá acomodarse á proposta do Xurado salvo que expresamente se xustifiquen os motivos para apartarse da mesma, o que esta se realizase con infracción do ordenamento xurídico, suposto no que a convocatoria quedará sen efecto”.

Aínda que a norma se refire a adxudicación e plenamente aplicable á exclusión. E de calquera xeito, se o órgano de contratación non aprobara a exclusión podería acordar a retroacción do procedemento e a valoración desta oferta. E non habería obstáculo que impedise esta retroacción por canto estaban abertos todos os sobres B incluído o da recorrente.

Este feito non lle causaría indefensión ó recorrente por canto o prazo de recurso se inicia para todos os concursantes no momento no que se lles notifica o acordo do órgano de contratación.

7º.- “VULNERACIÓN DEL DERECHO DE ASISTENCIA AL ACTO PÚBLICO DE APERTURA DE LOS SOBRES A Y PUBLICACIÓN DE LA DECISIÓN DEL JURADO”

Comeza esta alegación a recorrente preguntándose por qué as actas das sesións do xurado dos días 8, 11 e 18 de febreiro foron firmadas pola secretaria o día 23 e pola presidenta o 25 de febreiro. A acta do día 8 foi firmada por ambas o día 18. A do día 18 foi firmada o día 23 porque foi aprobada ese mesmo día e probablemente como a secretaria non axuntara o xestor de expedientes a do día 11 aprobada o 18 as axuntou conxuntamente o día da aprobación desta última. Sobre o tema da firma das actas e o seu arquivo no xestor de expedientes non temos nada que engadir pois xa se explicou no motivo sexto.

Continua relatando a recorrente que na sesión do día 23 procedeuse á apertura do sobre A en sesión pública. A base 17.11 determina que deberá anunciarse o día e a hora da súa celebración no perfil do contratante con 48 horas de antelación. Sinala o recorrente que, no entanto, publicouse o anuncio o día anterior as 22.33 horas. A plataforma de contratación do sector público, na que se aloxa por imperativo legal o perfil de contratante (artigo 63 LCSP), as veces en horario matinal falla, posto que aloxa a máis de 20.000 órganos de contratación do sector público. Tras varios intentos de publicación infrutuosos por parte do persoal administrativo de contratación, auxiliar do órgano de contratación neste concurso, o día 19 de febreiro, pospúxose. No entanto, como ós concursantes solicitaron a asistencia, non había obstáculo a súa celebración, pois quedará acreditado que coñeceran o anuncio con carácter previo á celebración da sesión e ningún deles solicitou a posposición do acto. Conforme ó disposto na artigo 40.3 da LPAC, que considera que a notificación defectuosa é válida a partir do momento no que “el interesado realice actuaciones que supongan el conocimiento del contenido y alcance de la resolución o acto objeto de la notificación, o interponga cualquier recurso que proceda”. En consecuencia, o día 23 antes da celebración da sesión abrín una sesión de videoconferencia na aplicación Cisco webex Meeting e enviei a invitación ós concursantes que tiñan solicitada a asistencia. Recibido o enlace polos asistentes, no punto correspondente da orde do día iniciouse a sesión en webex,

ignorando o problema técnico que impediu que os invitados puideran conectarse. O único asistente o fixo presencialmente.

O feito de que non puideran asistir á sesión non quebrou os seus dereitos por canto desde o punto de vista do procedemento, os prazos de recurso comezan a computarse unha vez notificado e publicado o acordo do órgano de contratación de exclusión e adxudicación do concurso. Unha vez producida esta lle foi notificada e á vista do presente recurso queda claro que non se lle produzo indefensión por canto a tido acceso a toda a documentación necesaria para argumentar a súa defensa.

8º.- INEXISTENCIA DE VULNERACIÓN DEL ANONIMATO: EL JURADO DESCONOCE LA IDENTIDAD DE LA SOCIEDAD QUE PRESENTÓ LA PROPOSICIÓN CON EL LEMA “VIAJE VERTICAL VIGO”

Alega a recurrente que o órgano de contratación excluíu a BDU ARQUITECTURA sendo así que o concursante que participou co lema VIGO VERTICAL é MORPHOSIS ESPAÑA.

Tal e como consta na acta da sesión, quizás con mellor acerto que na proposta ó órgano de contratación, ó que se exclúe é a proposición presentada baixo o lema VIAJE VIGO VERTICAL, con independencia da empresa que a presenta. O certo é que, á vista do correo corporativo da Sra. DÍAZ-URGORRI, e tras a lectura do escrito de recurso, non existe dúbida de que é a administradora solidaria de MORPHOSIS. Nesta cualidade presenta o recurso. Así mesmo, o relator no motivo segundo todas as reunións celebradas entre esta empresa e representantes políticos de esta Administración indica a súa asistencia a todas elas na súa representación, confirmando a súa asistencia a través do citado correo.

9º.- “EL GANADOR DEL CONCURSO COMUNICÓ SU ASISTENCIA A LOS DOS ACTOS PÚBLICOS Y REVELÓ ACTUAR EN REPRESENTACIÓN DE UNA EMPRESA LOCAL. FUE EL ÚNICO CONCURSANTE AL QUE EL AYUNTAMIENTO DIO ACCESO AL ACTO PÚBLICO DE APERTURA DE SOBRES A Y PUBLICACIÓN DEL GANADOR”

O certo é que o representante da empresa que obtivo o primeiro premio deste concurso asistiu presencialmente á sesión do día 23 de febreiro. No entanto, como xa se indicou anteriormente, as sesións públicas non se limitan aos concursantes. De feito o anuncio que se publicou no perfil de contratante non limitaba a asistencia aos concursantes e permitía, non só asistir presencialmente senón tamén a través de videoconferencia para garantir a asistencia ao maior público posible, xa fose local ou de fóra de Vigo. O texto do anuncio publicado é o seguinte:

“ACTO PÚBLICO DO XURADO NO QUE SE DARA COÑECEMENTO DO GAÑADOR DO CONCURSO E DEMAIS PREMIADOS E SE PROCEDERÁ A APERTURA DOS SOBRES A

O acto público no que darase a coñecer o gañador do concurso e demais premiados, e se procederá a apertura dos sobres A do concurso de proxectos, con intervención de xurado, para a conexión peonil entre as rúas Serafín Avendaño e Vía Norte no concello de Vigo (do expediente 677-441) terá lugar a partir das 11:00 horas do día 23 de febreiro de 2021 no auditorio da Casa do Concello de Vigo (pz de El Rey s/n, Vigo)

Tamén será posible asistir en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings.



Concello de Vigo

Aqueles/as interesados/as en asistir á sesión, deberán cumprimentar o escrito que se recolle a continuación, asínaloo dixitalmente e envialoo ao seguinte correo electrónico: contratacion@vigo.org.

As comunicacións deberán enviarse previamente a celebración do acto público para a planificación da correspondente videoconferencia”.

As solicitudes de asistencia á sesión unicamente se esixían, como indica o propio anuncio, para planificar a correspondente videoconferencia.


Como queda de manifesto, a intención do xurado foi en todo momento a de garantir a máxima publicidade da sesión. Como xa se dixo, houbo problemas técnicos coa sesión a través da canle Cisco Webex e ningún dos tres concursantes que o tiñan solicitado puideron asistir á sesión, pero por problemas estritamente técnicos e non porque a sesión estivese limitada ao público que asistiu presencialmente. A maior abundamento, é preciso sulñar que a empresa gañadora non é unha empresa local senón que ten o seu domicilio social en Cantabria.

10º.- “EL ACTA DE ESTA SESIÓN DEL JURADO DE 23 DE FEBRERO DE 2021 EN LA QUE SE PROCEDIÓ A LA APERTURA DE LOS SOBRES A, LA IDENTIFICACIÓN DE LOS CONCURSANTES, Y LA PROCLAMACIÓN DE LA DECISIÓN DEL JURADO, FUE FIRMADA CON POSTERIORIDAD AL ACTO ADMINISTRATIVO DE RESOLUCIÓN DEL CONCURSO Y EXCLUSIÓN DE LA PROPOSICIÓN. EL ACTA FUE PUBLICADA EN LA PLATAFORMA DE CONTRATACIÓN DEL SECTOR PÚBLICO CON MUCHA POSTERIORIDAD A LA PUBLICACIÓN DEL ACUERDO”

Con relación a firma e publicación das actas xa se informou e non se reiterará a argumentación.

Se ben con respecto a este acta é preciso facer algunhas aclaracións. Para as actuacións do xurado creouse un expediente, numerado como 764-441 ó que se foron incorporando as actas. No momento de formular a proposta ó órgano de contratación estas incorporáronse o expediente do concurso, numerado como 677-441. No entanto, unha vez que se notificou o acordo do órgano de contratación ós concursantes xunto coas actas, estes advertiron a súa falta, e se procedeu a anexala á xestión de expedientes e a publicala. Este feito produciuse o primeiro día do prazo de recurso polo tanto, non se causou ningunha indefensión ós concursantes. Ilo pode inferirse do feito de que a recorrente coñece o seu contido.

Pode observarse da seguinte imaxe na que se reflicten as propiedades do arquivo, que a acta foi elaborada o propio día 23 e modificada o día 26 as 09:06 para corrixir un erro con carácter previo ó inicio a sesión do xurado as 11.00. Iniciada a sesión facilitouse unha copia da mesma ós membros do xurado que a aprobaron por unanimidade tras o seu exame.



B) MOTIVOS DE IMPUGNACIÓN DO ACORDO DE ADJUDICACIÓN DOS PREMIOS DO CONCURSO

11º.- “AUSENCIA DE UN PLIEGO DE PRESCRIPCIONES TÉCNICAS QUE CUMPLA LOS REQUISITOS LEGALES IMPRESCINDIBLES”

Para os concursos de proxectos a lei non esixe pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas particulares senón unhas bases do concurso, que regula o artigo 184 da LCSP. Polo tanto no presente procedemento só hai unhas bases.

A plataforma de contratación do sector público non prevé este tipo de procedementos polo que hai que publicalo como se fose un procedemento aberto. En consecuencia, esixe necesariamente que se axunten un prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) e un prego de prescricións técnicas (PPT). Razón pola que se publicaron as bases como PCAP e a documentación relativa as obras que se están a executar na estación de Vialia como PPT.

Os formularios para incorporar documentos tanto do PPT como do PCAP son os únicos que permiten incluír enlaces para a descarga de arquivos superiores a 50 Megs, como é o caso dos proxectos axuntados. A plataforma non admite a carga de arquivos superiores a 50 Megs polo que resulta necesario incluír un enlace a un servidor exterior na nube, owncloud neste caso.

En consecuencia, esta Administración, por causas alleas, tivo que publicar a documentación relativa ó concurso adaptándose as características e requisitos da plataforma na que se aloxa o seu perfil de contratante.



Concello de Vigo

12º.- “VULNERACIÓN DE LOS DERECHOS DE PROPIEDAD INTELECTUAL AL INCORPORAR AL PLIEGO DE PRESCRIPCIONES TÉCNICAS EL PROYECTO DE EJECUCIÓN DEL COMPLEJO “VIALIA ESTACIÓN VIGO” Y LA “MEMORIA DE DOCUMENTO DE INTEGRACIÓN VIALIA ESTACIÓN DE VIGO Y ESTACIÓN DE AUTOBUSES”

Procede comezar a contestación a esta alegación recordando que, tal e como se dixo neste informe, ó fío da contestación á alegación segunda, a presentación dunha proposición supón a aceptación incondicional das bases que rexen o concurso. Se a recorrente considera que o anuncio de licitación ou algún documento contractual dos que establecen as bases que rexen este concurso vulnera os seus dereitos de propiedade intelectual debeu impugnalos no momento procedimental oportuno. O artigo 44 da LCSP no seu apartado 2 considera recorribles, entre outras actuacións, “a) Los anuncios de licitación, los pliegos y los documentos contractuales que establezcan las condiciones que deban regir la contratación”. O prazo para interpoñer o recurso contra estes actos, e as regras de cómputo do mesmo, están previstos no artigo 50 da LCSP que di:

“1. El procedimiento de recurso se iniciará mediante escrito que deberá presentarse en el plazo de quince días hábiles. Dicho plazo se computará:

a) Cuando se interponga contra el anuncio de licitación, el plazo comenzará a contar-se a partir del día siguiente al de su publicación en el perfil de contratante.

b) Cuando el recurso se interponga contra el contenido de los pliegos y demás documentos contractuales, el cómputo se iniciará a partir del día siguiente a aquel en que se haya publicado en el perfil de contratante el anuncio de licitación, siempre que en este se haya indicado la forma en que los interesados pueden acceder a ellos. Cuando no se hiciera esta indicación el plazo comenzará a contar a partir del día siguiente a aquel en que se le hayan entregado al interesado los mismos o este haya podido acceder a su contenido a través del perfil de contratante”.

Este mesmo precepto non admite recurso contra estes actos se o recorrente, con carácter previo a interposición do recurso, presentara oferta ou solicitude de participación na licitación de que se trate, como acontece no caso que nos ocupa.

Informa o respecto á área de Fomento, servizo xestor do expediente, o seguinte:

“1.- No apartado duodécimo do escrito do recurso, a recorrente alega a nulidade radical do prego de prescricións técnicas do expediente de contratación ao incluírse neste o proxecto de execución de “VIALIA ESTACIÓN DE VIGO” e a “MEMORIA DE DOCUMENTO DE INTEGRACIÓN VIALIA ESTACIÓN DE VIGO Y ESTACIÓN DE AUTOBUSES”; documentos dos que foi coautora e autora respectivamente “MORPHOSIS ESPAÑA, S.L.P.”, sin que a utilización destes, protexidos polos dereitos de autor, fora autorizada por esta.

A alegación non pode ser admitida: a inclusión dos devanditos documentos e doutros de distinta autoría na documentación técnica subida á plataforma de contratación ten por exclusiva finalidade a de dar a coñecer aos eventuais participantes no mesmo a imaxe final do conxunto da obra —as estacións ferroviaria e de autobuses, o centro comercial, os espazos intersticiais, os túneles de comunicación e a praza da Estación— en execución no momento da licitación do concurso; obras ás que deben de servir o ascensor e a pasarela ou pasarelas peonís de comunicación, obxecto do concurso de proxectos. A posibilidade de acceder a esta documentación no perfil de contratante do concello de Vigo, para a formulación das propostas no concurso licitado por este, non constitúe, pola súa propia finalidade, un acto de explotación, divulgación, publicación ou comunicación pública da obra aos efectos do Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual e en

calquera caso a publicación da dita documentación no perfil de contratante do concello de Vigo non precisaría da autorización do seu autor por canto de conformidade co disposto no artigo 31 bis la Lei de Propiedade Intelectual, non é necesaria a autorización do autor cando a obra se reproduza, distribúa ou comunique publicamente para o correcto desenvolvemento dos procedementos administrativos, como sucede no presente caso, no que a publicación de tales documentos no perfil de contratante municipal é indispensable para formular propostas concretas e viables no concurso de proxectos que nos ocupa.

Polo demais, a alegación da recorrente que nos ocupa debeu ser aducida a través do recurso especial en materia de contratación no prazo que sinala o artigo 50 LCSP, resultando no presente recurso extemporánea e consentida no seu día a publicación por quen agora a rexeita; porén no so por non recurrila en prazo a alegante, senón, tamén, polo feito de que a recorrente presentou no concurso a proposta que resultou excluída; presentación que implicou a aceptación incondicionada das bases e, daquela, da publicación no perfil de contratante do concello de Vigo dos documentos necesarios para a formulación das propostas no concurso”.

13º.- “REVISIÓN DE LA DECISIÓN DEL JURADO DEL ACUERDO DE ADJUDICACIÓN POR PARTE DEL TRIBUNAL ADMINISTRATIVO DE CONTRATACIÓN PÚBLICA”

Este motivo de impugnación non é tal. No mesmo a recorrente se limita a instruír ó Tribunal acerca da doutrina dos tribunais administrativos especiais en materia de contratación sobre cuestións tales como o ámbito de aplicación do concurso de proxectos, os criterios avaliábeis mediante xuízo de valor e a discrecionalidade técnica da Administración, mediante a incorporación de resolucións de diversos tribunais. Non procede, pois responder esta alegación.

14º.- “EXCLUSIÓN DE LA PROPUESTA GANADORA “HALO” POR ERRORES E INCOHERENCIAS, CONFORME AL ARTÍCULO 84 DEL REAL DECRETO 1.098/2001, POR EL QUE SE APRUEBA EL REGLAMENTO GENERAL DE LA LEY DE CONTRATOS DE LAS ADMINISTRACIONES PÚBLICAS, Y POR VULNERAR EL CTE Y LA BASE 2.3 DEL CONCURSO”

15º.- “EXCLUSIÓN DE LA PROPUESTA “ADITUS7500” POR ERRORES E INCOHERENCIAS, CONFORME AL ARTÍCULO 84 DEL REAL DECRETO 1.098/2001, POR EL QUE SE APRUEBA EL REGLAMENTO GENERAL DE LA LEY DE CONTRATOS DE LAS ADMINISTRACIONES PÚBLICAS, Y POR VULNERAR EL PLIEGO DE PRESCRIPCIONES TÉCNICAS Y LA BASE 2.3 DEL CONCURSO”

16º.- “EXCLUSIÓN DE LA PROPUESTA “MADERA POR LAS NUBES” POR ERRORES E INCOHERENCIAS, CONFORME AL ARTÍCULO 84 DEL REAL DECRETO 1.098/2001, POR EL QUE SE APRUEBA EL REGLAMENTO GENERAL DE LA LEY DE CONTRATOS DE LAS ADMINISTRACIONES PÚBLICAS, Y POR VULNERAR EL PLIEGO DE PRESCRIPCIONES TÉCNICAS Y LA BASE 2.3 DEL CONCURSO”

Para respostar estes tres últimos motivos de impugnación convocouse ó xurado por canto se refiren á valoración das proposicións gañadoras. A sesión celebrouse o día 7 de abril e na mesma o xurado emitiu o seguinte informe:



Concello de Vigo

a) En relación al punto 14º del recurso especial en materia de contratación:

a.1) Sobre la aplicación del Código Técnico de la Edificación (CTE):

El anteproyecto premiado propone la construcción de una pasarela que permite la conectividad de dos espacios públicos urbanos al aire libre a diferente nivel que no altera la edificación existente. No se trata de una edificación por lo tanto no resulta de aplicación preceptiva el CTE.

- De conformidad con el art. 2 de la Parte 1 del Código Técnico de la Edificación, aprobado mediante el Real decreto 314/2006, de 14 de marzo, se establece que: “[...]El CTE será de aplicación, en los términos establecidos en la LOE y con las limitaciones que en el mismo se determinen, a las edificaciones públicas y privadas[...]”

A este respecto, en el art. 2 de la Ley 39/199, de 5 de noviembre, de ordenación de la edificación se indica:

“[...]1. Esta Ley es de aplicación al proceso de la edificación, entendiendo por tal la acción y el resultado de construir un edificio de carácter permanente, público o privado, cuyo uso principal esté comprendido en los siguientes grupos:

- *Administrativo, sanitario, religioso, residencial en todas su formas, docente y cultural*
- *Aeronáutico; agropecuario; de la energía; de la hidráulica; minero; de telecomunicaciones (referido a la ingeniería de las telecomunicaciones); del transporte terrestre, marítimo, fluvial y aéreo; forestal; industrial; naval; de la ingeniería de saneamiento e higiene, y accesorio a las obras de ingeniería y su explotación*
- *Todas las demás edificaciones cuyos usos no estén expresamente relacionados en los grupos anteriores.*

2. Tendrán la consideración de edificación a los efectos de lo dispuesto en esta Ley, y requerirán un proyecto según lo establecido en el artículo 4, las siguientes obras:

- *Obras de edificación de nueva construcción, excepto aquellas construcciones de escasa entidad constructiva y sencillez técnica que no tengan, de forma eventual o permanente, carácter residencial ni público y se desarrollen en una sola planta.*
- *Todas las intervenciones sobre los edificios existentes, siempre y cuando alteren su configuración arquitectónica, entendiendo por tales las que tengan carácter de intervención total o las parciales que produzcan una variación esencial de la composición general exterior, la volumetría, o el conjunto del sistema estructural, o tengan por objeto cambiar los usos característicos del edificio.*
- *Obras que tengan el carácter de intervención total en edificaciones catalogadas o que dispongan de algún tipo de protección de carácter ambiental o histórico-artístico, regulada a través de norma legal o documento urbanístico y aquellas otras de carácter parcial que afecten a los elementos o partes objeto de protección [...]*”

En base a lo anterior, la propuesta presentada no se considera una obra de edificación ni una intervención sobre una existente, sino una pasarela sobre una autopista que desembarca en la plaza pública situada sobre el Centro Vialia, sin que represente una variación esencial de este, al tratarse de una intervención puntual que no afecta a la composición general exterior, ni a la volumetría, ni al conjunto del sistema estructural, ni tiene por objeto cambiar los usos característicos del edificio. Así mismo, el hecho de que la pasarela ofrezca vistas del entorno tampoco lo convierte en edificación ni en una prolongación del edificio.

Teniendo en cuenta lo anterior se puede concluir que no es preceptiva la aplicación del CTE, por lo que este jurado no entra a valorar las consideraciones efectuadas en la alegación al

respecto de los recorridos de evacuación, considerando el jurado que la propuesta presentada cumple con las condiciones exigibles a las pasarelas.

a.2) Sobre el cumplimiento de la norma sobre ascensores 81-20:2014:

La norma de ascensores EN 81-20 no recoge todas las peculiaridades de los ascensores a fabricar, ya que existen otros mecanismos, como las verificaciones unitarias de producto donde se certifica exclusivamente la unidad, que permiten construir ascensores de las características presentadas en la propuesta, como se ha realizado en multitud de ejemplos similares en los últimos tiempos.

De la información presentada a nivel de anteproyecto, no hay documentación ni consideraciones en la propuesta en lo referente a evacuación de ascensores que haga inviable la solución.

b) En relación al punto 15º del recurso especial en materia de contratación:

De la documentación del anteproyecto no se aprecia que con la propuesta ADITUS 7500 se vaya a modificar la estructura del edificio, sino que se trata de dos elementos diferentes e independientes estructuralmente. El esquema estructural de esta propuesta se basa en apoyos que se ubican independientes de la estructura del centro comercial; el tablero de la pasarela desembarca en la plaza pública que se localiza sobre dicho centro para permitir la conexión peatonal entre las calles Serafín Avendaño y Vía Norte, que es precisamente el objeto del concurso. En cualquier caso la terminación de un edificio no impide por si misma la posibilidad de intervenir en él.

En relación a los aspectos alegados sobre el cumplimiento del CTE y de la normativa de ascensores, el jurado se remite a lo señalado en el punto anterior.

De la información presentada a nivel de anteproyecto, no hay documentación ni consideraciones en la propuesta que haga inviable la solución.

c) En relación al punto 16º del recurso especial en materia de contratación:

Las cuestiones relativas a las modificación o no de las vistas desde el interior del edificio, no provoca la inviabilidad del proyecto. La valoración de las vistas es un aspecto subjetivo que se ha tenido en cuenta en la valoración de las propuestas.

De la documentación del anteproyecto no se aprecia que la propuesta MADERA POR LAS NUBES afecte al cajón ferroviario y muros de contención, sino que se trata de dos elementos estructurales diferentes e independientes. El esquema estructural de esta propuesta se basa en apoyos que se ubican independientes de la estructura del centro comercial; el tablero de la pasarela desembarca en la plaza pública que se localiza sobre dicho centro para permitir la conexión peatonal entre las calles Serafín Avendaño y Vía Norte, que es precisamente el objeto del concurso. En cualquier caso la terminación de un edificio no impide por si misma la posibilidad de intervenir en él.

De la información presentada a nivel de anteproyecto, no hay documentación ni consideraciones en la propuesta que haga inviable la solución.



Concello de Vigo

d) Conclusiones:

A la vista de la documentación presentada y de las consideraciones expuestas anteriormente, el jurado entiende que los tres anteproyectos premiados son viables técnicamente y por lo tanto no existe causa de exclusión, de conformidad con lo establecido en el artículo 84 del Real Decreto 1098/2001, por el que se aprueba el Reglamento General de la ley de contratos de las administraciones públicas y no vulneran las bases del concurso.

Á vista do argumentado, procede, pois, a xuízo da informante, propoñer ó Tribunal a desestimación destas alegacións.

-VI-

Conclusiones

Recapitulando podemos afirmar que neste longo escrito de recurso a recorrente pretende escusar a súa falta de dilixencia no cumprimento da súa obriga do preservar o anonimato, intentando sementar a sospeita sobre supostas irregularidades do procedemento e, en particular, no incumplimento por parte da secretaria das súas obrigas. Pero a realidade é que esta Administración pretendeu fomentar a concorrència a este procedemento, e garantir durante o seu desenvolvemento a igualdade de trato dos licitadores e a transparencia. E na miña opinión, a pesar de que existen erros durante a tramitación, dos cales asumo a responsabilidade tanto como secretaria do xurado como de xefa do servizo de contratación, acadouse este obxectivo. Todo se fixo con transparencia e se houbo algún fallo este non foi intencionado.

Á vista do exposto, en opinión da informante, procede solicitar do Tribunal a admisión do recurso con respecto a impugnación do acordo de exclusión. Con relación á impugnación do acordo de adjudicación esta estaría condicionada á estimación do recurso con relación a súa exclusión.

Con respecto ao fondo do recurso, por se o Tribunal considera que debe admitirse o mesmo, unha vez analizados, no fundamento xurídico V deste informe, os motivos alegados polo recorrente para a impugnación do acordo de exclusión da recorrente e de adjudicación do concurso de proxectos, procede solicitar do Tribunal, a desestimación das alegacións formuladas pola mesma no seu escrito de recurso, polas razóns esgrimidas no citado fundamento xurídico.

-VII-

Medidas cautelares

A lei prevé que o recorrente poida solicitar do órgano competente para resolver o recurso a adopción de medidas cautelares. Tales medidas irán dirixidas a corrixir infraccións de procedemento ou impedir que se causen outros prexuízos aos intereses afectados.

Así mesmo, a lei configura no artigo 53 a medida cautelar de suspensión do procedemento, como efecto derivado da interposición do recurso, máis so no caso de que o acto impugnado sexa o de adjudicación do procedemento, como no caso que nos ocupa. En consecuencia, solicítase do Tribunal a adopción da medida cautelar de suspensión.

-VIII-

Acordo

En mérito ao exposto, se propon á Xunta de Goberno Local, en calidade de órgano de contratación do Concello de Vigo (disposición adicional segunda da LCSP) e en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Aprobar o presente informe.

2º.-Dar traslado do mesmo ao Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(272).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA MEDIANTE CONVENIO COA ENTIDADE C.D.BOSCO EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ELITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2020/2021. EXPTE. 20365/333.

Visto o informe xurídico do 12/03/2021 e o informe de fiscalización do 08/04/2021, dáse conta informe-proposta do 02/03/2021, asinado polo xefe do Servizo de Deportes, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Atendendo á instrución remitida polo Concelleiro de Deportes, dáse inicio á tramitación do expediente de subvención nominativa por importe de 84.500,00 € prevista na partida orzamentaria 3410.489.00.05 a favor da entidade C.D. Bosco polo desenvolvemento do proxecto xeral de actividades da entidade na tempada deportiva 2020-2021.

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación á participación de entidades deportivas da cidade nas máis altas categorías das competicións a nivel do estado.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadás.

En relación a esta actuación de colaboración na actividade deportiva das entidades que teñen equipos nas primeiras categorías dos diversos deportes, atopamos que a entidade deportiva C.D. Bosco conta cun equipo de elite na modalidade de Baloncesto na categoría Liga Feminina 2. A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade en competicións de alto nivel.

Ó valor único e de carácter excepcional que supón a participación do primeiro equipo da entidade na categoría Liga Feminina 2 hai que engadir o proxecto de dinamización e fomento do deporte de base que a entidade desenvolve na tempada 2020-2021, que impulsa e estimula a participación dos e das máis xóvenes nun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno, e contribúe a establecer pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.



Concello de Vigo

Ambos proxectos complementáanse e son interdependentes, conformando a realidade da entidade C. D. Bosco e configurando un proxecto xeral baseado no valor único de cada un deles.

O obxectivo da colaboración entre entidades e institucións responde ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na búsqueda da potenciación de sinerxías no ámbito social, do cal destacamos:

- O interese xeral pola formación do capital humano no ámbito do deporte.
- A búsqueda dunha personalidade propia e definida da acción, en base ós principios do compromiso da sociedade hacia os valores do deporte.
- O tecido asociativo deportivo da nosa cidade é o reflexo do compromiso de centos de persoas coa mellora das condicións de vida e a defensa dos intereses xerais da poboación. A mellora dos recursos para a dinamización do deporte en tódolos aspectos é unha das prioridades de actuación en materia do deporte.

Este proxecto de colaboración coas entidades deportivas con equipos de elite da cidade de Vigo fundaméntase nos seguintes obxectivos:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- Consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o *“Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..”* e que *“...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”*.

Ante estes aspectos atopamos criterios que nos levan á necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento destes proxectos deportivos considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, polo cal propónse a realización dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a entidade C.D. Bosco para favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.

A lexislación aplicable, para este convenio, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xu-

rídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *“Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”*.

Esta subvención ten un claro carácter de interese público e social e concedese directamente ao figurar nominalmente no orzamento do Concello de Vigo para o ano 2021, na partida orzamentaria 3410.489.00.05, consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia. E a súa concesión canalízase a través dun convenio cuxo texto se somete a aprobación.

A Vixencia deste convenio é pola actividade desenvolta pola entidade C.D. Bosco durante a tempada deportiva 2020-2021, tendo a obriga de presentar a documentación para a xustificación do mesmo, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata o 15 de Novembro de 2021.

A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte á sinatura do convenio.

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

- PRIMEIRO:** Aprobar a concesión directa dunha subvención a favor da entidade deportiva C.D. Bosco para o desenvolvemento do proxecto xeral de actividade da entidade na tempada deportiva 2020-2021 e aprobar o texto do convenio que a regula.
- SEGUNDO:** Autorizar e dispoñer o gasto de 84.500,00 €. a favor da entidade C.D. Bosco co CIF: G36692317 e enderezo social na rúa Ronda don Bosco 33 Baixo, en Vigo, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm.20365-333. Este crédito é con cargo á partida 3410.489.00.05 do vixente orzamento.



Concello de Vigo

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE CLUB DEPORTIVO BOSCO EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ELITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2020-2021 (EXpte. 20365/333).

Na Casa do Concello de Vigo, a ___ de _____ de dous mil _____.

REUNIDOS

Dunha parte, D. José Manuel Fernández Pérez, como Concelleiro Delegado de Deportes da Concellería de Deportes (art. 127 da Lei 7/85, Decreto de Delegación de Alcaldía de 18 de xuño de 2019, Acordo da Xunta de Goberno Local de 20 de xuño de 2019 e resolución de competencias do 26 de Xuño de 2019)

Doutra, D. Juan Carlos Álvarez Pacios como presidente da entidade Club Deportivo Bosco CIF: G36692317 e enderezo social na Ronda Don Bosco 33, en Vigo e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 20365/333.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.-O obxecto de este convenio é colaborar no desenvolvemento do programa de dinamización do proxecto deportivo da entidade Club Deportivo Bosco durante a tempada 2020-2021. A entidade conta cun equipo de elite que participa na categoría Liga Feminina 2 , desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.

A entidade Club Deportivo Bosco desenvolve o proxecto do equipo de elite durante a tempada 2020-2021.

A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade.

Ademais, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.-Que a entidade Club Deportivo Bosco impulsa e estimula a participación dos e das máis xóvenes no ámbito do deporte a través do desenvolvemento dun proxecto deportivo de base orientado fundamentalmente ó fomento e promoción do baloncesto en etapas de formación, contribuíndo ademais a establecer pautas de referencia positivas, e complementando o proxecto xeral da entidade.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- A consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.489.00.05 prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 84.500,00 €, a favor da entidade deportiva Club Deportivo Bosco.

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervincentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadjuvar á financiamento do proxecto xeral da entidade Club Deportivo Bosco na tempada deportiva 2020-2021.

VI.- Que a entidade Club Deportivo Bosco non está incursa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm 20365-333.

VII.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade, o Concello de Vigo e o Club Deportivo Bosco conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

FACTOS

Primeiro.- A entidade Club Deportivo Bosco comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.-Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvolto desde este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio:

- Programa Municipal de escolas deportivas.
- Xornadas de formación.
- Campañas de concienciación vinculadas ós hábitos de vida saudables.
- Actividades dirixidas a poboacións especiais: maiores, discapacitados...
- Colaboración coa promoción do deporte en igualdade.



Concello de Vigo

2º.- Desenvolver un proxecto xeral de actividade da entidade, e que inclúe a dinamización da actividade de carácter excepcional do equipo de elite da entidade e a promoción e fomento do deporte de base na modalidade de baloncesto na tempada 2020-2021.

3º.-Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de elite.

4º.-Participar cos xogadores e xogadoras do primeiro equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

5º.-Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de elite, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible a imaxe do Concello de Vigo:

- A imaxe do Concello de Vigo deberá estar presente presente tanto nas equipacións de xogo como nas de paseo, e o seu formato e ubicación deberá ser autorizado pola Concellería de Deportes.
- Na instalación de Xogo colocaranse, como mínimo, catro lonas coa imaxe institucional do Concello de Vigo, ubicadas en zonas centrais e de máxima visibilidade da zona de xogo, cun mínimo de 1 metro de altura x 4 metros de lonxitude cada unha.
- Na páxina WEB da entidade, a imaxe institucional do Concello deberá estar presente, como mínimo, na páxina principal.
- A imaxe institucional do Concello de Vigo deberá estar presente nos autobuses ou medios de locomoción colectivos, en todos os desprazamentos para a realización de competicións oficiais federadas, participacións en torneos ou en xornadas deportivas, e en xeral en calquera actividade na que participe a entidade.

6º Realizar unha memoria das actividades realizadas durante a tempada deportiva, resultados, colaboracións, clasificacións, proxectos, fotografías coa imaxe institucional, etc... Esta memoria deberá incluír, como mínimo:

- Descrición detallada das competicións nas que a entidade participou, tanto do primeiro equipo da entidade como dos equipos e deportistas de base.
- Fotografías das equipacións de xogo tanto do primeiro equipo como dos equipos de base, que inclúan a imaxe institucional do Concello de Vigo.
- Fotografías de accións de xogo do primeiro equipo da entidade nas que se visualice a imaxe da imaxe institucional do Concello de Vigo nas equipacións de xogo.
- Imaxes da instalación durante o desenvolvemento de competicións do primeiro equipo con detalle das lonas publicitarias coa imaxe institucional ubicadas no terreo de xogo segundo o detallado no apartado 5º do pacto primeiro.

7º.-Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

8º.- Que en todas as comunicacións, informacións de partidos, páxinas web, redes sociais, vinculadas a dinamización, difusión ou organización de actividades, competicións ou adestramentos dos equipos da entidade, apareza o logo institucional do Concello de Vigo.

9º.-Participar cos xogadores do primeiro equipo nos proxectos de promoción deportiva, difusión e información plantexados polo Concello de Vigo.

10º-Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

11º.-Atender ás obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade Club Deportivo Bosco na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización dos seus proxectos deportivos na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade Club Deportivo Bosco (revista, web, etc).

3º.- Conceder directamente á entidade Club Deportivo Bosco unha subvención por importe de 84.500,00 € con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.05 do orzamento en vigor mediante transferencia bancaria á conta corrente facilitada pola entidade co obxecto de coadxuvar ó financiamento das actividades vinculadas co seu proxecto xeral de actividade, desenvolvido na tempada deportiva 2020-2021. A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte á sinatura do convenio mediante transferencia bancaria ó número de conta facilitado pola entidade beneficiaria.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, excepto coa solicitude de subvención na convocatoria por concorrencia competitiva de subvencións que a Concellería de Deportes desenvolva en relación ós proxectos de actividade das entidades deportivas de Vigo na tempada 2020-2021, coa que será incompatible.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

A comunicación desta circunstancia ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional do Concello de



Concello de Vigo

Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio, na cartelería, equipacións de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.

Sétimo.- A beneficiaria deberá xustificar no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e o 15 de novembro de 2021 o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar, tal como establece o artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de xeito exclusivo a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

- Atendendo á especificade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitaxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificadas a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitaxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc..) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo servizo de deportes, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva 2020-2021. A tal efecto, o técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma, que abarcará desde a data de inscrición do equipo ou dos deportistas na competición, ata os 30 días posteriores á finalización da competición oficial segundo os calendarios oficiais aportados.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os “gastos financeiros” da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lexislación de Contratos del Sector público para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, agás que por as súas especiais características non exista no mercado suficientes.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas

Décimo cuarto.- A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo e ata o 15 de Novembro de 2021, co obxecto de proceder á tramitación da xustificación do mesmo.

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.



Concello de Vigo

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, rexeráse polo establecido no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Derivado da súa natureza administrativa, as cuestións litixiosas que puidesen xurdir durante a súa execución serán sometidas ao coñecemento dos Xulgados e Tribunais da Orde Xurisdiccional Contenciosa-Administrativo, de conformidade coa Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

Décimo sétimo- Publicarase a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello de Vigo e comunicarase á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1 c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Décimo oitava- O mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución deste convenio establécese en base as memorias e informes que presenten as entidades asinantes e a información da que dispoña o persoal técnico do Servizo de Deportes, das actividades realizadas. Este mecanismo resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que se poidan plantexar.

Décimo novena- En canto as consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, estableceranse ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, no disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e na Lei 39/2015.

Vixésima- En relación o réxime de modificación do convenio, calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses, a súa modificación requirirá acordo unánime dos asinantes.

Vixésima primeira- En relación á extinción e resolución.

1. O Convenio extingúese polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incurrir en causa de resolución.
2. Son causas de resolución do Convenio:
 - a) O transcurso do prazo de vixencia do Convenio sen acordarse a súa prórroga.
 - b) O acordo unánime dos asinantes.

- c) A resolución do Convenio por esta causa poderá conlevar a indemnización dos prexuízos causados se así se previu.
- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do Convenio.
- e) O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, ____ de ____ de _____.

O Concelleiro de Deportes

O Presidente do Club Deportivo Bosco

Asdo.: D. José Manuel Fernández Pérez

Asdo. Juan Carlos Álvarez Pacios

9(273).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA MEDIANTE CONVENIO COA ENTIDADE CLUB AMFIV EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ELITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2020/2021. EXPTE. 20366/333.

Visto o informe xurídico do 29/03/2021 e o informe de fiscalización do 05/04/2021, dáse conta do informe-proposta do 17/03/2021, asinado polo xefe do Servizo de Deportes, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Atendendo á instrución remitida polo Concelleiro de Deportes, dáse inicio á tramitación do expediente de subvención nominativa por importe de 53.000,00€ prevista na partida orzamentaria 3410.489.00.07 a favor da entidade CLUB Amfiv polo desenvolvemento do proxecto xeral de actividades da entidade na tempada deportiva 2020-2021.

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación á participación de entidades deportivas da cidade nas máis altas categorías das competicións a nivel do estado.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadás.

En relación a esta actuación de colaboración na actividade deportiva das entidades que teñen equipos nas primeiras categorías dos diversos deportes, atopamos que a entidade deportiva Club Amfiv conta cun equipo de elite na modalidade de baloncesto cadeira de rodas na categoría División de Honor. A actividade deste equipo na competición supón un valor



Concello de Vigo

moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da can- teira deportiva da cidade en competicións de alto nivel.

Ó valor único e de carácter excepcional que supón a participación do primeiro equipo da en- tidade na categoría División de Honor hai que engadir o proxecto de dinamización e fomento do deporte de base que a entidade desenvolve na tempada 2020-2021, que impulsa e esti- mula a participación dos e das máis xóvenes nun proxecto deportivo de continuidade e futu- ro no seu entorno, e contribúe a establecer pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.

Ambos proxectos complementáanse e son interdependentes, conformando a realidade da en- tidade Club Amfiv e configurando un proxecto xeral baseado no valor único de cada un de- les.

O obxectivo da colaboración entre entidades e institucións responde ó desexo de xerar pro- xectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na búsqueda da potenciación de siner- xías no ámbito social, do cal destacamos:

- O interese xeral pola formación do capital humano no ámbito do deporte.
- A búsqueda dunha personalidade propia e definida da acción, en base ós principios do compromiso da sociedade hacia os valores do deporte.
- O tecido asociativo deportivo da nosa cidade é o reflexo do compromiso de centos de persoas coa mellora das condicións de vida e a defensa dos intereses xerais da poboación. A mellora dos recursos para a dinamización do deporte en tódolos aspec- tos é unha das prioridades de actuación en materia do deporte.

Este proxecto de colaboración coas entidades deportivas con equipos de elite da cidade de Vigo fundaméntase nos seguintes obxectivos:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemen- to e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais xóvenes teñan pautas de referen- cia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendimento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten cun proxec- to deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- Consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e vi- guesas no entorno asociativo da cidade.
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de ra- cionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o *“Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover acti-*

vidades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..” e que “...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”.

Ante estes aspectos atopamos criterios que nos levan á necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento destes proxectos deportivos considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, polo cal propónse a realización dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a entidade Club Amfiv para favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.

A lexislación aplicable, para este convenio, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *“Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”.*

Esta subvención ten un claro carácter de interese público e social e concedese directamente ao figurar nominalmente no orzamento do Concello de Vigo para o ano 2021, na partida orzamentaria 3410.489.00.07, consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia. E a súa concesión canalízase a través dun convenio cuxo texto se somete a aprobación.

A Vixencia deste convenio é pola actividade desenvolta pola entidade Club Amfiv durante a tempada deportiva 2020-2021, tendo a obriga de presentar a documentación para a xustifi-



Concello de Vigo

cación do mesmo, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata o 15 de Novembro de 2021.

A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte á sinatura do convenio.

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobar a concesión directa dunha subvención a favor da entidade deportiva Club Amfiv para o desenvolvemento do proxecto xeral de actividade da entidade na tempada deportiva 2020-2021 e aprobar o texto do convenio que a regula.

SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto de 53.000,00€. a favor da entidade Club Amfiv co CIF: G36711380 e enderezo social na rúa Quiosco Canido Estación s/n, en Vigo, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 20366-333. Este crédito é con cargo á partida 3410.489.00.07 do vixente orzamento.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE CLUB AMFIV EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ELITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2020-2021 (EXPTE. 20366/333).

Na Casa do Concello de Vigo, a __ de _____ de dous mil _____.

REUNIDOS

Dunha parte, D. José Manuel Fernández Pérez, como Concelleiro Delegado de Deportes da Concellería de Deportes (art. 127 da Lei 7/85, Decreto de Delegación de Alcaldía de 18 de xuño de 2019, Acordo da Xunta de Goberno Local de 20 de xuño de 2019 e resolución de competencias do 26 de Xuño de 2019)

Doutra, D. José Antonio Beiro Rodríguez como presidente da entidade Club Amfiv CIF: G36711380 e enderezo social na rúa Quiosco Canido Estación s/n, en Vigo e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 20366/333.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.-O obxecto de este convenio é colaborar no desenvolvemento do programa de dinamización do proxecto deportivo da entidade Club Amfiv durante a tempada 2020-2021. A entidade conta cun

equipo de elite que participa na categoría División de Honor , desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.

A entidade Club Amfiv desenvolve o proxecto do equipo de elite durante a tempada 2020-2021.

A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade.

Ademais, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.-Que a entidade Club Amfiv impulsa e estimula a participación dos e das máis xóvenes no ámbito do deporte a través do desenvolvemento dun proxecto deportivo de base orientado fundamentalmente ó fomento e promoción do baloncesto en cadeira de rodas en etapas de formación, contribuíndo ademais a establecer pautas de referencia positivas, e complementando o proxecto xeral da entidade.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- A consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.489.00.07 prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 53.000,00€, a favor da entidade deportiva Club Amfiv.

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervincentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadjuvar á financiamento do proxecto xeral da entidade Club Amfiv na tempada deportiva 2020-2021.

VI.- Que a entidade Club Amfiv non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo



Concello de Vigo

resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm 20366-333.

VII.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade, o Concello de Vigo e o Club Amfiv conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A entidade Club Amfiv comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.-Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvoltos dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio:

- Programa Municipal de escolas deportivas.
- Xornadas de formación.
- Campañas de concienciación vinculadas ós hábitos de vida saudables.
- Actividades dirixidas a poboacións especiais: maiores, discapacitados...
- Colaboración coa promoción do deporte en igualdade.

2º.- Desenvolver un proxecto xeral de actividade da entidade, e que inclúe a dinamización da actividade de carácter excepcional do equipo de elite da entidade e a promoción e fomento do deporte de base na modalidade de baloncesto cadeira de rodas na tempada 2020-2021.

3º.-Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de elite.

4º.-Participar cos xogadores e xogadoras do primeiro equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

5º.-Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de elite, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible a imaxe do Concello de Vigo:

- A imaxe do Concello de Vigo deberá estar presente presente tanto nas equipacións de xogo como nas de paseo, e o seu formato e ubicación deberá ser autorizado pola Concellería de Deportes.
- Na instalación de Xogo colocaranse, como mínimo, catro lonas coa imaxe institucional do Concello de Vigo, ubicadas en zonas centrais e de máxima visibilidade da zona de xogo, cun mínimo de 1 metro de altura x 4 metros de lonxitude cada unha.
- Na páxina WEB da entidade, a imaxe institucional do Concello deberá estar presente, como mínimo, na páxina principal.
- A imaxe institucional do Concello de Vigo deberá estar presente nos autobuses ou medios de locomoción colectivos, en todos os desprazamentos para a realización de competicións oficiais federadas, participacións en torneos ou en xornadas deportivas, e en xeral en calquera actividade na que participe a entidade.

6º Realizar unha memoria das actividades realizadas durante a tempada deportiva, resultados, colaboracións, clasificacións, proxectos, fotografías coa imaxe institucional, etc... Esta memoria deberá incluír, como mínimo:

- Descrición detallada das competicións nas que a entidade participou, tanto do primeiro equipo da entidade como dos equipos e deportistas de base.
- Fotografías das equipacións de xogo tanto do primeiro equipo como dos equipos de base, que inclúan a imaxe institucional do Concello de Vigo.
- Fotografías de accións de xogo do primeiro equipo da entidade nas que se visualice a imaxe da imaxe institucional do Concello de Vigo nas equipacións de xogo.
- Imaxes da instalación durante o desenvolvemento de competicións do primeiro equipo con detalle das lonas publicitarias coa imaxe institucional ubicadas no terreo de xogo segundo o detallado no apartado 5º do pacto primeiro.

7º.-Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

8º.- Que en todas as comunicacións, informacións de partidos, páxinas web, redes sociais, vinculadas a dinamización, difusión ou organización de actividades, competicións ou adestramentos dos equipos da entidade, apareza o logo institucional do Concello de Vigo.

9º.-Participar cos xogadores do primeiro equipo nos proxectos de promoción deportiva, difusión e información plantexados polo Concello de Vigo.

10º-Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

11º.-Atender ás obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade Club Amfiv na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización dos seus proxectos deportivos na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade Club Amfiv (revista, web, etc).

3º.- Conceder directamente á entidade Club Amfiv unha subvención por importe de 53.000,00€ con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.07 do orzamento en vigor mediante transferencia bancaria á conta corrente facilitada pola entidade co obxecto de coadxuvar ó financiamento das actividades vinculadas co seu proxecto xeral de actividade, desenvolvido na tempada deportiva 2020-2021. A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte á sinatura do convenio mediante transferencia bancaria ó número de conta facilitado pola entidade beneficiaria.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, excepto coa solicitude de subvención na convocatoria por concorrencia competitiva de subvencións que a Concellería de Deportes desenvolva en relación ós proxectos de actividade das entidades deportivas de Vigo na tempada 2020-2021, coa que será incompatible.



Concello de Vigo

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

A comunicación desta circunstancia ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional do Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio, na cartelería, equipacións de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.

Sétimo.- A beneficiaria deberá xustificar no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e o 15 de novembro de 2021 o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar, tal como establece o artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de xeito exclusivo a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

- Atendendo á especificade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitraxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificadas a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitraxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo servizo de deportes, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva 2020-2021. A tal efecto, o técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma, que abarcará desde a data de inscrición do equipo ou dos deportistas na competición, ata os 30 días posteriores á finalización da competición oficial segundo os calendarios oficiais aportados.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os "gastos financeiros" da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lexislación de Contratos del Sector público para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, agás que por as súas especiais características non exista no mercado suficientes.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.



Concello de Vigo

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas

Décimo cuarto.- A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo e ata o 15 de Novembro de 2021, co obxecto de proceder á tramitación da xustificación do mesmo.

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, rexeráse polo establecido no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, de o 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Derivado da súa natureza administrativa, as cuestións litixiosas que puidesen xurdir durante a súa execución serán sometidas ao coñecemento dos Xulgados e Tribunais da Orde Xurisdiccional Contenciosa-Administrativo, de conformidade coa Lei 29/1998, de o 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

Décimo séptimo- Publicarase a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello de Vigo e comunicarase á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar

cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1 c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Décimo oitava.- O mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución deste convenio establécese en base as memorias e informes que presenten as entidades asinantes e a información da que dispoña o persoal técnico do Servizo de Deportes, das actividades realizadas. Este mecanismo resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que se poidan plantexar.

Décimo novena.- En canto as consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, estableceranse ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, no disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e na Lei 39/2015.

Vixésima.- En relación o réxime de modificación do convenio, calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses, a súa modificación requirirá acordo unánime dos asinantes.

Vixésima primeira.- En relación á extinción e resolución.

1. O Convenio extínguese polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

2. Son causas de resolución do Convenio:

a) O transcurso do prazo de vixencia do Convenio sen acordarse a súa prórroga.

b) O acordo unánime dos asinantes.

c) A resolución do Convenio por esta causa poderá conlevar a indemnización dos prexuízos causados se así se previu.

d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do Convenio.

e) O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, ___ de ___ de _____.

O Concelleiro de Deportes

O Presidente do Club Amfiv

Asdo.: D. José Manuel Fernández Pérez

Asdo. José Antonio Beiro Rodríguez

10(274).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA MEDIANTE CONVENIO COA ENTIDADE UNIÓN BALONMAN LAVADORES EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ELITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2020/2021. EXPTE.20369/333.

Visto o informe xurídico do 30/03/2021 e o informe de fiscalización do 08/04/2021, dáse conta do informe-proposta do 15/03/2021, asinado polo xefe do Servizo de Deportes, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:



Concello de Vigo

Atendendo á instrución remitida polo Concelleiro de Deportes, dáse inicio á tramitación do expediente de subvención nominativa por importe de 25.000,00€ prevista na partida orzamentaria 3410.489.00.08 a favor da entidade UNIÓN BALONMÁN LAVADORES polo desenvolvemento do proxecto xeral de actividades da entidade na tempada deportiva 2020-2021.

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación á participación de entidades deportivas da cidade nas máis altas categorías das competicións a nivel do estado.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadás.

En relación a esta actuación de colaboración na actividade deportiva das entidades que teñen equipos nas primeiras categorías dos diversos deportes, atopamos que a entidade deportiva Unión Balonmán de Lavadores conta cun equipo de elite na modalidade de balonmán na categoría División Honor Plata Feminina. A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade en competicións de alto nivel.

Ó valor único e de carácter excepcional que supón a participación do primeiro equipo da entidade na categoría División Honor Plata Feminina hai que engadir o proxecto de dinamización e fomento do deporte de base que a entidade desenvolve na tempada 2020-2021, que impulsa e estimula a participación dos e das máis xóvenes nun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno, e contribúe a establecer pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.

Ambos proxectos complementáanse e son interdependentes, conformando a realidade da entidade Unión Balonmán Lavadores e configurando un proxecto xeral baseado no valor único de cada un deles.

O obxectivo da colaboración entre entidades e institucións responde ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na búsqueda da potenciación de sinerxías no ámbito social, do cal destacamos:

- O interese xeral pola formación do capital humano no ámbito do deporte.
- A búsqueda dunha personalidade propia e definida da acción, en base ós principios do compromiso da sociedade hacia os valores do deporte.
- O tecido asociativo deportivo da nosa cidade é o reflexo do compromiso de centos de persoas coa mellora das condicións de vida e a defensa dos intereses xerais da poboación. A mellora dos recursos para a dinamización do deporte en tódolos aspectos é unha das prioridades de actuación en materia do deporte.

Este proxecto de colaboración coas entidades deportivas con equipos de elite da cidade de Vigo fundaméntase nos seguintes obxectivos:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- Consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o *“Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..”* e que *“...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”*.

Ante estes aspectos atopamos criterios que nos levan á necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento destes proxectos deportivos considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, polo cal propónse a realización dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a entidade Unión Balonmán de Lavadores para favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.

A lexislación aplicable, para este convenio, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado



Concello de Vigo

20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *“Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”*.

Esta subvención ten un claro carácter de interese público e social e concedese directamente ao figurar nominalmente no orzamento do Concello de Vigo para o ano 2021, na partida orzamentaria 3410.489.00.08, consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia. E a súa concesión canalízase a través dun convenio cuxo texto se somete a aprobación.

A Vixencia deste convenio é pola actividade desenvolta pola entidade Unión Balonmán Lavadores durante a tempada deportiva 2020-2021, tendo a obriga de presentar a documentación para a xustificación do mesmo, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata o 15 de Novembro de 2021.

A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte á sinatura do convenio.

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobar a concesión directa dunha subvención a favor da entidade deportiva Unión Balonmán Lavadores para o desenvolvemento do proxecto xeral de actividade da entidade na tempada deportiva 2020-2021 e aprobar o texto do convenio que a regula.

SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto de 25.000,00€. a favor da entidade Unión Balonmán Lavadores co CIF: G36810075 e enderezo social na rúa Pino, 56-1ºA, en Vigo, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 20369-333. Este crédito é con cargo á partida 3410.489.00.08 do vixente orzamento.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE UNION BALONMAN DE LAVADORES EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ELITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2020-2021 (EXPTE. 20369/333).

Na Casa do Concello de Vigo, a ___ de _____ de dous mil _____.

REUNIDOS

Dunha parte, D. José Manuel Fernández Pérez, como Concelleiro Delegado de Deportes da Concellería de Deportes (art. 127 da Lei 7/85, Decreto de Delegación de Alcaldía de 18 de xuño de 2019, Acordo da Xunta de Goberno Local de 20 de xuño de 2019 e resolución de competencias do 26 de Xuño de 2019)

Doutra, D. Iván Pérez Souza, como presidente da entidade Unión Balonmán Lavadores CIF: G36810075 e enderezo social na rúa Pino, 56-1ªA, en Vigo e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 20369/333.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.-O obxecto de este convenio é colaborar no desenvolvemento do programa de dinamización do proxecto deportivo da entidade Unión balonmán Lavadores durante a tempada 2020-2021. A entidade conta cun equipo de elite que participa na categoría División de Honor Plata Feminina, desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.

A entidade Unión Balonmán Lavadores desenvolve o proxecto do equipo de elite durante a tempada 2020-2021.

A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade.

Ademais, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.-Que a entidade Unión balonmán Lavadores impulsa e estimula a participación dos e das máis xóvenes no ámbito do deporte a través do desenvolvemento dun proxecto deportivo de base orientado fundamentalmente ó fomento e promoción do balonmán en etapas de formación, contribuíndo ademais a establecer pautas de referencia positivas, e complementando o proxecto xeral da entidade.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:



Concello de Vigo

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- A consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.489.00.08 prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 25.000,00€, a favor da entidade deportiva Unión Balonmán Lavadores.

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervincentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiamento do proxecto xeral da entidade Unión Balonmán Lavadores na tempada deportiva 2020-2021.

VI.- Que a entidade Unión Balonmán Lavadores non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm 20369-333.

VII.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade, o Concello de Vigo e o Unión Balonmán Lavadores conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A entidade Unión Balonmán Lavadores comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.- Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvolvidos dende este que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio:

- Programa Municipal de escolas deportivas.
- Xornadas de formación.
- Campañas de concienciación vinculadas ós hábitos de vida saudables.
- Actividades dirixidas a poboacións especiais: maiores, discapacitados...
- Colaboración coa promoción do deporte en igualdade.

2º.- Desenvolver un proxecto xeral de actividade da entidade, e que inclúe a dinamización da actividade de carácter excepcional do equipo de elite da entidade e a promoción e fomento do deporte de base na modalidade de balonmán na tempada 2020-2021.

3º.- Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de elite.

4º.- Participar cos xogadores e xogadoras do primeiro equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

5º.- Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de elite, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible a imaxe do Concello de Vigo:

- A imaxe do Concello de Vigo deberá estar presente tanto nas equipacións de xogo como nas de paseo, e o seu formato e ubicación deberá ser autorizado pola Concellería de Deportes.
- Na instalación de Xogo colocaranse, como mínimo, catro lonas coa imaxe institucional do Concello de Vigo, ubicadas en zonas centrais e de máxima visibilidade da zona de xogo, cun mínimo de 1 metro de altura x 4 metros de lonxitude cada unha.
- Na páxina WEB da entidade, a imaxe institucional do Concello deberá estar presente, como mínimo, na páxina principal.
- A imaxe institucional do Concello de Vigo deberá estar presente nos autobuses ou medios de locomoción colectivos, en todos os desprazamentos para a realización de competicións oficiais federadas, participacións en torneos ou en xornadas deportivas, e en xeral en calquera actividade na que participe a entidade.

6º Realizar unha memoria das actividades realizadas durante a tempada deportiva, resultados, colaboracións, clasificacións, proxectos, fotografías coa imaxe institucional, etc... Esta memoria deberá incluír, como mínimo:

- Descrición detallada das competicións nas que a entidade participou, tanto do primeiro equipo da entidade como dos equipos e deportistas de base.
- Fotografías das equipacións de xogo tanto do primeiro equipo como dos equipos de base, que inclúan a imaxe institucional do Concello de Vigo.
- Fotografías de accións de xogo do primeiro equipo da entidade nas que se visualice a imaxe da imaxe institucional do Concello de Vigo nas equipacións de xogo.
- Imaxes da instalación durante o desenvolvemento de competicións do primeiro equipo con detalle das lonas publicitarias coa imaxe institucional ubicadas no terreo de xogo segundo o detallado no apartado 5º do pacto primeiro.

7º.- Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

8º.- Que en todas as comunicacións, informacións de partidos, páxinas web, redes sociais, vinculadas a dinamización, difusión ou organización de actividades, competicións ou adestramentos dos equipos da entidade, apareza o logo institucional do Concello de Vigo.

9º.- Participar cos xogadores do primeiro equipo nos proxectos de promoción deportiva, difusión e información plantexados polo Concello de Vigo.

10º.- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.



Concello de Vigo

11º.-Atender ás obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade Unión Balonmán Lavadores na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización dos seus proxectos deportivos na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade Unión Balonmán Lavadores (revista, web, etc).

3º.- Conceder directamente á entidade Unión Balonmán Lavadores unha subvención por importe de 25.000,00€ con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.08 do orzamento en vigor mediante transferencia bancaria á conta corrente facilitada pola entidade co obxecto de coadruar ó financiamento das actividades vinculadas co seu proxecto xeral de actividade, desenvolvido na tempada deportiva 2020-2021. A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte á sinatura do convenio mediante transferencia bancaria ó número de conta facilitado pola entidade beneficiaria.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, excepto coa solicitude de subvención na convocatoria por concorrencia competitiva de subvencións que a Concellería de Deportes desenvolva en relación ós proxectos de actividade das entidades deportivas de Vigo na tempada 2020-2021, coa que será incompatible.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

A comunicación desta circunstancia ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional do Concello de

Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio, na cartelería, equipacións de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.

Sétimo.- A beneficiaria deberá xustificar no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e o 15 de novembro de 2021 o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar, tal como establece o artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de xeito exclusivo a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

- Atendendo á especificade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitaxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificadas a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitaxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.,) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo servizo de deportes, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.



Concello de Vigo

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva 2020-2021. A tal efecto, o técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma, que abarcará desde a data de inscrición do equipo ou dos deportistas na competición, ata os 30 días posteriores á finalización da competición oficial segundo os calendarios oficiais aportados.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os "gastos financeiros" da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lexislación de Contratos del Sector público para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, agás que por as súas especiais características non exista no mercado suficientes.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas

Décimo cuarto.- A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo e ata o 15 de Novembro de 2021, co obxecto de proceder á tramitación da xustificación do mesmo.

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, rexeráse polo establecido no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Derivado da súa natureza administrativa, as cuestións litixiosas que puidesen xurdir durante a súa execución serán sometidas ao coñecemento dos Xulgados e Tribunais da Orde Xurisdiccional Contenciosa-Administrativo, de conformidade coa Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

Décimo sétimo- Publicarase a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello de Vigo e comunicarase á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1 c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Décimo oitava.- O mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución deste convenio establécese en base as memorias e informes que presenten as entidades asinantes e a información da que dispoña o persoal técnico do Servizo de Deportes, das actividades realizadas. Este mecanismo resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que se poidan plantexar.

Décimo novena.- En canto as consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, estableceranse ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, no disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e na Lei 39/2015.

Vixésima.- En relación o réxime de modificación do convenio, calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses, a súa modificación requirirá acordo unánime dos asinantes.

Vixésima primeira.- En relación á extinción e resolución.

1. O Convenio extinguese polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incurrir en causa de resolución.
2. Son causas de resolución do Convenio:
 - a) O transcurso do prazo de vixencia do Convenio sen acordarse a súa prórroga.
 - b) O acordo unánime dos asinantes.



Concello de Vigo

- c) A resolución do Convenio por esta causa poderá conlevar a indemnización dos prexuízos causados se así se previu.
- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do Convenio.
- e) O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, ____ de ____ de _____.

O Concelleiro de Deportes

O Presidente do Unión Balonmán Lavadores

Asdo.: D. José Manuel Fernández Pérez

Asdo. Iván Pérez Souza

11(275).- DAR CONTA DOS CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLO SERVIZO DE PATRIMONIO HISTÓRICO DURANTE O PRIMEIRO TRIMESTRE DE 2021. EXPTE. 10252/307.

Dáse conta do informe-proposta de data 07/04/2021, asinado pola xefa do Servizo de Patrimonio Histórico e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

En cumprimento da lexislación de aplicación sobre contratos menores (Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público), este servizo de Patrimonio Histórico propón **dar conta á Xunta de Goberno Local dos tramitados durante o primeiro trimestre de 2021**. Estes contratos foron adxudicados á oferta máis vantaxosa en relación cualidade-prezo, á única que se presentou ou, no caso do VII programa municipal de medianeiras, aos artistas seleccionados pola comisión ao efecto (expte. 10122-307).

Expte (307)	concepto	adxudicatario	importe (euros)
10147	subministración do diario FARO DE VIGO á 1ª Tenencia de Alcaldía-Concellería de Patrimonio Histórico durante o ano 2021 (xaneiro-decembro)	Faro de Vigo (A366X-XX15)	380
10130	mantemento das zonas de interese patrimonial adscritas a Patrimonio Histórico durante dous meses, dende o 15 de xaneiro ata o 15 de marzo de 2021	Xestión Ambiental de Contratas (B-367XXX84)	16011,66
10146	subministración do diario EL PAÍS á 1ª Tenencia de Alcaldía-Concellería de Patrimonio Histórico durante o ano 2021	Distribuidora de publicacións Boreal (B792X-XX96)	687,84
10148	mantemento dos extintores situados nos diferentes equipamentos xestionados polo servizo de Patrimonio Histórico durante o ano 2021 (xaneiro-decembro)	Seguridad Mar (B366X-XX52)	319,08

Expte (307)	concepto	adxudicatario	importe (euros)
10168	mantemento do sistema de climatización do Centro de interpretación do mundo romano (CIMR) durante o ano 2021 (febreiro-decembro)	Friclima (B366XXX07)	968
10169	mantemento do ascensor do Centro de interpretación do mundo romano (CIMR), situado á beira do xacemento arqueolóxico villa romana de Toralla durante o ano 2021 (febreiro-decembro)	Enor (B366XXX92)	958,32
10178	recollida, traslado a vertedeiro autorizado e tratamento dos restos vexetais do xardín histórico do pazo municipal Quiñones de León-Castrelos durante os meses de febreiro a maio do ano 2021	Toysal (Toca y Salgado) (B366XXX85)	2200
10180	subministración de material funxible para reposición de uteis de xardinería durante ano 2021	Garciventa (B-067XXX70)	5249,36
10177	reparación de maquinaria de xardinería adscrita ao xardín histórico do pazo Quiñones de León durante o ano 2021	Forest Garden (Gaspar Martínez Cameselle) (360XXX46E)	3483,05
10183	redacción do proxecto que servirá de base para a contratación do desenvolvemento do VII Programa para arrumbar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia sobre a vía pública, aprobado pola Xunta de Goberno Local o 23/12/2020	Alejandro Luis Sánchez (361XXX24C)	3025
10170	limpeza de pintadas e grafitis sobre os espazos de interese patrimonial xestionados por Patrimonio Histórico	Clinarte (B363XXX72)	407
10197	poda sanitaria urxente e de seguridade no arborado de espazos e equipamentos de Patrimonio Histórico, retirada de restos vexetais e equilibrado posterior dos espécimes saneados	Xestión Ambiental de Contratas (B367XXX84)	12455,98
10212	participación da Fundación Igualarte no VII Programa para arrumbar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública no muro situado á beira da urbanización Sotavento en Bouzas	Fundación Igualarte (G364XXX24)	9680
10218	participación do artista Roberto Argüelles Menaz, no VII Programa para arrumbar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública no muro do CEIP Mestres Goldar	Roberto Argüelles Menaz (361XXX34P)	7000



Concello de Vigo

Expte (307)	concepto	adxudicatario	importe (euros)
10213	cobertura audiovisual e xestión de contidos e web do VII Programa municipal de medianeiras	Samnh Joem Hardie Núñez (531XXX15E)	14520
10219	participación do artista David Amoedo Losada (Davida) no VII Programa para arrumar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública nas escaleiras de A Seara	David Amoedo Losada (531XXX47M)	6000
10226	participación do artista Gonzalo Martín Domingo (Taquen) no VII Programa para arrumar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública na Avda. Balaídos n.º 31	Gonzalo Martín Domingo (472XXX71F)	8000
10225	participación da artista Lorena Arévalo Iglesias no VII Programa para arrumar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública na rúa Mestre Chané n.º 9	Lorena Arévalo Iglesias (531XXX52C)	2500
10240	poda sanitaria urxente e de seguridade no arborado de espazos e equipamentos de Patrimonio Histórico, retirada de restos vexetais e equilibrado posterior dos espécimes saneados	Xestión Ambiental de Contratas (B367XXX84)	12455,98
10248	REPARACIÓN do sistema de climatización do Centro de interpretación do mundo romano (CIMR) situado á beira do xacemento arqueolóxico villa romana de Toralla	Friclima (B366XXX07)	208,12

ACORDO

A Xunta de Goberno local queda informada.

12(276).- DAR CONTA DOS CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLA XEFATURA DA POLICÍA LOCAL DURANTE O PRIMEIRO TRIMESTRE DO ANO 2021. EXPTE. 74901/212.

Dáse conta do informe-proposta de data 12/04/2021, asinado polo intendente xefe da Policía Local e pola concelleira-delegada de Seguridade, que di o seguinte:

En cumprimento do disposto no artigo 64.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, e na base 31ª das do orzamento vixente, achégase a información relativo aos contratos menores celebrados pola Policía Local correspondente ao primeiro trimestre do ano 2021 (xaneiro, febreiro e marzo), para a súa consideración pola Xunta de Goberno Local, según anexo.

Expte.	Partida	CM	Obxecto	Adxudicatario	Decreto	Rc	Fin contrato	Importe €
73311/212	1320.2219900	SUM	Adquisición 400 colectores fluido oral presenza drogas saliva	Universidade Santiago Compostela	02/02/21	01/02/21	31/12/21	2.032,80
73344/212	1320.2270602	SER	Recollida, transporte e análises saliva	Universidade Santiago Compostela	20/01/21	19/01/21	31/12/21	6.806,25
73470/212	1320.2219900	SUM	Adquisición 17.000 mascarillas FFP2	Peycar Pontevedra, SL	02/02/21	02/02/21	31/12/21	8.160,00
73613/212	1320.6250000	SUM	Adquisición 10 cadeiras oficina	Comercial Integral Especialista Suministros, SL	22/02/21	05/03/21	31/12/21	3.116,95
73691/212	1320.2190000	SER	Reparación cinemómetro nº serie 12-05-2596	Tradesegur sistemas Seguridad Ciudadana, SL	05/02/21	04/02/21	31/12/21	13.110,35
73717/212	1320.2260400	SER	Defensa xurídica Policía Local	DAS	05/03/21	04/03/21	31/12/21	7.400,00
73859/212	1320.2279900	SER	Mantemento integral equipos medición	Drager Safety Hispania, SA	04/03/21	26/02/21	31/12/21	6.683,77
74033/212	1320.2219900	SUM	Adquisición 350 kits indiciarios drogas en saliva	Saborit International SL	01/03/21	26/02/21	31/12/21	7.834,75
74035/212	1320.2219900	SUM	Adquisición 100 rollos cinta balizamento	Peycar Pontevedra, SL	30/03/21	30/03/21	31/12/21	2.964,50
74246/212	1320.2140000	SER	Reparación vehículo 4834GYS	Tradesegur sistemas Seguridad Ciudadana, SL	10/03/21	09/03/21	31/12/21	871,20
74248/212	1320.2219900	SUM	Adquisición arrancador portátil batería	Wurth España, SA	17/03/21	16/03/21	31/12/21	617,40
74338/212	1320.2200202	SUM	Adquisición software simulación reconstrucción accidentes tráfico	Consultores y Reconstructores Accidentes, SL	30/03/21	30/03/21	31/12/21	3.351,70

ACORDO

A Xunta de Goberno local queda informada.

13(277).- PRÓRROGA DO PROGRAMA “ACTUACIÓN PARA INVESTIGACIÓN E REVISIÓN DAS ACTIVIDADES ECONÓMICAS DESENVOLVIDAS POR PERSOAS XURÍDICAS A EFECTOS DO IMPORTE DE ACTIVIDADES ECONÓMICAS” E DOS NOMEAMENTOS INTERINOS VINCULADOS AO MESMO DE 1 ENXEÑEIRO TÉCNICO (A2) E 2 AUXILIARES ADMINISTRATIVOS (C2). EXPTE.37314/220

Visto o informe de fiscalización do 07/04/2021, dáse conta do informe-proposta do 06/04/2021, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira-delegada de Organización Municipal, que di o seguinte:



Concello de Vigo

ANTECEDENTES

I.- A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 4 de maio de 2017, adoptou o seguinte acordo: “PROGRAMA DE ACTUACIÓN PARA A INVESTIGACIÓN E REVISIÓN DAS ACTIVIDADES ECONÓMICAS DESENVOLVIDAS POR PERSOAS XURÍDICAS A EFECTOS DO IMPOSTO DE ACTIVIDADES ECONÓMICAS. EXPTE. 27971/220.”

II.-A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 19/04/2018 acordou o nomeamento dun/dunha funcionario/a interino/a por execución de programa de carácter temporal, “Programa de Actuación para a investigación e revisión das actividades económicas desenvolvidas por persoas xurídicas a efectos do I.A.E. Expte. 27971-220”, como Enxeñeiro/a Técnico/a ,por un período máximo de 3 anos, a D. Fernando Lago López, con DNI *****461-N. Por acordo da XGL de data 11/10/2018 foron nomeadas dúas auxiliares de Administración Xeral, D^a. N.Núñez Aboy e, D^a. I. González Sánchez, para a execución do devandito programa.

III.- Na data de sinatura electrónica, se recibiu solicitude asinada pola Directora de Ingresos e conformada polo concelleiro delegado competente, solicitando entre outros, a prórroga por un período de doce meses do programa referido e do nomeamento dos funcionarios interinos adscritos ao mesmo.

IV.- En base ao anterior a concelleira-delegada da Área de Organización Municipal, a través de instrución de servizo de data 04/02/2021, ordenou *“Incoar expediente administrativo da Área de Recursos Humanos e Formación para o sometemento e aprobación na Xunta de Goberno Local da prórroga por doce meses do Programa temporal “programa de actuación para investigación e revisión das actividades económicas desenvolvidas por persoas xurídicas a efectos do importe de actividades económicas” e dos nomeamentos interinos vinculados ao mesmo:*

. Funcionarias interinas auxiliares administrativas de D^a. N. Núñez Aboy (NP 80411) e D^a. I. González Sánchez (NP 80696).

. Funcionario interino enxeñeiro técnico D. F. Lago López, (NP 83953).”

V.- Consta no expediente informe de cuantificación económica do gasto a incidencia do mesmo no capítulo I.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Prórroga do “PROGRAMA DE ACTUACIÓN PARA A INVESTIGACIÓN E REVISIÓN DAS ACTIVIDADES ECONÓMICAS DESENVOLVIDAS POR PERSOAS XURÍDICAS A EFECTOS DO IMPOSTO DE ACTIVIDADES ECONÓMICAS”.

Segundo consta na solicitude recibida asinada pola Directora de Ingresos, conformada pola Concellería delegada competente, "...cómpre seguir afondando nalgúns aspectos das comprobacións realizadas e deseñando actuacións estruturais/estratexias de futuro para unha xestión tributaria mellor neste imposto, así como crear un completo SIG da actividade económica do municipio que proporcione información completa e relevante para o deseño de políticas sectoriais municipais de carácter non fiscal como fomento, atracción de negocios e outras. Para a implementación de políticas sectoriais non abonda con investigar no IAE, senón que resulta necesaria a información doutras bases de datos reveladoras da existencia dunha actividade económica e das súas características.

Dende o punto de vista do presuposto de ingresos do Concello, no actual contexto da pandemia mundial covid 19, a función comprobadora neste imposto resulta vital para minimizar as baixas de recadación que, sen dúbida, estanse a producir pola repercusión que a crise sanitaria está tendo na actividade económica:..."

II.- Prórroga dos nomeamentos interinos.

II a) Lexislación aplicable

Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

*"1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas."*

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

"El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas."

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:



Concello de Vigo

"FD CUARTO.-

(....) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: **1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.** A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afírmase que:

“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”

II b) Nomeamento de funcionarios interinos:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa a existencia de prazas vacantes cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira (apartado a), a substitución transitoria do titular da praza (apartado b), a **execución de programas de carácter temporal, que non poderá ter unha duración superior a tres anos, ampliable hasta 12 meses mais (apartado c)** e, o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O artigo 10.6.do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións

análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Consecuencia da prórroga do programa inicial aprobado pola Xunta reitora, procede a prórroga dos nomeamentos interinos solicitados, que están a desenvolver o programa na actualidade: o enxeñeiro técnico D. F. Lago López, nomeado por acordo da XGL de data 19/04/2018, e as dúas auxiliares de Administración Xeral, D^a. N. Núñez Aboye, D^a. I. González Sánchez, nomeadas por acordo da XGL de data 11/10/2018.

Ditos nomeamentos serán revocados ademais de polas causas previstas no artigo 63 do TREBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o remate da prórroga do programa temporal, que acontecerá o día 01/05/2022.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

Ademais do anterior é necesaria a comprobación no informe de fiscalización do cumprimento das previsións contidas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupuestaria e Sostenibilidade Financieira.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase de luns a venres, en xornada de mañá ou tarde, segundo as necesidades do Servizo, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

II c) Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta na solicitude de data de sinatura electrónica que obra no expediente unido (2773-500), resulta precisa a prórroga polo prazo máximo legalmente establecido de doce meses máis. Nos remitimos ao punto I dos Fundamentos xurídicos de este Informe.

Así mesmo na instrución de servizo do concelleira-delegada da Área de Organización Municipal de data de sinatura electrónica, resulta acreditada a urxencia do nomeamento proposto, resultando acreditado que o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das que figuran nas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas



Concello de Vigo

da aplicación das previsións contidas na Lei 3/2017, de 27 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o presente ano 2017 e, de igual xeito na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220 a propósito da clarificación das competencias das Entidades Locais distintas das propias e das atribuídas por delegación, ao amparo do artigo 3.3 da Lei 5/2014, do 27 de xuño.

II d) Proposta de gasto:

De acordo co informe técnico de cuantificación económica, que consta no expediente os nomeamentos interinos propostos supón o coste seguinte:

CUADRO RESUMO CUSTE TOTALIDADE PRÓRROGA PROGRAMA 1 ANO **((02/05/2021 A 01/05/2022 – 3 POSTOS)**

ENXEÑEIRO TÉCNICO / DÚAS AUXILIARES ADMINISTRACIÓN XERAL

CUSTE TOTAL PROPOSTA	ANO-2021	ANO-2022	<u>(02/05/2021 A 01/05/2022 – 3 POSTOS)</u>
Retribucións totais	61.693,50 €	31.818,98 €	93.512,48 €
Seguridade Social	18.413,15 €	9.496,75 €	27.909,90 €
TOTAIS 5 POSTOS	80.106,65 €	41.315,73 €	121.422,38 €

Con respecto ao apartado I.a) pronunciamento expreso de si hai ou non disponibilidad orzamentaria para afrontar os custes retributivos e de seguridade social, infórmase que o custo da referida prórroga dos nomeamentos formalizados en data 02/05/2018 e, 15/10/2018, imputarase a aplicación orzamentaria 92001400000 do orzamento do exercicio económico 2021(oito meses) e, do periodo comprendido entre o 01/01/2022 e o 01 de maio de 2022 (4 meses) no que respecta a custes retributivos, e, a partida 920.0.1600099 no que respecta a custes da seguridade social.

A aprobación do presente expediente levaría consigo a incorporación dun novo AFUT para o vindeiro exercicio 2022, por importe de 31.818,98€ e outro por importe de 9.496,75€ en concepto de seguridade social correspondente ao ano 2022.

Ademais do anterior é necesaria a comprobación no informe de fiscalización do cumprimento das previsións contidas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupuestaria e Sostenibilidade Financeira. No informe de fiscalización debería considerarse expresamente as indicacións contidas no informe técnico de data 04/02/2021.(trámite 12 do expte)

IV. Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita, previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sra. Concelleira-Delegada da Área de Organización Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en datas 18/06/2019 e 20/06/2019, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

I.- Prorrogar, en base aos informes que constan no expediente, por 12 meses (ata o 01/05/2022), o Programa "PROGRAMA DE ACTUACIÓN PARA A INVESTIGACIÓN E REVISIÓN DAS ACTIVIDADES ECONÓMICAS DESENVOLVIDAS POR PERSOAS XURÍDICAS A EFECTOS DO IMPOSTO DE ACTIVIDADES ECONÓMICAS".

II.- Prorrogar, en base aos informes emitidos no expediente, os nomeamentos dos/as funcionarios/as interinos/as nomeados para a execución do programa de carácter temporal referido no punto anterior:

- Un enxeñeiro técnico D. F. Lago López, nomeado por acordo da XGL de data 19/04/2018
- Dúas auxiliares de Administración Xeral, D^a. N.Núñez Aboy e, D^a. I. González Sánchez, nomeadas por acordo da XGL de data 11/10/2018.

En consecuencia, autorizar o gasto total de 121.422,38 €, das que 93.512,48 € corresponden a retribucións e, 27.909,90 € a custes de seguridade social. En canto a retribucións, 61.693,50 €, corresponde a presente exercicio e, 31.818,98 € ao vindeiro exercicio 2022; e no que respecta ao custe de seguridade social, 18.413,15 €, corresponde a presente exercicio e, 9.496,75 € ao vindeiro exercicio 2022, de conformidade co establecido no informe técnico que consta no informe económico anexado ao expediente.

Elo con cargo á aplicación orzamentaria 92001400000 do orzamento do exercicio económico 2021(oito meses) e, do periodo comprendido entre o 01/01/2022 e o 01 de maio de 2022 (4 meses) no que respecta a custes retributivos, e, a partida 920.0.1600099 no que respecta a custes da seguridade social.

III.- Dispoñer que a referida prórroga dos nomeamentos, faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.c) do TREBEP, rematando cando transcorra a duración da prórroga do programa (01/05/2022) nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria dos postos seguintes: enxeñeiro t. industrial (posto cod. 346), e auxiliar de admon xeral (posto cod.138). Todo elo, sen prexuízo de que de conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e



Concello de Vigo

categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

IV.- Establecer que a xornada laboral dos citados funcionarios interinos desenvolverase de luns a venres, en xornada de mañá ou tarde, segundo as necesidades do referido Servizo que garantan os seus períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

V.- Notificar o presente acordo aos aspirantes nomeados, á Directora de Ingresos, á Intervención Xeral, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación a Inspección de persoal e ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(278).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE SUBMINISTRO DE MATERIAL DE OFICINA CONSUMIBLE. EXPTE. 6414/241

Visto o informe xurídico do 31/03/2021 e o informe de fiscalización do 06/04/2021, dáse conta do informe-proposta do 24/03/2021, asinado polo auxiliar técnico de Contratación, a xefa de Área de Réxime Interior, a concelleira-delegada de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES

1.- A Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente de data 22/05/2020, na súa calidade de órgano de contratación, acordou adxudicar a PAZ DISMAC, S.L. (C.I.F. B-36.062.180) o contrato de subministro de material de oficina consumible para a realización das labores de xestión encomendadas aos distintos servizos do Concello de Vigo (Expte.6414-241) por procedemento aberto simplificado e por un prezo total de VINTE E SETE MIL EUROS (27.000,00 €) sendo a cota correspondente ao IVE de 4.685,95 €, cunha porcentaxe de desconto único do 35% a aplicar aos prezos unitarios non incluídos no PPT, pero pertencentes as mesmas familias de materiais do contrato e de acordo cos prezos unitarios recollidos na súa oferta.

Todo iso, de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

2.- O contrato formalizouse en documento administrativo en data 28/05/2020 e na Cláusula Sétima consta o prazo deste, o cal é de un ano sendo a data de inicio o 29/05/2020 e estando previstas na cláusula 7.3 que o contrato poderá ser obxecto de prórroga polo periodo que se prevé no apartado 4.C da FEC, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo e o preaviso se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Quedan exceptuados da obriga de preaviso os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses.

3.- Notificada a finalización do prazo inicial do contrato en data 01/03/2021, a empresa presta a súa conformidade coa prórroga en data de 02/03/2021 e con número de documento 210034146.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS.

Primeiro.- De conformidade coa Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2017, 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro (LCSP), a sensu contrario, os contratos administrativos adxudicados con posterioridade á entrada en vigor da lei rexeranse pola mesma en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa modificación, duración e réxime de prórrogas.

Segundo.- O artigo 29.2 da LCSP, establece que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o periodo de duración destas, sen prexuízo das modificacións que se poidan introducir de conformidade co establecido nos artigos 203 a 207 da lei. A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu aviso previo se produza polo menos con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato, salvo que no prego que rexa o contrato se estableza un maior. Quedan exceptuados da obriga de aviso previo os contratos cuxa duración fose inferior a dous meses.

Terceiro.- O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares aprobado pola Xunta de Goberno Local establece expresamente na cláusula 7.3 que o contrato poderá ser obxecto de prórroga polo periodo que se prevé no apartado 4.C da FEC, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo e o preaviso se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Quedan exceptuados da obriga de preaviso os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses.

A empresa foi notificada da finalización do prazo inicial do contrato en data 01/03/2021 e presta a súa conformidade coa primeira prórroga por un ano, en data 02/03/2021 e con número de documento 210034146.

O referido apartado 4 das FEC establece nun ano o prazo de execución do contrato, coa previsión no seu apartado C) de tres prórrogas dun ano e duración cada unha.

Cuarto.- Considérase conveniente polos que subscriben, a proposta de prórroga do contrato de subministro de material de oficina consumible para a realización das labores de xestión encomendadas aos distintos servizos do Concello de Vigo, por un periodo dun ano, toda vez que a subministración durante o prazo inicial de execución foi satisfactoria e cúmplíronse correctamente as condicións establecidas á adxudicataria.



Concello de Vigo

Quinto.- Ao abeiro do establecido na Disposición Adicional 2ª apartado 4 da LCSP, a competencia como órgano de contratación corresponde á Xunta de Goberno Local.

Sexto.- O período da prórroga do contrato comprenderá dende o 29/05/2021 ao 28/05/2022 e o seu prezo anual ascende a un total de VINTE E SETE MIL EUROS (27.000,00 €) incluíndo a cota de IVE .

Sétimo.- O importe da prórroga imputarase á aplicación orzamentaria 9200.2200002 "MATERIAL OFICINA" segundo a seguinte distribución anual:

- **Ano 2021:** período comprendido entre o 29/05/2021 e o 31/12/2021: **26.000 €**
- **Ano 2022:** período comprendido entre o 01/01/2022 e o 28/05/2022: **1.000 €**

Polo exposto, e previo informe xurídico e de fiscalización da Intervención xeral **PROPÓNSE** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Primeiro.- Aprobar a primeira prórroga dun ano de duración do vixente contrato de subministro de material de oficina consumible para a realización das labores de xestión encomendadas aos distintos servizos do Concello de Vigo (Expte.6414-241); formalizado coa entidade mercantil PAZ DISMAC, S.L. polo período comprendido desde o 29/05/2021 ata o 28/05/2022.

Segundo- Autorizar o gasto estimado do contrato de subministro de material de oficina consumible para a realización das labores de xestión encomendadas aos distintos servizos do Concello de Vigo (Expte.6414-241); a favor da entidade mercantil PAZ DISMAC, S.L. C.I.F. B-36.062.180) por importe de VINTE E SETE MIL EUROS (27.000,00 €) IVE engadido, sendo a cota correspondente ao IVE de CATRO MIL SEISCENTOS OITENTA E CINCO EUROS E NOVENTA E CINCO CÉNTIMOS (4.685,95 €); imputando o devandito gasto á aplicación orzamentaria 9200.2200002 "MATERIAL OFICINA" segundo a seguinte distribución anual:

- **Ano 2021:** período comprendido entre o 29/05/2021 e o 31/12/2021: **26.000 €**
- **Ano 2022:** período comprendido entre o 01/01/2022 e o 28/05/2022: **1.000 €**

Terceiro.- Adoptado o acordo, deberá de notificarse á empresa adxudicataria PAZ DISMAC, S.L. indicando que é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte a súa notificación, ou impugnalo directamente ante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer, no seu caso, calquera outro que estimen procedente.

Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(279).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, POR PROCEDIMIENTO ABERTO, DAS OBRAS DO PROXECTO DE “RENOVACIÓN DA CAPA DE RODAXE DA RÚA MARÍN”. EXPTE. 623/441.

Visto o informe xurídico do 31/03/2021 e o informe de fiscalización do 09/04/2021, dáse conta do informe-proposta do 18/03/2021, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o concelleiro-delegado de Fomento e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES DE FEITO

1º.- O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento, en data 02/03/2018, resolveu autorizar o gasto para redacción de “Renovación da capa de rodaxe da rúa Marín” a prol da empresa Soltec Ingenieros S.L (B36881415).

2º.- A empresa Soltec Ingenieros S.L. presenta proxecto de “RENOVACIÓN DA CAPA DE RODAXE DA RÚA MARÍN”, redactado polo Enxeñeiro Industrial D. Daniel Prieto Renda e cun orzamento base de licitación máis IVE de CENTO SESENTA E DOUS MIL OITOCENTOS CORENTA E CATRO EUROS CON SESENTA CÉNTIMOS (162.844,60 €).

3º.- Previo informe da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal de data 28/05/2019, e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución de data 17/07/2020 e o informe de fiscalización favorable da Intervención Xeral de data 23/07/2020, a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 30/07/2020 aprobou o proxecto de “RENOVACIÓN DA CAPA DE RODAXE DA RÚA MARÍN” redactado polo Enxeñeiro Industrial D. Daniel Prieto Renda e cun orzamento base de licitación máis IVE de CENTO SESENTA E DOUS MIL OITOCENTOS CORENTA E CATRO EUROS CON SESENTA CÉNTIMOS (162.844,60 €).

4º.- No expediente de contratación consta a documentación que segue:

- A) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 30/07/2020 que se corresponde cos expediente administrativo 4198/443 e que inclúen o Prego de Prescricións Técnicas redactado polo Enxeñeiro Industrial D. Daniel Prieto Renda.
- B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato, asinado pola Técnica de Xestión, o Xefe do Servizo de Vías, Obras e Infraestruturas e o Xefe do Servizo Administrativo de Control Orzamentario, de datas 11 e 12/11/2020.
- C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 12/11/2020.
- D) Memoria económica asinada pola Técnica de Xestión, o Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 09/02/2021.
- E) Certificado de crédito RC nº 202100009680 asinado polo Director Superior Contable.
- F) Acta de replanteo do proxecto asinada polo Enxeñeiro Xefe do Servizo de Vías e Obras, Jerónimo Centrón Castaños, en data 18/02/2021.
- G) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en data 16/03/2021.



Concello de Vigo

- H) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación de data 17/03/2021.
- I) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Técnica de Administración Xeral e a Xefa do Servizo de Contratación en data 17/03/2021.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (Disposición Adicional 2ª.4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 19/06/2015), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

Terceiro.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigos 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratarse dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 28/05/2019) e o cumprimento da normativa sectorial.

Cuarto.- Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de que non existe desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril).

Quinto.- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da Asesoría Xurídica (Disposición Adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 da LCSP).

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (Disposición Adicional 2ª.4 da LCSP).

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente os devanditos informe da titular da Asesoría Xurídica e informe de fiscalización, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras de “**RENOVACIÓN DA CAPA DE RODAXE DA RÚA MARÍN**” redactado polo Enxeñeiro Industrial D. Daniel Prieto Renda e cun orzamento base de licitación máis IVE de 162.844,60 €.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral e a Xefa do Servizo de Contratación de data 17/03/2021.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de **CENTO SESENTA E DOUS MIL OITOCENTOS CORENTA E CATRO EUROS CON SESENTA CÉNTIMOS (162.844,60 €)**, sendo o importe correspondente ao IVE de 28.262,29 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1532.210.00.60 (Asfaltado na rúa Marín), segundo a distribución de anualidades proposta.

2021	162.844,60 €
TOTAL	162.844,60 €

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(280).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, POR PROCEDIMENTO ABERTO, DAS OBRAS DO PROXECTO DE “CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NO CAMIÑO DO LARANXO”. EXPTE. 702/441.

Visto o informe xurídico do 30/03/2021 e o informe de fiscalización do 07/04/2021, dáse conta do informe-proposta do 15/03/2021, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o concelleiro-delegado de Fomento e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES DE FEITO.

1º.- O orzamento municipal vixente recolle dentro do programa 1532 aplicación orzamentaria 1532.619.00.67 (“Beirarrúa no camiño do Laranxo”)

2º.- Ao expediente administrativo de contratación achégase o expediente nº 4059-443 correspondente ao proxecto de obras, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 24 de setembro de 2020 de cuxa execución se trata. No devandito proxecto de obras figura, como integrante do mesmo, o prego de prescricións técnicas particulares da execución da obra.

3º.- No expediente contratación consta a documentación que segue:



Concello de Vigo

- A) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión de data 24 de setembro de 2020 que se corresponde co expediente administrativo 4059-443, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Francisco José Fidalgo Longueira, cun orzamento base de licitación máis IVE de CENTO TRINTA E CINCO MIL NOVECENTOS VINTE E CINCO EUROS CON NOVENTA E NOVE CÉNTIMOS (135.925,99 €) e data xullo de 2018, e con sinatura dixital de 12/05/2018.
- B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola Técnica de Xestión, polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos Municipal/Xefe do Servizo de Vías e Obras e polo Xefe do Servizo Administrativo de Control Orzamentario en datas 11.11.2020 e 12.11.2020.
- C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 12 de novembro de 2020.
- D) Memoria económica asinada polo Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 20 de novembro de 2020.
- E) Certificado de crédito RC nº 202000080511 asinado polo Director Superior Contable.
- F) Acta de replanteo do correspondente proxecto asinada polo Enxeñeiro Xefe de Vías e Obras en data 25 de novembro de 2020.
- G) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en datas 03 de marzo de 2021.
- H) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Técnica de Administración Xeral en data 12 de marzo de 2021.
- I) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación en data 12 de marzo de 2021.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 19.06.2015), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

Terceiro.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da

LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratarse dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 26.12.2018) e o cumprimento da normativa sectorial.

Cuarto.- Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril)

Quinto.- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídica e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de "**CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NO CAMIÑO DO LARANXO**", redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Francisco José Fidalgo Longueira, cun orzamento base de licitación máis IVE de **CENTO TRINTA E CINCO MIL NOVECENTOS VINTE E CINCO EUROS CON NOVENTA E NOVE CÉNTIMOS (135.925,99 €)** e con sinatura dixital de 12/05/2018.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación en data 12 de marzo de 2021.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de **CENTO TRINTA E CINCO MIL NOVECENTOS VINTE E CINCO EUROS CON NOVENTA E NOVE CÉNTIMOS (135.925,99 €)** sendo o importe correspondente ao IVE de 23.590,46 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1532.619.00.67 ("Beirarrúa no camiño do Laranxo").

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

17(281).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, POR PROCEDIMENTO ABERTO, DAS OBRAS DO PROXECTO DE “CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA RÚA DA BREA-BEADE”. EXPTE. 703/441.

Visto o informe xurídico do 31/03/2021 e o informe de fiscalización do 09/04/2021, dáse conta do informe-proposta do 15/03/2021, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o concelleiro-delegado de Fomento e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES DE FEITO.

1º.- O orzamento municipal vixente recolle dentro do programa 1532 aplicación orzamentaria 1532.619.00.70 (“Human. Camiño da Brea”).

2º.- Ao expediente administrativo de contratación achégase o expediente nº 4030-443 correspondente ao proxecto de obras, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 24 de setembro de 2020 de cuxa execución se trata. No devandito proxecto de obras figura, como integrante do mesmo, o prego de prescricións técnicas particulares da execución da obra.

7º.- No expediente contratación consta a documentación que segue:

- A) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión de data 24 de setembro de 2020 que se corresponde co expediente administrativo 4059-443, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Francisco José Fidalgo Longueira, cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUSCENTOS VINTE E SEIS MIL OITOCENTOS OITENTA E UN EUROS CON TRECE CÉNTIMOS (226.881,13 €) e data xuño de 2018, e con sinatura dixital de 12/05/2018.
- B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola Técnica de Xestión, polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos Municipal/Xefe do Servizo de Vías e Obras e polo Xefe do Servizo Administrativo de Control Orzamentario en datas 11.11.2020 e 12.11.2020.
- C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 12 de novembro de 2020.
- D) Memoria económica asinada polo Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 20 de novembro de 2020.
- E) Certificado de crédito RC nº 202000080483 asinado polo Director Superior Contable.
- F) Acta de replanteo do correspondente proxecto asinada polo Enxeñeiro Xefe de Vías e Obras en data 25 de novembro de 2020.
- G) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en datas 24 de febreiro de 2021.
- H) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Técnica de Administración Xeral en data 12 de marzo de 2021.

- l) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación en data 12 de marzo de 2021.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 19.06.2015), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

Terceiro.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratarse dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 26.12.2018) e o cumprimento da normativa sectorial.

Cuarto.- Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril)

Quinto.- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídica e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de "**CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NO CAMIÑO DA BREA-BEADE**", redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Francisco José Fidalgo Longueira, cun orzamento base de licitación máis IVE de **DOUSCENTOS VIN-**



Concello de Vigo

TE E SEIS MIL OITOCENTOS OITENTA E UN EUROS CON TRECE CÉNTIMOS (226.881,13 €) e data xuño de 2018, e con sinatura dixital de 12/05/2018

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación en data 12 de marzo de 2021.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de **DOUSCENTOS VINTE E SEIS MIL OITOCENTOS OITENTA E UN EUROS CON TRECE CÉNTIMOS (226.881,13 €)** sendo o importe correspondente ao IVE de 39.376,06 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1532.619.00.70 ("Human. Camiño da Brea").

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(282).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, POR PROCEDIMENTO ABERTO, DAS OBRAS DO PROXECTO DE "CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA RÚA DA COSTA DA GÁNDARA-BEADE". EXPTE. 704/441.

Visto o informe xurídico do 31/03/2021 e o informe de fiscalización do 07/04/2021, dáse conta do informe-proposta do 15/03/2021, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o concelleiro-delegado de Fomento e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES DE FEITO.

1º.- O orzamento municipal vixente recolle dentro do programa 1532 aplicación orzamentaria 1532.619.00.71 ("Human. Rúa Costa da Gándara").

2º.- Ao expediente administrativo de contratación achégase o expediente nº 4807-443 correspondente ao proxecto de obras, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 24 de setembro de 2020 de cuxa execución se trata. No devandito proxecto de obras figura, como integrante do mesmo, o prego de prescricións técnicas particulares da execución da obra.

3º.- No expediente contratación consta a documentación que segue:

- A) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión de data 24 de setembro de 2020 que se corresponde co expediente administrativo 4807-443, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Francisco José Fidalgo Longueira, cun orzamento base de licitación máis IVE de CENTO SESENTA E DOUS MIL CINCOCENTOS VINTE E DOUS EU-

ROS CON CATORCE CÉNTIMOS (162.522,14 €) e data xuño de 2018, e con sinatura dixital de 12/05/2018.

- B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola Técnica de Xestión, polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos Municipal/Xefe do Servizo de Vías e Obras e polo Xefe do Servizo Administrativo de Control Orzamentario en data 12.11.2020.
- C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 12 de novembro de 2020.
- D) Memoria económica asinada polo Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 20 de novembro de 2020.
- E) Certificado de crédito RC nº 202000080484 asinado polo Director Superior Contable.
- F) Acta de replanteo do correspondente proxecto asinada polo Enxeñeiro Xefe de Vías e Obras en data 25 de novembro de 2020.
- G) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en datas 24 de febreiro de 2021.
- H) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Técnica de Administración Xeral en data 12 de marzo de 2021.
- I) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación en data 12 de marzo de 2021.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 19.06.2015), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

Terceiro.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratarse dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 26.12.2018) e o cumprimento da normativa sectorial.



Concello de Vigo

Cuarto.- Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril)

Quinto.- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídica e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de **“CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA RÚA COSTA DA GÁNDARA - BEADE”**, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Francisco José Fidalgo Longueira, cun orzamento base de licitación máis IVE de **CENTO SESENTA E DOUS MIL CINCOCENTOS VINTE E DOUS EUROS CON CATORCE CÉNTIMOS (162.522,14 €)** e data xuño de 2018, e con sinatura dixital de 12/05/2018.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación en data 12 de marzo o de 2021.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de **CENTO SESENTA E DOUS MIL CINCOCENTOS VINTE E DOUS EUROS CON CATORCE CÉNTIMOS (162.522,14 €)** sendo o importe correspondente ao IVE de 28.206,32 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1532.619.00.71 (“Human. Rúa Costa da Gándara”)

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(283).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, POR PROCEDIMIENTO ABERTO, DAS OBRAS DO PROXECTO DE “CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA RÚA PENÍS DE ABAIXO”. EXPTE. 705/441.

Visto o informe xurídico do 31/03/2021 e o informe de fiscalización do 07/04/2021, dáse conta do informe-proposta do 15/03/2021, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o concelleiro-delegado de Fomento e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES DE FEITO.

1º.- O orzamento municipal vixente recolle dentro do programa 1532 aplicación orzamentaria 1532.619.00.72 (“Human. Rúa Penís de Abaixo”).

2º.- Ao expediente administrativo de contratación achégase o expediente nº 4034-443 correspondente ao proxecto de obras, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 06 de agosto de 2020 de cuxa execución se trata. No devandito proxecto de obras figura, como integrante do mesmo, o prego de prescricións técnicas particulares da execución da obra.

3º.- No expediente contratación consta a documentación que segue:

- A) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión de data 06 de agosto de 2020 que se corresponde co expediente administrativo 4034-443, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Francisco José Fidalgo Longueira, cun orzamento base de licitación máis IVE de SETENTA E OITO MIL DOUSCENTOS CINCUENTA E SEIS EUROS CON CORENTA E CATRO CÉNTIMOS (78.256,44 €) e con sinatura dixital de data 14.12.2018.
- B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola Técnica de Xestión, polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos Municipal/Xefe do Servizo de Vías e Obras e polo Xefe do Servizo Administrativo de Control Orzamentario en datas 11.11.2020 e 12.11.2020.
- C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 12 de novembro de 2020.
- D) Memoria económica asinada polo Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 20 de novembro de 2020.
- E) Certificado de crédito RC nº 202000080485 asinado polo Director Superior Contable.
- F) Acta de replanteo do correspondente proxecto asinada polo Enxeñeiro Xefe de Vías e Obras en data 25 de novembro de 2020.
- G) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en datas 24 de febreiro de 2021.
- H) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Técnica de Administración Xeral en data 12 de marzo de 2021.



Concello de Vigo

- I) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación en data 12 de marzo de 2021.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 19.06.2015), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

Terceiro.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratarse dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 26.12.2018) e o cumprimento da normativa sectorial.

Cuarto.- Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril)

Quinto.- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídica e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de **“CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA RÚA PENÍS DE ABAIXO”**, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Francisco José Fidalgo Longueira, cun orzamento base de licitación máis IVE de **SETENTA E OITO**

MIL DOUSCENTOS CINCUENTA E SEIS EUROS CON CORENTA E CATRO CÉNTIMOS (78.256,44 €) e con sinatura dixital de data 14.12.2018.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación en data 12 de marzo de 2021.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de **SETENTA E OITO MIL DOUSCENTOS CINCUENTA E SEIS EUROS CON CORENTA E CATRO CÉNTIMOS (78.256,44 €)**, sendo o importe correspondente ao IVE de 13.581,70€.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1532.619.00.72 ("Human. Rúa Penís de Abaixo").

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(284).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, POR PROCEDIMENTO ABERTO, DAS OBRAS DO PROXECTO DE "CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA PRAZA DA FEIRA". EXPTE. 706/441.

Visto o informe xurídico do 30/03/2021 e o informe de fiscalización do 07/04/2021, dáse conta do informe-proposta do 15/03/2021, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o concelleiro-delegado de Fomento e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES DE FEITO.

1º.- O orzamento municipal vixente recolle dentro do programa 1532 aplicación orzamentaria 1532.619.00.73 ("Human. Praza da Feira").

2º.- Ao expediente administrativo de contratación achégase o expediente nº 4033-443 correspondente ao proxecto de obras, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 24 de setembro de 2020 de cuxa execución se trata. No devandito proxecto de obras figura, como integrante do mesmo, o prego de prescricións técnicas particulares da execución da obra.

3º.- No expediente contratación consta a documentación que segue:

- A) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión de data 24 de setembro de 2020 que se corresponde co expediente administrativo 4033-443, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Francisco José Fidalgo Longueira, cun orzamento base de licitación máis IVE de CENTO CINCUENTA E UN MIL OITOCENTOS CORENTA E DOUS EUROS.



Concello de Vigo

ROS CON DOUS CÉNTIMOS (151.842,02 €) e data agosto de 2018, e con sinatura dixital de 14/12/2018.

- B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola Técnica de Xestión, polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos Municipal/Xefe do Servizo de Vías e Obras e polo Xefe do Servizo Administrativo de Control Orzamentario en datas 11.11.2020 e 12.11.2020.
- C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 12 de novembro de 2020.
- D) Memoria económica asinada polo Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 20 de novembro de 2020.
- E) Certificado de crédito RC nº 202000080486 asinado polo Director Superior Contable.
- F) Acta de replanteo do correspondente proxecto asinado polo Enxeñeiro Xefe de Vías e Obras en data 25 de novembro de 2020.
- G) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en datas 24 de febreiro de 2021.
- H) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Técnica de Administración Xeral en data 12 de marzo de 2021.
- I) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación en data 12 de marzo de 2021.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 19.06.2015), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

Terceiro.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratarse dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 26.12.2018) e o cumprimento da normativa sectorial.

Cuarto.- Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril)

Quinto.- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídico e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de “**CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA PRAZA FEIRA**”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Francisco José Fidalgo Longueira, cun orzamento base de licitación máis IVE de **CENTO CINCUENTA E UN MIL OITOCENTOS CORENTA E DOUS EUROS CON DOUS CÉNTIMOS (151.842,02 €)** e data agosto de 2018, e con sinatura dixital de 14/12/2018.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación en data 12 de marzo de 2021.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de **CENTO CINCUENTA E UN MIL OITOCENTOS CORENTA E DOUS EUROS CON DOUS CÉNTIMOS (151.842,02 €)**, sendo o importe correspondente ao IVE de 26.352,75 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1532.619.00.73 (“Human. Praza da Feira”).

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**21(285).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, POR PROCEDUREMTO ABER-
TO, DAS OBRAS DO PROXECTO DE “CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA
RÚA SUBRIDE”. EXPTE. 709/441.**

Visto o informe xurídico do 30/03/2021 e o informe de fiscalización do 07/04/2021, dáse conta do informe-proposta do 14/04/2021, asinado polo xefe do Servizo Admi-



Concello de Vigo

nistrativo e de Control Orzamentario, o concelleiro-delegado de Fomento e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES DE FEITO.

1º.- O orzamento municipal vixente recolle dentro do programa 1532 aplicación orzamentaria 1532.619.00.76 (“Human. Rúa Subride”).

2º.- Ao expediente administrativo de contratación achégase o expediente nº 4046-443 correspondente ao proxecto de obras, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 24 de setembro de 2020 de cuxa execución se trata. No devandito proxecto de obras figura, como integrante do mesmo, o prego de prescricións técnicas particulares da execución da obra.

3º.- No expediente contratación consta a documentación que segue:

- A) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión de data 24 de setembro de 2020 que se corresponde co expediente administrativo 4046-443, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Francisco José Fidalgo Longueira, cun orzamento base de licitación máis IVE de CIENTO CINCUENTA E TRES MIL CINCOCENTOS DOUS EUROS CON CINCUENTA CÉNTIMOS (153.502,50 €) e data agosto de 2018, e con sinatura dixital de 14/12/2018.
- B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola Técnica de Xestión, polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos Municipal/Xefe do Servizo de Vías e Obras e polo Xefe do Servizo Administrativo de Control Orzamentario en data 12.11.2020.
- C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 12 de novembro de 2020.
- D) Memoria económica asinada polo Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 20 de novembro de 2020.
- E) Certificado de crédito RC nº 202000080492 asinado polo Director Superior Contable.
- F) Acta de replanteo do correspondente proxecto asinada polo Enxeñeiro Xefe de Vías e Obras en data 25 de novembro de 2020.
- G) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en datas 24 de febreiro de 2021.
- H) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Técnica de Administración Xeral en data 12 de marzo de 2021.
- I) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación en data 12 de marzo de 2021.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo,

é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 19.06.2015), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

Terceiro.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratarse dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 26.12.2018) e o cumprimento da normativa sectorial.

Cuarto.- Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril)

Quinto.- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídica e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de “**CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA RÚA SUBRIDE**”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Francisco José Fidalgo Longueira, cun orzamento base de licitación máis IVE de **CENTO CINCUENTA E TRES MIL CINCOCENTOS DOUS EUROS CON CINCUENTA CÉNTIMOS (153.502,50 €)** e data agosto de 2018, e con sinatura dixital de 14/12/2018.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación en data 12 de marzo de 2021.



Concello de Vigo

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de **CENTO CINCUENTA E TRES MIL CINCOCENTOS DOUS EUROS CON CINCUENTA CÉNTIMOS (153.502,50 €)**, sendo o importe correspondente ao IVE de 26.640,93 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1532.619.00.76 (“Human. Rúa Subride”).

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

22(286).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, POR PROCEDIMENTO ABERTO, DAS OBRAS DO PROXECTO DE “CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA RÚA DOS FOXOS”. EXPTE. 710 /441.

Visto o informe xurídico do 31/03/2021 e o informe de fiscalización do 07/04/2021, dáse conta do informe-proposta do 15/03/2021, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o concelleiro-delegado de Fomento e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES DE FEITO.

1º.- O orzamento municipal vixente recolle dentro do programa 1532 aplicación orzamentaria 1532.619.00.78 (“Human. Rúa dos Foxos”).

2º.- Ao expediente administrativo de contratación achégase o expediente nº 4058-443 correspondente ao proxecto de obras, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 24 de setembro de 2020 de cuxa execución se trata. No devandito proxecto de obras figura, como integrante do mesmo, o prego de prescricións técnicas particulares da execución da obra.

3º.- No expediente contratación consta a documentación que segue:

- A) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión de data 24 de setembro de 2020 que se corresponde co expediente administrativo 4058-443, e que inclúe Pregos de Prescricións Técnicas redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Francisco José Fidalgo Longueira, cun orzamento base de licitación máis IVE de CINCUENTA E SEIS MIL DOUSCENTOS NOVENTA E UN EUROS CON CORENTA E NOVE CÉNTIMOS (56.291,49 €) e data xullo de 2018, e con sinatura dixital de 14/12/2018.
- B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola Técnica de Xestión, polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos Municipal/Xefe do Servizo de Vías e Obras e polo Xefe do Servizo Administrativo de Control Orzamentario en datas 11.11.2020 e 12.11.2020.

- C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 12 de novembro de 2020.
- D) Memoria económica asinada polo Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 20 de novembro de 2020.
- E) Certificado de crédito RC nº 202000080493 asinado polo Director Superior Contable.
- F) Acta de replanteo do correspondente proxecto asinada polo Enxeñeiro Xefe de Vías e Obras en data 25 de novembro de 2020.
- G) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en datas 24 de febreiro de 2021.
- H) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Técnica de Administración Xeral en data 12 de marzo de 2021.
- I) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación en data 12 de marzo de 2021.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 19.06.2015), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

Terceiro.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratarse dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 26.12.2018) e o cumprimento da normativa sectorial.

Cuarto.- Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril)



Concello de Vigo

Quinto.- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídica e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de **“CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA RÚA DOS FOXOS - TEIS”**, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Francisco José Fidalgo Longueira, cun orzamento base de licitación máis IVE de **CINCUENTA E SEIS MIL DOUSCENTOS NOVENTA E UN EUROS CON CORENTA E NOVE CÉNTIMOS (56.291,49 €)** e data xullo de 2018, e con sinatura dixital de 14/12/2018.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación en data 12 de marzo de 2021.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de **CINCUENTA E SEIS MIL DOUSCENTOS NOVENTA E UN EUROS CON CORENTA E NOVE CÉNTIMOS (56.291,49 €)**, sendo o importe correspondente ao IVE de 9.769,60 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1532.619.00.78 (“Human. Rúa dos Foxos”).

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

23(287).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, POR PROCEDIMENTO ABERTO, DAS OBRAS DO PROXECTO DE “CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA RÚA ROSAL FLORIDO”. EXPTE. 711/441.

Visto o informe xurídico do 31/03/2021 e o informe de fiscalización do 07/04/2021, dáse conta do informe-proposta do 15/03/2021, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o concelleiro-delegado de Fomento e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES DE FEITO.

1º.- O orzamento municipal vixente recolle dentro do programa 1532 aplicación orzamentaria 1532.619.00.79 ("Human. Rúa Rosal Florido").

2º.- Ao expediente administrativo de contratación achégase o expediente nº 4045-443 correspondente ao proxecto de obras, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 28 de xaneiro de 2019 de cuxa execución se trata. No devandito proxecto de obras figura, como integrante do mesmo, o prego de prescricións técnicas particulares da execución da obra.

3º.- No expediente contratación consta a documentación que segue:

- A) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión de data 28 de xaneiro de 2019 que se corresponde co expediente administrativo 4045-443, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Francisco José Fidalgo Longueira, cun orzamento base de licitación máis IVE de SESENTA E UN MIL SETECENTOS TRES EUROS CON CORENTA E TRES CÉNTIMOS (61.703,43 €) e data xullo de 2018, e con sinatura dixital de 14/12/2018.
- B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola Técnica de Xestión, polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos Municipal/Xefe do Servizo de Vías e Obras e polo Xefe do Servizo Administrativo de Control Orzamentario en datas 11.11.2020 e 12.11.2020.
- C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 12 de novembro de 2020.
- D) Memoria económica asinada polo Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 20 de novembro de 2020.
- E) Certificado de crédito RC nº 202000080494 asinado polo Director Superior Contable.
- F) Acta de replanteo do correspondente proxecto asinada polo Enxeñeiro Xefe de Vías e Obras en data 25 de novembro de 2020.
- G) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en datas 24 de febreiro de 2021.
- H) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Técnica de Administración Xeral en data 12 de marzo de 2021.
- I) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación en data 12 de marzo de 2021.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 19.06.2015), aos concelleiros de Área.



Concello de Vigo

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

Terceiro.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratarse dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 26.12.2018) e o cumprimento da normativa sectorial.

Cuarto.- Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril)

Quinto.- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídico e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de “**CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA RÚA ROSAL FLORIDO**”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Francisco José Fidalgo Longueira, cun orzamento base de licitación máis IVE de **SESENTA E UN MIL SETECENTOS TRES EUROS CON CORENTA E TRES CÉNTIMOS (61.703,43 €)** e data xullo de 2018, e con sinatura dixital de 14/12/2018

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación en data 12 de marzo de 2021.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de **SESENTA E UN MIL SETECENTOS TRES EUROS CON CORENTA E TRES CÉNTIMOS (61.703,43 €)**, sendo o importe correspondente ao IVE de 10.708,86 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo,

na partida orzamentaria 1532.619.00.79 (“Human. Rúa Rosal Florido”).

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

24(288).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, POR PROCEDIMIENTO ABERTO, DAS OBRAS DO PROXECTO DE “CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA RÚA AREEIRO”. EXPTE. 712/441.

Visto o informe xurídico do 31/03/2021 e o informe de fiscalización do 07/04/2021, dáse conta do informe-proposta do 15/03/2021, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o concelleiro-delegado de Fomento e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES DE FEITO.

1º.- O orzamento municipal vixente recolle dentro do programa 1532 aplicación orzamentaria 1532.619.00.80 (“Human. Rúa do Areeiro”)

2º.- Ao expediente administrativo de contratación achégase o expediente nº 4044-443 correspondente ao proxecto de obras, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 24 de setembro de 2020 de cuxa execución se trata. No devandito proxecto de obras figura, como integrante do mesmo, o prego de prescricións técnicas particulares da execución da obra.

3º.- No expediente contratación consta a documentación que segue:

- A) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión de data 24 de setembro de 2020 que se corresponde co expediente administrativo 4044-443, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Francisco José Fidalgo Longueira, cun orzamento base de licitación máis IVE de CENTO CINCUENTA E TRES MIL NOVECIENTOS OITENTA E CATRO EUROS CON NOVENTA E NOVE CÉNTIMOS (153.984,99 €) e data xullo de 2018, e con sinatura dixital de 14/12/2018.
- B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola Técnica de Xestión, polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos Municipal/Xefe do Servizo de Vías e Obras e polo Xefe do Servizo Administrativo de Control Orzamentario en datas 11.11.2020 e 12.11.2020.
- C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 12 de novembro de 2020.
- D) Memoria económica asinada polo Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 20 de novembro de 2020.
- E) Certificado de crédito RC nº 202000080495 asinado polo Director Superior Contable.



Concello de Vigo

- F) Acta de replanteo do correspondente proxecto asinada polo Enxeñeiro Xefe de Vías e Obras en data 25 de novembro de 2020.
- G) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en datas 24 de febreiro de 2021.
- H) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Técnica de Administración Xeral en data 12 de marzo de 2021.
- I) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación en data 12 de marzo de 2021.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 19.06.2015), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

Terceiro.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratarse dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 26.12.2018) e o cumprimento da normativa sectorial.

Cuarto.- Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril)

Quinto.- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídico e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de “**CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA RÚA DO AREEIRO**”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Francisco José Fidalgo Longueira, cun orzamento base de licitación máis IVE de **CENTO CINCUENTA E TRES MIL NOVECENTOS OITENTA E CATRO EUROS CON NOVENTA E NOVE CÉNTIMOS (153.984,99 €)** e data xullo de 2018, e con sinatura dixital de 14/12/2018

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación en data 12 de marzo de 2021.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de **CENTO CINCUENTA E TRES MIL NOVECENTOS OITENTA E CATRO EUROS CON NOVENTA E NOVE CÉNTIMOS (153.984,99 €)**, sendo o importe correspondente ao IVE de 26.724,67 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1532.619.00.80 (“Human. Rúa do Areeiro”).

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

25(289).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, POR PROCEDEMENTO ABERTO, DAS OBRAS DO PROXECTO DE “CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA ESTRADA DO FREIXO-VALADARES”. EXPTE. 715/441.

Visto o informe xurídico do 31/03/2021 e o informe de fiscalización do 07/04/2021, dáse conta do informe-proposta do 15/03/2021, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o concelleiro-delegado de Fomento e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES DE FEITO.

1º.- O orzamento municipal vixente recolle dentro do programa 1532 aplicación orzamentaria 1532.619.00.81 (“Human. Rúa do Freixo”).

2º.- Ao expediente administrativo de contratación achégase o expediente nº 4061-443 correspondente ao proxecto de obras, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 24 de setembro de 2020 de cuxa execución se trata. No devandito proxecto de obras figura, como integrante do mesmo, o prego de prescricións técnicas particulares da execución da obra.



Concello de Vigo

3º.- No expediente contratación consta a documentación que segue:

- A) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión de data 24 de setembro de 2020 que se corresponde co expediente administrativo 4061-443, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Francisco José Fidalgo Longueira, cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUSCENTOS SETENTA E CATRO MIL CINCOCENTOS CINCUENTA E SEIS EUROS CON VINTE E OITO CÉNTIMOS (274.556,28 €) e data xullo de 2018, e con sinatura dixital de 12/05/2018.
- B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola Técnica de Xestión, polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos Municipal/Xefe do Servizo de Vías e Obras e polo Xefe do Servizo Administrativo de Control Orzamentario en datas 11.11.2020 e 12.11.2020.
- C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 12 de novembro de 2020.
- D) Memoria económica asinada polo Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 20 de novembro de 2020.
- E) Certificado de crédito RC nº 202000080496 asinado polo Director Superior Contable.
- F) Acta de replanteo do correspondente proxecto asinada polo Enxeñeiro Xefe de Vías e Obras en data 25 de novembro de 2020.
- G) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en datas 24 de febreiro de 2021.
- H) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Técnica de Administración Xeral en data 12 de marzo de 2021.
- I) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación en data 12 de marzo de 2021.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 19.06.2015), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

Terceiro.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con

indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratarse dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 26.12.2018) e o cumprimento da normativa sectorial.

Cuarto.- Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril)

Quinto.- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídica e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de **“CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA ESTRADA DO FREIXO – VALADARES”**, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Francisco José Fidalgo Longueira, cun orzamento base de licitación máis IVE de **DOUSCENTOS SETENTA E CATRO MIL CINCOCENTOS CINCUENTA E SEIS EUROS CON VINTE E OITO CÉNTIMOS (274.556,28 €)** e data xullo de 2018, e con sinatura dixital de 12/05/2018

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación en data 12 de marzo de 2021.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de **DOUSCENTOS SETENTA E CATRO MIL CINCOCENTOS CINCUENTA E SEIS EUROS CON VINTE E OITO CÉNTIMOS (274.556,28 €)**, sendo o importe correspondente ao IVE de 47.650,26 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1532.619.00.81 (“Human. Rúa do Freixo”).

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.



Concello de Vigo

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

26(290).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, POR PROCEDIMENTO ABER- TO, DAS OBRAS DO PROXECTO DE “HUMANIZACIÓN DA RÚA COLOMBIA, FASE 2”. EXPTE. 771/441.

Visto o informe xurídico do 31/03/2021 e o informe de fiscalización do 09/04/2021, dáse conta do informe-proposta do 17/03/2021, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o concelleiro-delegado de Fomento e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES DE FEITO.

I.- O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento, en data 18.03.2019 resolveu autorizar o gasto e o contrato para redacción do proxecto de humanización Colombia fase 2 a favor da empresa G.O.C., S.A.

II.- A empresa G.O.C., S.A. presenta proxecto de “HUMANIZACIÓN DA RÚA COLOMBIA, FASE 2” para a fase de supervisión, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos D. José Ramón Fernández Ceballos, cun orzamento base de licitación máis IVE de 749.293,61 €.

III.- Previo informe da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal de data 23.12.2020, e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución da mesma data, a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 14.01.2021 aprobou o proxecto de “HUMANIZACIÓN DA RÚA COLOMBIA, FASE 2”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos D. José Ramón Fernández Ceballos, cun orzamento base de licitación máis IVE de SETECENTOS CORENTA E NOVE MIL DOUSCENTOS NOVENTA E TRES EUROS CON SESENTA E UN CÉNTIMOS (749.293,61 €) e sinatura dixital de data 22 de decembro de 2020 (Expte.4703-443).

IV.- No expediente contratación consta a documentación que segue:

- A) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión de data 14.01.2021 que se corresponde co expediente administrativo 4703-443, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos D. José Ramón Fernández Ceballos con sinatura dixital de data 22 de decembro de 2020.
- B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola Técnico de Xestión, polo Enxeñeiro de Camiños Canais e Portos/Xefe de Vías, Obras e Infraestruturas e polo Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento de data 21 de xaneiro de 2021.
- C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 22 de xaneiro de 2021.

- D) Memoria económica asinada pola Técnica de Xestión, polo Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 9 de febreiro de 2021.
- E) Certificado de crédito RC/REM nº 202100969676 asinado pola Dirección Superior Contable municipal.
- F) Acta de replanteo do correspondente proxecto asinada polo Enxeñeiro Municipal de Camiños, Canais e Portos/Xefe de Vías, Obras e Infraestruturas en data 12 de febreiro de 2021.
- G) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en data 09.03.2021.
- H) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Técnico de Administración Xeral do Servizo de Contratación con data 16.03.2021.
- I) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Técnico de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación con data 16.03.2021.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 20.06.2019), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

Terceiro.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica e financeira (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 23.12.2020) e o cumprimento da normativa sectorial.

Cuarto.- Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).



Concello de Vigo

Quinto.- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

Séxto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídica e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de "HUMANIZACIÓN DA RÚA COLOMBIA, FASE 2" redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos D. José Ramón Fernández Ceballos.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnico de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación con data 16.03.2021.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de SETECENTOS CORENTA E NOVE MIL DOUSCENTOS NOVENTA E TRES EUROS CON SESENTA E UN CÉNTIMOS (749.293,61 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 130.042,69 €.

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo na aplicación orzamentaria 1532 6190089 "Humanización Rúa Colombia, 2a Fase", segundo a distribución de anualidades proposta:

2021	749.293,61 €
------	--------------

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

27(291).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, POR PROCEDIMENTO ABERTO, DAS OBRAS DO PROXECTO DE "HUMANIZACIÓN DA AVENIDA ALCALDE GREGORIO ESPINO FASE IV". EXPTE. 804/441.

Visto o informe xurídico do 31/03/2021 e o informe de fiscalización do 08/04/2021, dáse conta do informe-proposta do 17/03/2021, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o concelleiro-delegado de Fomento e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES DE FEITO.

I.- O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento, en data 23.09.20209 resolveu autorizar o gasto para redacción do proxecto de humanización da avenida Alcalde Gregorio Espino fase IV a favor da empresa Galaicontrol S.L..

II.- A devandita empresa presenta borrador do proxecto de “HUMANIZACIÓN DA AVENIDA ALCALDE GREGORIO ESPINO FASE IV”, redactado pola Enxeñeira de Camiños Canles e Portos Dna. M.^a Trinidad López Rodríguez, cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN SEISCENTOS MIL EUROS (1.600.000 €).

III.- Previo informe da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal de data 03.02.2021, e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución de data 04.02.2021, a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 11.02.2021 aprobou o proxecto de “HUMANIZACIÓN DA AVENIDA ALCALDE GREGORIO ESPINO FASE IV”, redactado pola Enxeñeiro de Camiños Canles e Portos Dna. M.^a Trinidad López Rodríguez, cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN SEISCENTOS MIL EUROS (1.600.000 €), de data Decembro de 2020 e con sinatura dixital de data 02.02.2021.(Expte.4863-443).

IV.- No expediente contratación consta a documentación que segue:

- A) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión de data 11.02.2021 que se corresponde co expediente administrativo 4863-443, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas redactado pola Enxeñeiro de Camiños Canles e Portos Dna. M.^a Trinidad López Rodríguez, con sinatura dixital de data 02.02.2021.
- B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola Técnica de Xestión, polo Enxeñeiro de Camiños Canais e Portos/Xefe de Vías, Obras e Infraestruturas e polo Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento de data 12 de febreiro de 2021.
- C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos en datas 13 e 15 de febreiro de 2021.
- D) Memoria económica asinada pola Técnica de Xestión, polo Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 15 de febreiro de 2021.
- E) Certificado de crédito RC/REM nº 202100010383 asinado pola Dirección Superior Contable Municipal.
- F) Acta de replanteo do correspondente proxecto asinada polo Enxeñeiro Municipal de Camiños, Canais e Portos/Xefe de Vías, Obras e Infraestruturas en data 26 de febreiro de 2021.
- G) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en data 2 de marzo de 2021.
- H) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Técnico de Administración Xeral do Servizo de Contratación con data 17.03.2021.
- I) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Técnico de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación con data 17.03.2021.



Concello de Vigo

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 20.06.2019), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

Terceiro.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica e financeira (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratarse dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 03.02.2021) e o cumprimento da normativa sectorial.

Cuarto.- Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

Quinto.- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

Séxto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídica e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de “HUMANIZACIÓN DA AVENIDA ALCALDE GREGORIO ESPINO FASE IV”, redactado pola Enxeñeira de Camiños Canles e Portos Dna. M.^a Trinidad López Rodríguez.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnico de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación con data 17.03.2021.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de UN MILLÓN SEISCENTOS MIL EUROS (1.600.000 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 277.685,95 €.

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo na aplicación orzamentaria 1532 6190085 "Human. Rúa G. Espino, 4º Fase", segundo a distribución de anualidades proposta:

2021	1.600.000,00 €
------	----------------

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

28(292).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, POR PROCEDIMENTO ABERTO, DAS OBRAS DO PROXECTO DE "HUMANIZACIÓN DA RÚA ROSAL". EXPTE. 788/441.

Visto o informe xurídico do 31/03/2021 e o informe de fiscalización do 09/04/2021, dáse conta do informe-proposta do 17/03/2021, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o concelleiro-delegado de Fomento e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES DE FEITO.

I.- O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento, en data 11.03.2019 resolveu autorizar o gasto e o contrato para redacción do proxecto de Humanización da rúa Rosal a favor da empresa Interurban SAU.

II.- A empresa Interurban SAU presenta proxecto de "HUMANIZACIÓN DA RÚA ROSAL", redactado polo Enxeñeiro Civil Roberto Aya Vidal, cun orzamento base de licitación máis IVE de TRESCENTOS OITENTA E CINCO MIL OITOCENTOS DEZASEIS EUROS con SESENTA E OITO CÉNTIMOS (385.816,68 €).

III.- Previo informe da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal de data 20.01.2021, e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución dade datas 21 e 22 de xaneiro de 2021, a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 28.01.2021 aprobou o proxecto de "HUMANIZACIÓN DA RÚA ROSAL", redactado polo Enxeñeiro Civil Roberto Aya Vidal, cun orzamento base de licitación máis IVE de TRESCENTOS OITENTA E CINCO MIL OITOCENTOS DEZASEIS EUROS con SESENTA E OITO CÉNTIMOS (385.816,68 €) e data Xaneiro de 2021. (Expte.4255-443).



Concello de Vigo

IV.- No expediente contratación consta a documentación que segue:

- A) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión de data 28.01.2021 que se corresponde co expediente administrativo 4255-443, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas redactado polo Enxeñeiro Civil Roberto Aya Vidal, de data Xaneiro de 2021.
- B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola Técnica de Xestión, polo Enxeñeiro de Camiños Canais e Portos/Xefe de Vías, Obras e Infraestruturas e polo Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento de data 2 de febreiro de 2021.
- C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 3 de febreiro de 2021.
- D) Memoria económica asinada pola Técnica de Xestión, polo Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 9 de febreiro de 2021.
- E) Certificado de crédito RC/REM nº 202100009692 asinado pola Dirección Superior Contable municipal.
- F) Acta de replanteo do correspondente proxecto asinada polo Enxeñeiro Municipal de Camiños, Canais e Portos/Xefe de Vías, Obras e Infraestruturas en data 12 de febreiro de 2021.
- G) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en data 16.03.2021.
- H) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Técnico de Administración Xeral do Servizo de Contratación con data 17.03.2021.
- I) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Técnico de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación con data 17.03.2021.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 20.06.2019), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

Terceiro.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica e financeira (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do

contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 20.01.2021) e o cumprimento da normativa sectorial.

Cuarto.- Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

Quinto.- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

Séxto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídica e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de "HUMANIZACIÓN DA RÚA ROSAL", redactado polo Enxeñeiro Civil Roberto Aya Vidal.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnico de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación con data 17.03.2021.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de TRESCENTOS OITENTA E CINCO MIL OITOCENTOS DEZASEIS EUROS con SESENTA E OITO CÉNTIMOS (385.816,68 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 66.959,92 €.

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo na aplicación orzamentaria 1532 6190084 "Humanización Rúa Rosal", segundo a distribución de anualidades proposta:

2021	385.816,68 €
------	--------------

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

29(293).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO “HUMANIZACIÓN DA RÚA VALLADOLID”. EXPTE. EXPTE. 4798/443.

Visto o informe de fiscalización do 07/04/2021, dáse conta do informe-proposta do 06/04/2021, asinado pola técnica de xestión, o xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento, en data 26.05.2020 resolveu autorizar o gasto e o contrato para para redacción do proxecto da humanización da Rúa Valladolid a favor da empresa Galaicontrol S.L..

II.- A empresa Galaicontrol S.L. presenta proxecto de “HUMANIZACIÓN DA RÚA VALLADOLID”, redactado pola enxeñeira de Camiños, Canles e Portos M.^a Trinidad López Rodríguez cun orzamento base de licitación máis IVE de TRESCENTOS SETENTA E OITO MIL DOUSCENTOS CINCUENTA EUROS CON VINTE E CATRO CÉNTIMOS (378.250,24 €).

III.- Á vista da entrega da documentación presentada por parte do equipo redactor do proxecto, o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, a proposta do Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento, en data 05.03.2021, resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

III.- A actuación se desenrola na rúa Valladolid e consisten as obra a executar as que se enumeran a seguir:

- Previamente efectuarase a retirada do mobiliario existente na rúa, para a continuación proceder a demolición de beirarrúas e retira do bordos existentes, e demolición dos pavimentos existentes.
- Unha vez efectuada as demolicións procederase a efectuar a escavación de gabias para a renovación das redes de abastecemento en ambos marxes a base de tubaxe de fundición dúctil Ø 60 m, asentado sobre cama de area, cos seus correspondentes elementos especiais de conexión, rede de rego, coa súa correspondente tubaxe arquetas e elementos electrónico de regulación. Tamén se contempla a renovación dos colectores de saneamento tanto de fecais como de pluviais, cos Ø de tubaxe de PVC, definidos no proxecto, cos seus correspondentes sumidoiros pozos e arquetas de conexión, así como as conexións coas redes existentes. A continuación procederase ao recheo das correspondentes gabias a base de material de préstamo seleccionado, estendido e compactado en capas de 20 cm., de espesor con grao de compactación do 95%., para efectuar as canalizacións de redes soterrados de alumado público e semaforización, segundo os esquemas do proxecto, así como a comprobación de estado do resto de redes existentes na rúa.
- Posteriormente unha vez confeccionada a explanada no seu conxunto, procederase a efectuar a pavimentación, diferenciado no tipo de pavimentación entre beirarrúas, estas a base de formigón en masa HM-20 de 10 cmt., de espesor e acabado con baldosa de granito gris de 6 cmt., de espesor. Diferenciado o tipo de granito nas zonas de paso de peóns. Así mesmo entre calzada e beirarrúa colocarse o bordo formado por pezas de granito flameado sobre soleira de formigón, efectuando pezas especiais nos encontros en esquinas e paso de peóns. Na zona de rodadura previo

reposición de zona firmes nas gabias a base de Formigón en masa HM-20 de 20 cm de espesor efectuarase o correspondente fresado capa de rego de adherencia e posterior mistura bituminosa en quente ac16 surf 50/70 en capa de rodadura cun espesor de 5 cm.

- Posterior finalización a base de dotación de xardinaría, farois de alumado público, elementos de protección, decorativo, mobiliario, semaforización e sinalización correspondente.

➤

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de (CINCO) 5 meses.

IV.- O Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal emite en data 05.04.2021 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

“A actuación proposta a efectos urbanísticos abarca unha zona de solo urbano non consolidado que dispón na actualidade de viais xa definidos, sendo as obras propostas de reposición de servizos urbanísticos xa existentes.

Inclúese táboa de revisión dos principais aspectos e consideracións verificados do proxecto, anexa ao presente informe.

CONCLUSIÓN:

Os custes unitarios incluídos no proxecto, considéranse adecuados para a execución do contrato, estimase que son prezos xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola “Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014” (en adiante, LCSP) e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.”

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especificanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP, e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.



Concello de Vigo

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por R.D.2/2004, de 5 de marzo).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Aprobar o proxecto de obras de **“HUMANIZACIÓN DA RÚA VALLADOLID”**, redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos M.^a Trinidad López Rodríguez cun orzamento base de licitación máis IVE de TRESCENTOS SETENTA E OITO MIL DOUSCENTOS CINCUENTA EUROS CON VINTE E CATRO CÉNTIMOS (378.250,24 €) e sinatura dixital de data 31.03.21.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

30(294).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE “REXENERACIÓN DO PASEO DO FRONTE MARÍTIMO DA VILA DE BOUZAS”. EXPTE. 4879/443.

Visto o informe de fiscalización do 12/04/2021, dáse conta do informe-proposta do 12/04/2021, asinado pola técnica de xestión, o xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento, en data 22.08.2019 resolveu autorizar o gasto para redacción do proxecto de reparación e mellora do Paseo entre Samil e Bouzas a favor do Arquitecto Angel Santorio Cuartero.

II.- Por parte do mesmo presentase proxecto básico de “Rexeneración do Paseo do Frente Marítimo da Vila de Bouzas” redactado polo Arquitecto D. Ángel Santorio Cuartero, de data

outubro de 2019.

III.- Con data 22.11.2019 o Concelleiro Delegado de Fomento remitiu ao Servizo Provincial de Costas de Pontevedra copia do proxecto básico para “Rexeneración do Paseo do Frente Marítimo da Vila de Bouzas”, solicitando a tramitación da concesión administrativa do dominio público marítimo terrestre segundo delimitación do mesmo

IV.- Previo informe da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal de data 05.11.2019, e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución de data 27.01.2020, a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 30.01.2020 aprobou o proxecto básico de “Rexeneración do Paseo do Frente Marítimo da Vila de Bouzas”, redactado polo arquitecto D. Ángel Santorio Cuartero, de data outubro de 2019, aos efectos da tramitación da concesión administrativa do dominio público marítimo terrestre delimitado no mesmo.

V.- En data 17.09.2020 recíbese por parte do Servizo Provincial de Costas de Pontevedra documentación relativa á resolución de sometemento de aceptación do mesmo, condicións e prescricións polas que podería outorgarse concesión de ocupación de terreos de dominio público marítimo terrestre, polo que o Concelleiro delegado da Área de Fomento, mediante acordo de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local de data 30.01.2020, resolve aceptar de forma expresa as condicións e prescricións polas que podería outorgarse concesión de ocupación de 7.869,60 m2 de terreos de dominio publico marítimo terrestre con destino ao proxecto de “REXENERACIÓN DO PASEO DO FRENTE MARÍTIMO DA VILA DE BOUZAS”, recollidas no “*Pliego de condiciones generales para concesiones demaniales en las playas, zona marítimo terrestre y mar territorial*”, aprobado pola Orden Ministerial de 8 de novembro de 1985, e que se anexan a dita resolución.

VI.- En data 30.10.2020 recíbese oficio do Servizo Provincial de Costas de Pontevedra, polo que se remite resolución de outorgamento de concesión de ocupación de 7.869,60 m2 de terreos de dominio publico marítimo terrestre con destino ao proxecto de “REXENERACIÓN DO PASEO DO FRENTE MARÍTIMO DA VILA DE BOUZAS”, de acordo coas condicións e prescricións recollidas no “*Pliego de condiciones generales para concesiones demaniales en las playas, zona marítimo terrestre y mar territorial*”, aprobado pola Orden Ministerial de 8 de novembro de 1985, así como no “*Pliego de Condiciones Particulares y Prescripciones (PCPP)*”, anexo a dita resolución.

VII.- Consta no expediente administrativo de referencia, resolución da Dirección Xeral de Patrimonio da Consellería de Cultura, de data 11.12.2020, autorizando á execución das obras proxectadas por tratarse dunha actuación no contorno de protección do xacemento de Bouzas, da igrexa de Bouzas e de varios edificios, bens catalogados no planeamento municipal do Concello e por tanto, segundo o establecido na disposición adicional segunda da Lei 5/2016, do patrimonio cultural de Galicia, forman parte do Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia, condicionada o cumprimento das seguintes condicións:

- O mobiliario urbano terá un deseño discreto, e integrárase en materiais e cores co resto da intervención, dispoñendo preferentemente elementos de granito e/ou madeira. No caso dos elementos metálicos, serán de cores discretas e mate, evitando os acabados brillantes ou rechamantes.
- Coidarase o material, acabado e cor das novas instalacións e da renovación das existentes. Así, para as arquetas disporanse unicamente tampas de fundición dúctil, ou tampas revestidas co mesmo pavimento da área, evitando, en calquera caso, as



Concello de Vigo

arquetas de materiais plásticos, ou os acabados brillantes ou metalizados.

- Cómpre realizar un control arqueolóxico dos movementos de terra, polo que, previamente ao inicio das obras deberase presentar, para a súa autorización pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, o correspondente proxecto arqueolóxico realizado por técnico/a arqueólogo/a competente, de acordo co establecido polo Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia.

VIII.- O Arquitecto Angel Santorio Cuartero presenta proxecto de execución da “REXENERACIÓN DO PASEO DO FRONTE MARÍTIMO DA VILA DE BOUZAS”, cun orzamento base de licitación máis IVE de TRES MILLÓNS SETECENTOS CINCUENTA E OITO MIL SETECENTOS SETENTA E DOUS EUROS CON SESENTA E CATRO CÉNTIMOS (3.758.772,64 EUROS).

XIX.- Á vista da entrega da documentación presentada, o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, a proposta do Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento, en data 18.01.2021 resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

X.- A actuación se desenrola no fronte marítimo da vila de BOUZAS, que dispón dunha superficie de 7.734,97 m² sendo a súa lonxitude aproximadamente de 528 ml., a zona de actuación, sendo a proposta construtiva e as actuacións que se propoñen se enumeran a seguir;

- Previamente procederáse a limpeza, desbroce, demolición de pavimentos existente, retirada do mobiliario e clasificación do mesmo, e posterior demolición parcial de parte do muro que delimita a zona do areal.
- No referente a elementos estruturais, prevese a renovación das zonas danadas do propio paseo de madeira. Xeración de espazos tipoloxía de bancadas mediante estruturas prefabricadas de formigón armadas e pretensadas, como integración entre o areal existente e o paseo de perímetro, así como a renovación e nova disposición de sistema de desaugues para evacuación de augas pluviais, rede abastecemento e nova dotación de alumeadado público.
- En canto aos acabados superficiais proxéctase a creación de zonas duras que corresponderían as frontes dos edificios existentes a base pavimentos pétreos, e outra zona de itinerarios brandos compostos de zonas axardinadas, pavimentos de madeira e pavimentos de xabre, integrados entre si segundo determinan os planos.
- Proxéctase tamén un apartado destinado a información, e proteccións tipo varandas paneis informativos etc.
- No que respecta a mellora ambiental e paisaxística propóñense zonas axardinadas e vexetación necesaria para resolver de forma máis adecuada o ensamblaxe da actuación co entorno literal. Así como paneis informativos da actuación desenrolada.
- No aspecto de mobiliario proxéctase xerar espazo que favorezan a lectura e visualización do entorno a base de bancadas e bancos de materiais acorde co entorno (granito e madeira), papeleiras, fontes de auga, pérgolas metálica con proposta de vexetación en altura, etc.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de (SETE) 7 meses.

XI.- Consta no expediente administrativo de referencia, declaración do redactor do proxecto, indicando o seguinte:

"(...)

De acordo a lo analizado en el presente informe, a juicio del técnico redactor que suscribe, y sin perjuicio de mejor criterio, se concluye que el Proyecto de ejecución presentado se adecúa a las directrices que, en lo relativo a la redacción del mismo, se recogen en la Resolución del Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico, desarrollando las actuaciones predefinidas en el Proyecto Básico tramitado, las cuales fueron revisadas y completadas, durante su redacción, procediendo a su localización y dimensionado concreto dentro del ámbito, e incorporando, asimismo, los demás condicionantes establecidos en los informes sectoriales recibidos, así como en los informes relativos a las previsiones de las compañías suministradoras de servicios para la zona, y en los informes de control y supervisión realizados por los diferentes Servicios y Departamentos Municipales (Montes, Parques e Xardíns, Seguridade, Servizos Enerxéticos e Ospio)."

XII.- O Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal emite en data 09.04.2021 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

"A actuación proposta a efectos urbanísticos abarca una zona de ord 3,1A, limítrofe co Plan Especial de Bouzas, que dispón de elementos catalogados en dita fachada coa zona que se propón a súa rehabilitación. Dita integración dispón de resolución favorable da Consellería de Cultura de data 11/12/2020.

Inclúese táboa de revisión dos principais aspectos e consideracións verificados do proxecto, anexa ao presente informe.

O proxecto básico en cuestión dispón de autorización do Ministerio Para a Transición Ecolóxica e O Reto Demográfico. Delegación de Pontevedra de data de sinatura dixital o 18/07/2020. O proxecto de execución presentado desenrola o básico, e tamen recolle as resolucións e directrices sinalas polo Ministerio. Como así mantén o autor do proxecto no seu informe de data febreiro de 2021, que sinala que o proxecto de execución proposto, recolle as resolucións do Ministerio de Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, e desenrola aos efectos construtivos o documento tramitado como proxecto básico.

CONCLUSIÓN:

Os custes unitarios incluídos no proxecto, considéranse adecuados para a execución do contrato, estimase que son prezos xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola "Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014" (en adiante, LCSP) e polo "Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro", polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei."



Concello de Vigo

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP, e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por R.D.2/2004, de 5 de marzo).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Aprobar o proxecto de obras de **“REXENERACIÓN DO PASEO DO FRONTE MARÍTIMO DA VILA DE BOUZAS”** redactado polo Arquitecto Angel Santorio Cuartero, cun orzamento base de licitación máis IVE de TRES MILLÓNS SETECENTOS CINCUENTA E OITO MIL SETECENTOS SETENTA E DOUS EUROS CON SESENTA E CATRO CÉNTIMOS (3.758.772,64 EUROS), de data Decembro de 2020 e con sinatura dixital de data 22.02.2021.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

31(295).- ALEGACIÓNS AO CATÁLOGO DE ESTRADAS DA REDE AUTONÓMICA DE ESTRADAS DE GALICIA, APROBADO PROVISIONALMENTE POLA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUCTURAS EN RESOLUCIÓN DO 16 DE FEBREIRO DE 2021. EXPTE. 865/441.

Dáse conta do informe-proposta do 12/04/2021, asinado polo xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestructuras, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

Por Resolución da Axencia Galega de Infraestructuras do 16 de febreiro de 2021 aprobouse provisionalmente o Catálogo de Estradas da Rede Autonómica de Estradas de Galicia e por anuncio de 17 de febreiro de 2021, publicado no DOG, núm. 40, do 1 de marzo, someteuse o dito Catálogo ao trámite de información pública, por prazo de trinta días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Diario Oficial de Galicia.

Examinado este Catálogo provisionalmente aprobado advírtese que o mesmo non inclúe dúas vías que consideramos son de titularidade autonómica: a PO-371, Puxeiros-O Calvario (Avda. de Ramón Nieto e Avda. da Ponte, desde Urzaiz ata o cruce coa A-55) e a PO-A (tramo Seminario-Meixueiro, antiga Estrada de Madrid); razón pola que os asinantes do presente informe proposta entenden que procede a adopción do acordo que se se propón na súa parte dispositiva así como a formulación de **escrito de alegacións** ao dito Catálogo, en base aos seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

1º.- O Catalogo que se somete a información pública non inclúe dúas vías que esta Administración municipal considera como de titularidade autonómica: a PO-371, Puxeiros-O Calvario (Avda. de Ramón Nieto e Avda. da Ponte, desde Urzaiz ata o cruce coa A-55) e a PO-A (tramo Seminario-Meixueiro, antiga Estrada de Madrid).

2º.- A estrada PO-371, Puxeiros-O Calvario, no seu día estrada estatal, é na actualidade unha estrada autonómica, que non foi obxecto de cesión ao concello de Vigo, polo que debería constar no Catálogo de Estradas da Rede Autonómica de Estradas de Galicia, sen prexuízo do cal cómpre manifestar aquí a disposición do concello de Vigo de asumir a titularidade do tramo da Avda. Ramón Nieto desta estrada, tras a tramitación do procedemento establecido no artigo 9 da vixente Lei 8/2013, de 28 de xuño, de Estradas de Galicia.

3º.- No que atinxe a estrada PO-A (tramo Seminario-Meixueiro, antiga Estrada de Madrid), a dita estrada é tamén unha estrada da Comunidade Autónoma de Galicia, por cesión a esta da súa titularidade, por parte do Estado, tras a execución por este da A-55.

4º.- Con data 30 de xuño de 2000, o conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Venda da Xunta de Galicia e o Alcalde de Vigo asinaron o convenio, do que se achega copia como documento núm. 1, a virtude do cal a dita consellería comprometeuse ao financiamento, contratación, execución e dirección das obras de mellora de distintos tramos de vías municipais, que no convenio se especifican.

As ditas vías municipais eran as que seguen:



Concello de Vigo

- Estrada Seminario-Corredoira.
- Vial estrada de Madri-Ramón Nieto.
- Conexión Cotogrande-Rande-Puxeiros-Aeroporto.
- Teis: acceso a Vulcano; subida da Guía-Doutor Corval.
- Camiño Rioboo.
- Rotonda de Saiáns na comarcal 550.

Como queira que os tramos das vías a que se refería o convenio eran municipais o concello de Vigo obrigábase a poñer a disposición da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia os terreos necesarios, incluso os servizos afectados, para a normal execución das obras, a realizar as xestións pertinentes para a obtención dos correspondentes permisos para a execución das mesmas e a recibir as obras unha vez executadas.

O convenio contemplaba, igualmente, a constitución dunha Comisión de Seguimento, formada por dous representantes da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia e dous representantes do Concello de Vigo, que debería resolver por mutuo acordo as incidencias que xurdiran na aplicación do mesmo.

Non obstante, o convenio contemplaba tamén dentro do seu obxecto, como vial municipal, o “Arranxo da Avda. De Madrid (saída da estrada vella)”, isto é, a estrada PO-A (tramo Seminario-Meixueiro, antiga Estrada de Madrid) que é un vial da Comunidade Autónoma de Galicia, por cesión a esta da súa titularidade, por parte do Estado, tras a execución por este da A-55.

5º.- A Comisión de Seguimento do convenio integrouse polo Director Xeral de Obras Públicas da CPTOPV, don Agustín Hernández Fernández de Rojas e polo Delegado Provincial da dita consellería, don José Manuel Iglesias Carrera, por parte da Xunta de Galicia; e por parte do concello de Vigo, polo Concelleiro Delegado de Infraestruturas e Medio Ambiente, don Amador Fernández Fernández e polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos municipal, don Agustín Rodríguez Carballo.

6º.- Na primeira sesión da Comisión de Seguimento, que tivo lugar o 13 de setembro de 2000, a representación da Comunidade Autónoma manifestou que a CPTOPV dispuña xa do proxecto de obras para o “Arranxo da Avda. De Madrid (saída da estrada vella)” e na segunda sesión deste órgano, de 9 de novembro de 2000, a representación da Comunidade Autónoma manifestou a necesidade da modificación do proxecto para axustalo, no seu largo, ao planeamento xeral de Vigo e para recoller as suxerencias dos técnicos municipais, acordando analizar, unha vez realizadas estas actuacións, a forma de licitar a obra, sen descartar que a licitación a efectuase «directamente a Consellería a marxe do Convenio, por ser un tramo de estrada autonómica».

Na acta da terceira reunión da Comisión de Seguimento, de 23 de marzo de 2001, faise constar que:

«No referente á Avda. de Madrid (saída antiga da estrada de Madrid), vólvese a analizar o problema xerado pola non adecuación do proxecto redactado coa planificación prevista no planeamento do Concello. Acórdase que a Consellería redactará un novo

proxecto dunha primeira fase que se axuste ao planeamento na zona na que sexa posible e de xeito que a obra pódase executar por fases. A primeira fase deberá incluír medidas de seguridade vial en especial na zona dos colexios e en concreto unha pasarela para paso de alumnos».

E na acta da cuarta sesión da Comisión, que tivo lugar o 13 de xuño de 2001, consta o que segue:

«En relación co expediente da estrada vella de Madrid maniféstase por parte da Xunta de Galicia o problema xerado pola necesidade de repoñer e/ou dotar de servizos á estrada.

Tendo en conta que o Concello asume o custo das reposición de servizos, de acordo coa cláusula cuarta apartado a), o Director Xeral de Obras Públicas indica a imposibilidade de tramitar un proxecto que inclúa os servizos, posto que non sería conforme co convenio.

Por parte do Enxeñeiro de Camiños municipal sinálase a necesidade de que o proxecto contemple todos os servizos e que a obra, una vez executada, quede en perfectas condicións que non obrigue a actuacións posteriores.

Todos os presentes consideran que este é un posicionamento lóxico polo que, á vista de que se trata dunha estrada titularidade da Comunidade Autónoma, acórdase proceder do seguinte modo:

A Consellería modificará o proxecto incluíndo as peticións municipais relativas a servizos afectados e outra serie de detalles de acordo coa proposta na xuntanza técnica celebrada no Concello o día 12 de xuño. A Tales efectos concretaranse as modificacións co consultor autor do proxecto nunha xuntanza a celebrar o vindeiro 18 de xuño.

Unha vez redactado o proxecto, coas modificacións pactadas, remitirase ao Concello para a súa aprobación polo Pleno (previsiblemente en setembro). A devandita aprobación incluirá expresamente o compromiso de asumir a titularidade da vía unha vez executada a obra. Unha vez cumprimentado este trámite, a Consellería licitará, adjudicará e executará a obra. Todo isto á marxe do Convenio ao ser unha vía titularidade autonómica. En paralelo a Consellería iniciará o oportuno expediente para recuperar o dominio dos terreos expropiados no seu día e sobre os que os particulares realizaron diversas ocupacións».

Achéganse copias das referidas actas como documento núm. 2.

O Pleno do concello de Vigo, en sesión de 28 de decembro de 2001, aprobou o proxecto de obras de acondicionamento da PO-A Seminario-Meixoeiro TM Vigo, así como solicitar a exclusión desta obra do Convenio, sen que tal medida supoña un decremento nas dispoñibilidade económicas do mesmo; confirmar a dispoñibilidade legal dos terreos, non obstante a innecesariedade de tal acreditación ao pertencer os terreos á Comunidade Autónoma e asumir o compromiso de recibir as obras e asumir a conservación e explotación da travesía logo



Concello de Vigo

dos trámites administrativos oportunos, unha vez rematadas e recibidas as obras pola CP-
TOPV.

Achéganse copia da certificación deste acordo como documento núm. 3.

7º.- A piques de rematar a obra de mellora da estrada, con data 23 de setembro de 2004, o concelleiro delegado de Servizos Xerais do concello de Vigo, don José Manuel Iglesias Carrera —**integrante, no seu día, da Comisión de Seguimento do convenio, en representación da Comunidade Autónoma de Galicia**— dirixiuse telefonicamente e por escrito ao Director Xeral de Obras Públicas da CPTOPV, don Agustín Hernández Fernández de Rojas —o outro membro da representación da Comunidade Autónoma de Galicia na Comisión de seguimento do convenio— no que literalmente se di:

«Querido Agustín:

De acordo con lo hablado telefónicamente, te envío relación de problemas que nuestros técnicos están detectando en la obra de la antigua carretera de Madrid, tramo Seminario-Meixoeiro.

Te agradezco hagas lo posible en este asunto, pues los técnicos tienen miedo que la recibáis, cosa que llevaría a una posterior recepción política por el Ayuntamiento de Vigo sin el respaldo de las firmas profesionales, y esto, que tanto se ha dado en Vigo, es nuestro caballo de batalla con los otros grupos (obras de Zona Franca, Fomento) y que nos está llevando a reparar obras mal recepcionadas en contexto económico penoso.»

Achégase copia do escrito como documento núm. 4.

8º.- Non obstante, tal comunicación de deficiencias na execución das obras, estas foron recibidas pola Comunidade Autónoma de Galicia o día 1 de decembro de 2004 —acompañase, como documento número 5, copia da acta de recepción das obras— sen subsanar as deficiencias na execución da obra, comunicadas pola Administración municipal ao Director Xeral de Obras Públicas da CPTOPV, tal e como se reflicte na “Relación de deficiencias y aspectos mejorables de la obra de: Acondicionamiento Travesía Carretera PO – A - Tramo Seminario - Meixoeiro”, do enxeñeiro municipal, de xaneiro de 2005, do que se achega copia como documento núm. 6.

9º.- Por escrito de 14 de febreiro de 2005, o Director Xeral de Obras Públicas da CPTOPV deu traslado ao concello de Vigo da acta de recepción das obras de que tratamos, afirmando que a mesma atópase encadrada no repetido convenio, no cal o concello de Vigo asumiu a obriga de recibir as obras realizadas pola CPTOPV e asumir a súa conservación e explotación —achégase copia do dito escrito como documento núm. 7— polo cal, se di no escrito, coa remisión da acta de recepción se entenden entregadas ao uso público as obras e comenzada a obriga de conservación municipal.

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

Primeira.- A execución, por parte da CPROPV da Xunta de Galicia, da obra que nos ocupa, non estaba comprendida no ámbito do convenio de referencia toda vez que este se refería a

viais de titularidade municipal e así o estimou a Comisión de Seguemento do Convenio, a quen correspondía, segundo o propio convenio, resolver as incidencias que xurdiran na súa execución, que acordou excluír esta obra do convenio, na sesión de 13 de xuño de 2001; cuestión diferente é se a exclusión desta obra do convenio conlevaba ou non o decremento das cantidades comprometidas pola Xunta de Galicia para a execución das obras obxecto do mesmo; decremento que o concello de Vigo, no acordo plenario de 28 de decembro de 2001 solicitou non se producira, sen que se resolvera expresamente sobre tal cuestión.

En calquera caso, se tratándose de vías municipais as obras de mellora destas, realizadas pola Xunta de Galicia, podían ser recibidas directamente polo concello de Vigo, unha vez recibidas pola CPTOPV, no caso da estrada que nos ocupa, ao ser un vial de titularidade autonómica, a recepción das obras executadas para a súa mellora non se podía producir sen a recepción da propia estrada; recepción de estrada que, de acordo co artigo 5 da Lei 4/1994, en vigor a data da recepción das obras pola CPTOPV, requiría Decreto da Xunta de Galicia, a proposta da Consellería competente en materia de estradas, previo acordo entre as Administracións afectadas; Decreto que non se produciu, nin se tramitou o procedemento algun para a produción do mesmo, nin consta acordo algún sobre o cambio de titularidade da referida estrada a favor do Concello, nin acta de entrega e recepción subscrita por representantes de ambas administracións, polo que tal estrada non foi transferida ao Concello de Vigo e segue a ser de titularidade autonómica.

Segunda.- Pero non so non se produciu o Decreto da Xunta de Galicia de transferencia de estrada, senón que o acordo entre a Comunidade Autónoma e o concello de Vigo que houbera posibilitado a transferencia da mesma, tras a preceptivo Decreto da Xunta de Galicia — a execución das obras de mellora da mesma non termos acordados na Comisión de Seguemento do convenio e aceptados polo concello de Vigo, en sesión plenaria de 28 de decembro de 2001— tampouco se cumpriu nos termos pactados: a CPTOPV non executou as obras a que se comprometeu nos termos pactados co concello de Vigo.

Cómpre recordar aquí que, de acordo co artigo 1.258 do Código Civil, os contratos —e igualmente os convenios— obrigan non so ao cumprimento do expresamente pactado, senón, tamén, a todas as consecuencias que, segundo a súa natureza, sexan conformes á boa fe, ao uso e á lei. Este artigo é aplicación ao ámbito contractual do artigo 7 do mesmo texto, conforme ao cal os dereitos deberán exercitarse conforme ás esixencias da boa fe e a xigencias de la buena fe; que a Lei non ampara o abuso do dereito; e que todo acto ou omisión que que se realice sobrepase manifiestamente los límites normais do exercizo dun dereito, con dano para terceiro, dará lugar á correspondente indemnización e a adopción das medidas xudiciais e administrativas que impidan a persistencia no abuso.

Pois ben, esta Administración municipal, por medio do seu concelleiro delegado de Servizos Xerais, don José Manuel Iglesias Carrera —inicial integrante da Comisión de Seguemento do Convenio, en representación da Xunta de Galicia— dirixiuse telefónicamente e por escrito a don Agustín Hernández Fernández de Rojas, Director Xeral de Obras Públicas da CPTOPV —inicial integrante, tamén, da Comisión de Seguemento do Convenio, en representación da Xunta de Galicia— para que non recibira as obras de urbanización que nos ocupan polas deficiencias que ao dito escrito se achegaban, non obstante o cal a CPTOPV, facendo caso omiso de tal requirimento recibiu as obras.



Concello de Vigo

As obras executadas e a súa recepción pola Xunta de Galicia non supoñen o íntegro cumprimento —senón o cumprimento parcial— das obrigas asumidas pola Xunta de Galicia respecto da dita estrada, tanto no convenio como no acordo da Comisión de Seguemento do mesmo, que acordou excluír esta obra do convenio por tratarse dunha estrada autonómica; e como queira que as obrigas asumidas pola Comunidade Autónoma respecto desta estrada para entender acordada a transmisión da súa titularidade ao concello de Vigo so poden entenderse cumpridas cando a prestación fora realizada completamente (artigo 1.157 Código Civil), sen que o Concello estivera obrigado a recibir por partes esta concreta obra (artigo 1.169 Código Civil), en ausencia de tal acordo, presuposto do Decreto da Xunta de Galicia de transmisión da titularidade da vía —que tampouco se produciu— ten de concluírse que tal estrada non foi transferida ao Concello de Vigo e segue a ser de titularidade autonómica.

Pretender que se produciu a transmisión da titularidade da estrada ao concello de Vigo, en ausencia de todo procedemento para a produción do Decreto da Xunta de Galicia de transferencia da estrada, é descoñecer a nulidade de pleno dereito en que tal pretensión incorre; porén, pretender que o acordo entre ámbalas dúas administracións para tal transmisión se produciu a virtude do convenio, tras a advertencia das deficiencias na obra efectuada polo concelleiro delegado de Servizos Xerais do concello de Vigo, don José Manuel Iglesias Carrera a don Agustín Hernández Fernández de Rojas, Director Xeral de Obras Públicas da CPTOPV, incorre certamente en mala fe no dereito que se pretende exercitar

Por outra parte, tampouco cabe entender que aínda que a titularidade da vía permanezca na titularidade da Comunidade Autónoma, o concello de Vigo sexa o obrigado a súa conservación e mantemento a virtude do convenio. E isto, non so porque a Comisión de Seguemento do Convenio excluiu o vial do convenio e, daquela, as obrigas relativas a súa conservación e mantemento nacerían coa transmisión da titularidade da estrada á Administración municipal, senón, tamén, porque tratándose dun convenio que establece obrigas recíprocas, incumplida a obriga da Administración autonómica de executar as obras debidamente e de acordo co pactado, a obriga municipal de conservación non chegaría a ser esixible. Así resulta do artigo 1.100, in fine do Código Civil, segundo o cal, nas obrigas recíprocas ningún dos obrigados incorre en mora se o outro non cumpre ou non se allana a cumprir debidamente o que lle incumbe.

Por todo o exposto, propónse á Xunta de Goberno Local (disposición adicional segunda LCSP) a adopción do seguinte

ACORDO

Primeiro.- Declarar que as estradas PO-371, Puxeiros-O Calvario (Avda. de Ramón Nieto e Avda. da Ponte, desde Urzaiz ata o cruce coa A-55) e a PO-A (tramo Seminario-Meixueiro, antiga Estrada de Madrid) non son de titularidade municipal e que, por tanto, as facultades e obrigas relativas á explotación das mesmas non corresponden a esta Administración municipal.

Segundo.- Comunicar a Axencia Galega de Infraestruturas da Xunta de Galicia, que dos datos obrantes nesta Administración municipal resulta que as ditas vías son de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia e formular ante a mesma as alegacións que se conteñen na parte expositiva do presente acordo.

Terceiro.- Manifestar á Axencia Galega de Infraestruturas da Xunta de Galicia a inicial disposición do concello de Vigo de asumir a titularidade do tamo da Avda. de Ramón Nieto, da estrada PO-371, Puxeiros-O Calvario, tras a tramitación do procedemento establecido no artigo 9 da vixente Lei 8/2013, de 28 de xuño, de Estradas de Galicia.

Cuarto.- Notifíquese o acordo que se contén no dispositivo primeiro á Axencia Galega de Infraestruturas da Xunta de Galicia, con indicación de que dito acordo é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderá interpoñer directamente ante o xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da súa notificación.

Nos litixios entre Administracións públicas non caberá interpoñer recurso en vía administrativa. Non obstante, cando unha Administración interpoña recurso contencioso-administrativo contra outra, poderá requerila previamente para que derogue a disposición, anule ou revoque o acto, faga cesar ou modificación a actuación material ou inicie a actividade á que esté obrigada. O requerimento deberá dirixirse ao órgano competente, mediante escrito razonado que concretará a disposición, acto, actuación ou inactividade, e deberá producirse no prazo de dous meses contados dende a publicación da norma ou desnde que a Administración requirente coñecera ou puidera coñecer o acto, actuación ou inactividade. O requerimento entenderase rexeitado s, dentro do mes seguinte á súa recepción, o requirido non o contestara.

Todo elo sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar, no seu caso, calquer outro que estimen procedente.

Quinto.- Preséntense, no prazo conferido ao efecto, polo concelleiro delegado de Fomento e Servizos Xerais ante a Axencia Galega de Infraestruturas da Xunta de Galicia, as alegacións que se que se conteñen na parte expositiva do presente acordo, en relación coas estradas PO-371, Puxeiros-O Calvario (Avda. de Ramón Nieto e Avda. da Ponte, desde Urzáiz ata o cruce coa A-55) e PO-A (tramo Seminario-Meixueiro, antiga Estrada de Madrid).

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

32(296).- ADDENDA Nº 3 PARA AMPLIACIÓN DO PRAZO DE VIXENCIA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE VIGO PARA A RENOVACIÓN DE FIRMES EN VIAIS MUNICIPAIS NAS DIFERENTES PARROQUIAS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 77457/250.

Visto o informe de xurídico e o informe de fiscalización, ambos do 12/04/2021, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de control Orzamentario, conformado polo concelleiro-delegado de Servizos e Fomento, que di o seguinte:



Concello de Vigo

ANTECEDENTES

Primeiro.- A acta da Comisión de Seguimento reunida en data 08.04.2021 recolle que “a vista dos antecedentes expostos sobre a execución da addenda nº 2 ao convenio, os asistentes da Comisión de seguimento acordan por unanimidade aprobar a proposta realizada para a ampliación do prazo de vixencia do convenio ata o 31 de decembro de 2021, de acordo co contido do informe transcrito nesta acta, e proceder a dar traslado do mesmo a ambas entidades, para proceder ao desenvolvemento dos correspondente expedientes administrativos conducentes a aprobación da correspondente addenda de acordo co texto que se anexa a esta acta.

Segundo.- Mediante Decreto do Concelleiro delegado da Área de Fomento e Servizos, de data 12 de abril de 2021, resolve que se inicie o expediente para a aprobación da citada Addenda 3 ao Convenio

Terceiro.- Con data 12/04/2021, o Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e o Xefe da Área de Inversións, co conforme do Concelleiro delegado da Área redactan a Memoria Xustificativa do devandito convenio. Segundo a Memoria, os pactos que se incorporan ao Convenio estímense conformes ao interese público municipal. Ademais, se constata a suficiencia das achegas comprometidas á finalidade do mesmo así como o cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Cuarto.- O Xefe dos Servizos Xurídicos da Área de Servizos Xerais con data 12/04/2021 emite informe xurídico concluíndo que non existe inconveniente legal para que a Xunta de Goberno Local aprobe a ADDENDA (nº3) PARA AMPLIACIÓN DO PRAZO DE VIXENCIA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A EXECUCIÓN DE OBRAS DE SUBSTITUCIÓN DE FIRMES EN VIAIS MUNICIPAIS NAS DIFERENTES PARROQUIAS DO CONCELLO DE VIGO.

FUNDAMENTOS

I.- Lexislación aplicable

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

- Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- Bases de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo.

II.- Convenio

A celebración de convenios de colaboración entre entidades de dereito público, atópase prevista nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015 de réxime xurídico do sector público, así como nos artigos 194 e 195 da Lei 5/1997, de Administración local de Galicia

En canto ao seu contido e procedemento, axustado á lexislación de procedemento administrativo e de subvencións, detállase no informe xurídico obrante no expediente.

O interese xeral e a conveniencia na concertación da addenda ao convenio, recóllese na Memoria xustificativa do convenio, documento obrigado segundo sinala o artigo 199 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

O obxecto d deste addenda é establecer posibilidade d e finalización das actuación previstas no convenio para o cal se propón adecuar o prazo de vixencia da addenda nº 2 asinada con data de 20 de decembro de 2019 en relación ao convenio de colaboración entre o CONCELLO DE VIGO E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A EXECUCIÓN DE OBRAS DE SUBSTITUCIÓN DE FIRMES EN VIAIS MUNICIPAIS NAS DIFERENTES PARROQUIAS DO CONCELLO DE VIGO, ampliándoo ata o día 31 de decembro de 2021.

III.- Procedemento e competencia

Consta no expediente de aprobación do convenio, os documentos necesarios para a súa tramitación: Orde de inicio, Memoria do convenio e texto do mesmo e Informe xurídico.

Antes da súa aprobación pola Xunta de Goberno, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello de Vigo.

De conformidade co artigo 127.1.g) LRBRL, corresponderá á Xunta de Goberno Local a aprobación da addenda ao convenio .

O artigo 8.1.b) da Lei 19/2013, de Transparencia obriga a dar publicidade do convenio que se aprobe.

Á vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Intervención Xeral, formúlase á Xunta de Goberno Local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a seguinte

PROPOSTA

Primeiro.- Aprobar do texto da ADDENDA (nº3) PARA AMPLIACIÓN DO PRAZO DE VIXENCIA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A EXECUCIÓN DE OBRAS DE SUBS-



Concello de Vigo

TITUCIÓN DE FIRMES EN VIAIS MUNICIPAIS NAS DIFERENTES PARROQUIAS DO CONCELLO DE VIGO, transcrito como Anexo.

Segundo.- Solicitar da Deputación Provincial de Pontevedra a aprobación e subscrición do citado convenio que se anexa.

Terceiro.- Comprometerse a dar cumprimento ás condicións do convenio nos termos do mesmo.

Cuarto.- Dar conta do presente acordo á Concellería de Xestión municipal ós efectos de publicidade

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ADDENDA Nº3 PARA AMPLIACIÓN DO PRAZO DE VIXENCIA D O CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE VIGO PARA EXECUCIÓN DAS OBRAS DE SUBSTITUCIÓN DE FIRMES EN VIAIS MUNICIPAIS NAS DIFERENTES PARROQUIAS DO CONCELLO DE VIGO”

En Vigo, _____ de _____ de 2021

REUNIDOS

Dunha parte, D^a María del Carmen Silva Rego, quen actúa no nome e representación da Deputación Provincial de Pontevedra, en virtude do seu cargo como Presidenta deste organismo e en función das atribucións que lle confiren o artigo 34 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o artigo 105 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Doutra, D. Abel Caballero Álvarez, quen actúa no nome e representación do Concello de Vigo, en virtude da súa condición de Alcalde-Presidente da citada Corporación, segundo o disposto no artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, no artigo 61.1 da Lei 5/1997, de administración local de Galicia e no artigo 41.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Actúan D. Carlos Cuadrado Romay, en calidade de secretario xeral da Deputación de Pontevedra, e D^a María Concepción Campos Acuña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe do acto que se celebra.

Ámbalas dúas partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense reciprocamente capacidade bastante para o outorgamento e formalización deste convenio, con base nos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas e, a estes efectos, de común acordo,

EXPOÑEN

I.- Que con data 11 de agosto de 2016, o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra asinaron o “Convenio de colaboración para a execución de firmes en viais municipais nas diferentes parroquias do Concello de Vigo”.

O obxecto do citado convenio consistía en establecer e concretar o réxime de colaboración entre ambas administracións para o financiamento da execución dos proxectos de obras de substitución de firmes nos viarios que se relacionaban na parte expositiva do citado convenio.

II.- Con data 15 de maio de 2018, foi asinada unha "ADDENDA", ao citado convenio, coa finalidade de aproveitar as economías derivadas das baixas producidas nas licitacións realizadas para a execución dos proxectos obxecto do convenio inicial, e aplicalas, xunto con novas achegas do Concello de Vigo, ao financiamento doutros proxectos de substitución de firmes en viais doutras parroquias do termo municipal, non previstos no convenio inicial, necesitados tamén de mellora; viais que se especifican no texto da addenda.

III.- Así mesmo foi asinada unha addenda nº 2 con data 20 de decembro de 2019 co obxecto de dar continuidade ó convenio asinado para a execución de obras de substitución de firmes en viarios municipais das diferentes parroquias do Concello de Vigo, incluíndo novas actuacións e o seu réxime de financiamento e así mesmo se acorda estender a vixencia do convenio ata o remate das actuacións que se recollen nos proxectos técnicos sen exceder, en todo caso, a data de 11 de agosto de 2021. Non obstante, a vixencia do convenio poderá prorrogarse coa conformidade expresa das partes asinantes, no caso de que non rematasen as obras obxecto do mesmo

IV.- A vista do estado de execución real a data de hoxe e tendo en conta a previsión para o desenvolvemento dos prazos da licitación, así como a adxudicación e a súa execución e de acordo co estipulado no artigo 49.h.- 2º, da Lei 40/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público, as partes de mutuo acordo recoñecen a necesidade de colaborar para posibilitar unha extensión da actuación inicial do convenio inicial para asegurar o desenvolvemento das actuacións contempladas na addenda nº2.

V.- Que, de acordo coas precedentes consideracións, dada a coincidencia de obxectivos e o interese común de ambas administracións manifestan expresamente o seu propósito de asinar unha addenda co obxecto de proceder á adecuación temporal da addenda nº 2 asinada con data de 20 de decembro de 2019 en relación ao convenio de colaboración entre o CONCELLO DE VIGO E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A EXECUCIÓN DE OBRAS DE SUBSTITUCIÓN DE FIRMES EN VIAIS MUNICIPAIS NAS DIFERENTES PARROQUIAS DO CONCELLO DE VIGO, con arranxo ós seguintes:

PACTOS

PRIMEIRO.- A Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo acordan adecuar o prazo de vixencia da addenda nº 2 asinada con data de 20 de decembro de 2019 en relación ao convenio de colaboración entre o CONCELLO DE VIGO E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A EXECUCIÓN DE OBRAS DE SUBSTITUCIÓN DE FIRMES EN VIAIS MUNICIPAIS NAS DIFERENTES PARROQUIAS DO CONCELLO DE VIGO, ampliándoo ata o día 31 de decembro de 2021.



Concello de Vigo

SEGUNDO.- En todo o demais, o texto do convenio asinado en data 11 de agosto de 2016 mantense invariable, suxeitándose as partes ao seu clausulado.

E para que así conste, en proba de conformidade, as partes asinan a presente addenda no lugar e data sinalados no seu encabezamento.

O Alcalde-Presidente do Concello de Vigo

Asdo.: Abel Caballero Álvarez

A Secretaria do Concello de Vigo

Asdo.: M^a Concepción Campos Acuña

A Presidenta da Deputación de Pontevedra

Asdo.: María del Carmen Silva Rego

O Secretario Xeral da Deputación de Pontevedra

Asdo.: Carlos Cuadrado Romay

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

.- ACORDO DE NON ADXUDICAR O CONTRATO DOS SERVIZOS PARA A XESTIÓN DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL (EIM) DE BEMBRIVE. EXPTE. 24838/332.

.- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE VIGO E A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A CONTINUIDADE DAS ACTUACIÓNS DO PROXECTO DE REMODELACIÓN DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAÍDOS. EXPTE. 3355/440.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

33(297).- ACORDO DE NON ADXUDICAR O CONTRATO DOS SERVIZOS PARA A XESTIÓN DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL (EIM) DE BEMBRIVE. EXPTE. 24838/332.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Dáse conta do informe-proposta de data 15/04/21, asinado pola xefa do Servizo de Contratación, a concelleira-delegada de Área e o interventor xeral, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP)
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP)
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia
- Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2
- Real decreto 956/2020, do 3 de novembro, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2
- Orde da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia do 21 outubro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a contratación por procedemento aberto dos servizos para a xestión da Escola infantil municipal (EIM) de Bembrive (PCAP)

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 18 de marzo de 2021 a Xunta de Goberno Local (en adiante XGL) acordou aprobar o expediente para a contratación por procedemento aberto dos servizos para a xestión da Escola infantil municipal (EIM) de Bembrive, autorizar o gasto e abrir a licitación.



Concello de Vigo

Este contrato ten por obxecto a xestión parcial da Escola Infantil Municipal de Bembrive, que comprende a atención total de nenos e nenas que se escolarizarán nelas, tanto nos aspectos educativos previstos na Lei orgánica 2/2006 de educación (LOE) para o primeiro ciclo de educación infantil, como na súa alimentación, coidado e hixiene dentro do horario da escola, e a xestión e administración do centro baixo a coordinación do Servizo de Educación, e de acordo cos requisitos contidos neste prego e no de prescricións técnicas (apartado 2A do PCAP).

Segundo.- En data 22 de marzo de 2021 a XGL acordou aprobar as “Normas para a adxudicación de prazas nas escolas infantís municipais (0-3 anos) para o curso 2021-2022 (expediente 24972-332), facultando ao Concelleiro de Educación para realizar a convocatoria de presentación de solicitudes. Esta abriuse o 22 de marzo de 2021 rematando o día 9 de abril. Durante este prazo se presentaron 40 solicitudes para EIM de Bembrive.

Terceiro.- En data 26 de marzo de 2021 publicouse o anuncio de licitación no Diario Oficial da Unión Europea, e abriuse o prazo de presentación de ofertas. Foi publicado no perfil de contratante aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público o 29 do mesmo mes.

Cuarto.- En data 14 de abril de 2021, a xefa do servizo de Educación coa conformidade do concelleiro delegado de Educación, solicita ao Servizo de contratación a tramitación da proposta de non adxudicación do citado contrato nos seguintes termos:

"Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 18 de marzo de 2021, adoptou o seguintes acordos:

1º.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria dos servizos para a xestión da Escola infantil municipal (EIM) de Bembrive.

2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas (anexo 1) de 23/02/2021 redactado polo Servizo de Educación, así como os anexos 2, 3a e 3b asinados en data 11/03/2021 polo servizo de Educación, e o Prego de cláusulas administrativas particulares por procedemento aberto de data 11/03/2021 redactado polo Servizo de Contratación, que se inclúen no presente expediente, para a contratación dos servizos para a xestión da Escola infantil municipal (EIM) de Bembrive, por procedemento aberto.

3º.- Aprobar o gasto por importe de 1.377.534,16 euros (125.230,40 € na anualidade de 2021; 344.383,54 € nas anualidades 2022, 2023 e 2024; e 219.153,14 € na anualidade de 2025), importes exentos do IVE, para a contratación dos servizos para a xestión da Escola infantil municipal (EIM) de Bembrive, por procedemento aberto, con cargo á partida presupostaria 3230.227.99.15 (“EIM Bembrive”), e bolsa de vinculación.

4º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente.

Segundo.- A Xunta de Goberno Local en sesión do 22 de marzo de 2021 acordou aprobar as Normas para a adxudicación de prazas nas escolas infantís municipais (0-3 anos) para o curso 2021-2022 (Expte 24972/332), facultando ao Concelleiro de Educación para realizar a convocatoria de presentación de solicitudes.

O prazo de presentación de solicitudes estableceuse do 22 de marzo ao 9 de abril de 2021. Rematado o referido prazo comprobouse que o número de solicitudes presentadas para obter praza na Escola Infantil Municipal de Bembrive ascende a 40.

Esta nova escola conta con dúas liñas por nivel (2 aulas 0-1 anos, 2 aulas 1-2 anos e 2 aulas 2-3 anos), nunha quenda única, para un total máximo de 82 alumnos/as.

En consecuencia o número de solicitudes é moi inferior á capacidade da escola e non permite abrir as dúas liñas por nivel inicialmente previstas. As previsións deste contrato realizáronse tendo en conta que nos últimos anos na quenda de mañá cubríanse a totalidade das prazas ofertadas na Rede de Escolas Infantís Municipais (REIM), non obstante non se cumpriron as expectativas nas que se baseou a elaboración da memoria e dos pregos para a licitación deste contrato. De adxudicarse o contrato tal e como está plantexado no expediente de contratación en tramitación implicaría ter que pagar pola totalidade do servizo aínda que non haxa alumnado suficiente para abrir as dúas liñas por nivel inicialmente previstas.

En base ao exposto, e por razóns de interese público como é unha eficiente xestión dos fondos públicos, propónse ao órgano de contratación se adopte a decisión de non adxudicar o contrato dos servizos para a xestión da Escola Infantil Municipal (EIM) de Bembrive (Expte. 24838/332) de conformidade co artigo 152.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público”.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

-I-

DA DESISTENCIA E DA DECISIÓN DE NON ADXUDICAR OU NON CELEBRAR O CONTRATO

A nosa lexislación contractual permite ao órgano de contratación desistir do procedemento de adxudicación ou adoptar a decisión de non adxudicar ou non celebrar un contrato en determinados supostos.

Para poder adoptar un destes acordos é preciso que se cumpran os seguintes requisitos (artigo 152 LCSP):

1. Que se acorde polo órgano de contratación antes da formalización do contrato.
2. Que estea fundado:
 - Nunha infracción non emendable das normas de preparación do contrato ou das reguladoras do procedemento de adxudicación, no caso da desistencia.
 - En razóns de interese público, no caso da decisión de non adxudicar ou non celebrar un contrato.
3. Que se xustifique no expediente a concorrencia da causa.

Como se ten dito, este artigo recolle dúas institucións distintas: a renuncia e a desistencia. A principal diferenza entre ambas é que a renuncia supón un cambio da vontade da Administración fundado en razóns de interese público, mentres que a desistencia é un acto regrado fundado en causas de legalidade, que esixe a concorrencia dunha infracción non sub-



Concello de Vigo

sanable das normas de preparación do contrato ou das reguladoras do procedemento de adxudicación.

Afirma ó respecto a doutrina, citaremos por todas a Resolución nº 1125/2018 do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales que:

“La renuncia, a diferencia del desistimiento, supone un cambio en la voluntad de la Administración de contratar la prestación, por razones de interés público y, por ello, es un acto de contenido discrecional. Ha de ser acordado –al igual que el desistimiento– antes de la adjudicación del contrato, para evitar lesionar derechos y no meras expectativas, y precisamente por su carácter discrecional el artículo 152.3 de la LCSP introduce como cautela, para evitar fraudes en el procedimiento de adjudicación, la prohibición al órgano de contratación de promover una nueva licitación del objeto del contrato en tanto subsistan las razones alegadas para fundamentar la renuncia.

Por el contrario, el desistimiento tiene un contenido por completo diferente, a diferencia de la renuncia no es un acto discrecional determinado por el cambio de voluntad de la Administración contratante, sino un acto reglado fundado en causas de legalidad y no de oportunidad. Por ello exige, como señala el apartado 4 del artículo 152 de la LCSP, la concurrencia de una infracción no subsanable de las normas de preparación del contrato o de las reguladoras del procedimiento de adjudicación, que haga imposible continuar con la licitación hasta su adjudicación; y por ello el desistimiento, a diferencia de la renuncia, no impide la iniciación inmediata de un nuevo procedimiento de licitación con el mismo objeto. En relación con el desistimiento este Tribunal ha señalado (Resolución 323/2016, de 29 de abril) que “se configura como un mecanismo que la Ley ofrece a la Administración para evitar la celebración de aquellos contratos en cuya preparación o procedimiento para la adjudicación se haya incurrido en defecto no subsanable, evitándose así que llegue a generar derechos y obligaciones para las partes. Este procedimiento, lógicamente, podrá ser utilizado por la Administración en todos aquellos casos en que concurran los requisitos que se exigen legalmente. Para que pueda acordarse válidamente, es necesario que esté basado, como se desprende del precepto transcrito, en defecto no subsanable, que se justifique la concurrencia de la causa en que se basa y que se produzca antes de la adjudicación del contrato”. En idénticos términos se pronuncia la Resolución de este Tribunal 697/2018 dictada en el recurso 622/2018”.

-II-

DA CONCORRENCIA DOS REQUISITOS LEGAIS PARA ACORDAR A DECISIÓN DE NON CELEBRAR O CONTRATO

Analizaremos a continuación a concorrencia dos requisitos esixidos na lei para adoptar a decisión de non celebración do contrato no suposto que nos ocupa:

a) Non formalización do contrato:

Queda acreditado no expediente que o contrato aínda non se formalizou. De feito, o estado actual da tramitación do expediente correspóndese co prazo de presentación de proposicións que rematará o próximo día 22 de abril de 2021.

Consultada a Plataforma de Contratos do Sector Público polo Servizo de Contratación com-próbase que de momento non se presentou ningunha oferta a través deste medio.

b) Causa:

A causa alegada para a decisión de non adxudicar o contrato está fundada en razóns de interese público.

Esta escola conta con tres niveis: 0-1 anos, 1-2 anos e 2-3 anos. Para cada nivel conta con dúas liñas, nunha quenda única, para un total de 82 alumnos/as.

O prezo do contrato fíxose partindo de que ían funcionar todas as liñas. No entanto, as solicitudes de prazas non acadan o 50% das ofertadas. Tal e como informa a xefa do servizo *“o número de solicitudes é moi inferior á capacidade da escola e non permite abrir as dúas liñas por nivel inicialmente previstas. As previsións deste contrato realizáronse tendo en conta que nos últimos anos na quenda de mañá cubríanse a totalidade das prazas ofertadas na Rede de Escolas Infantís Municipais (REIM), non obstante non se cumpriron as expectativas nas que se baseou a elaboración da memoria e dos pregos para a licitación deste contrato. De adxudicarse o contrato tal e como está plantexado no expediente de contratación en tramitación implicaría ter que pagar pola totalidade do servizo aínda que non haxa alumnado suficiente para abrir as dúas liñas por nivel inicialmente previstas. En base ao exposto, e por razóns de interese público como é unha eficiente xestión dos fondos públicos, propónse ao órgano de contratación se adopte a decisión de non adxudicar o contrato dos servizos para a xestión da Escola Infantil Municipal (EIM) de Bembrive (Expte. 24838/332) de conformidade co artigo 152.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público”*.

Efectivamente, e tal e como informa a responsable do contrato, de continuar coa licitación nas condicións actuais o concello tería que aboar servizos que non vai recibir o non poder abrir todas as liñas. Non esquezamos que a lexislación de contratos inclúe entre os seus obxectivos regular a contratación do sector público para garantir unha eficiente utilización *“de los fondos destinados a la realización de obras, la adquisición de bienes y la contratación de servicios”* (artigo 1 da LCSP). E non esquezamos que o artigo 31.2 da Constitución impón que a programación e execución do gasto público *“responderán a los criterios de eficiencia y economía”*. É de interese público que se axuste ó prezo do contrato ó número de liñas en funcionamento antes de licitar de novo o contrato, e deste modo garantir unha eficiente utilización dos fondos públicos e evitar que se aboien servizos que non se van a recibir por imposibilidade sobrevida, o non terse cuberto a oferta de prazas para a escola infantil de Bembrive.

c) Xustificación da causa:

Coa exposición da concorrencia desta causa cumprírase o último dos requisitos legais para poder acordar a decisión de non adxudicar un contrato.



Concello de Vigo

-III-

DOS EFECTOS DO ACORDO DE NON CELEBRACIÓN DO CONTRATO

A lexislación contractual impón á administración contratante a obriga de notificar a desistencia do procedemento aos candidatos ou licitadores participantes (artigo 152.1 LCSP). Como se indicou nos antecedentes este contrato aínda está en fase de licitación, e non rematou o prazo de presentación de ofertas. A data de elaboración do presente informe non se presentara ningún licitador.

Así mesmo, deberá informarse á Comisión Europea cando o contrato tiña sido anunciado no DOUE, circunstancia que concorre neste caso (artigo 152.1 LCSP).

A lei determina que deberá compensarse aos licitadores ou candidatos aptos para participar na licitación dos gastos nos que tivesen incorrido na forma prevista no prego de cláusulas administrativas particulares (artigo 152.2 LCSP). Nesta liña prevé a cláusula 12.3 do PCAP que rexe esta contratación que *“esta indemnización non superará en ningún caso a cantidade de 100 euros”*. No entanto neste caso non procede indemnización por canto non hai licitadores.

A decisión de non adxudicar ou non celebrar o contrato por razóns de interese público impedirá que se promova unha nova licitación do seu obxecto en tanto subsistan as razóns alegadas para fundamentar a decisión (artigo 152.3 LCSP). Neste caso estimase necesario tramitar un novo expediente de contratación axustado ás necesidades reais da demanda de familias usuarias co conseguinte reaxuste do prezo para así garantir a contención do gasto público. En consecuencia, é preciso que o servizo xestor, ó tramitar o novo contrato, axuste o prezo do contrato ó número de liñas que estean en funcionamento en cada momento.

-IV-

COMPETENCIA

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda do LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

ACORDO

En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Decidir non celebrar o contrato dos servizos para a xestión da Escola infantil municipal (EIM) de Bembrive (expediente 24838-332) polas razóns expostas no fundamento xurídico segundo deste informe.

2º.- Comunicar este acordo á Comisión Europea, conforme ó previsto no artigo 152.1 LCSP e publicalo no perfil de contratante.

3º.- *Instar o servizo xestor a tramitación dun novo contrato, axustando o seu prezo ó número de liñas que estean en funcionamento en cada momento”*

34(298).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE VIGO E A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A CONTINUIDADE DAS ACTUACIÓNS DO PROXECTO DE REMODELACIÓN DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIÓDOS. EXPTE. 3355/440.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico do 12/04/21 e informe de fiscalización do 13/04/21, dáse conta do informe-proposta de data 12/04/21, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario e polo concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Acta da Comisión de Seguimento do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE VIGO E A EXCMA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA A CONTINUIDADE DAS ACTUACIÓNS DO PROXECTO DE REMODELACIÓN DO ESTADIO MUNICIPAL DE FÚTBOL DE BALAIÓDOS, reunida en data 08.04.2021 recolle que “A vista dos antecedentes expostos sobre este convenio, os asistentes da Comisión de seguimento acordan por unanimidade aprobar a proposta realizada para a aprobación dun novo convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra, que posibilite a finalización do proceso de remodelación, adecuando as actuacións sen executar, e así mesmo se poda axustar o marco financeiro derivados dos compromisos asinados aos prazos de execución reais das obras que a día de hoxe atópanse proxectadas e en execución, de acordo co contido do informe transcrito nesta acta.

En base a este acordo procede dar traslado do mesmo a ambas entidades, para iniciar o desenvolvemento dos correspondente expedientes administrativos”..

Segundo.- Mediante Decreto do Concelleiro delegado da Área de Fomento e Servizos, de data 12 de abril de 2021, resolve que inicie o procedemento conducente á aprobación dun NOVO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE VIGO E A EXCMA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA A CONTINUIDADE DAS ACTUACIÓNS DO PROXECTO DE REMODELACIÓN DO ESTADIO MUNICIPAL DE FÚTBOL DE BALAIÓDOS” en base ao acordo da Comisión de Seguimento de dito convenio de data 08/04/2021”.

Terceiro.- Con data 12/04/2021, o Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e o Xefe da Área de Inversións, co conforme do Concelleiro delegado da Área redactan a Memoria Xustificativa do devandito convenio. Segundo a Memoria, os pactos que se incorporan ao Convenio estímense conformes ao interese público municipal. Ademais, se constata a suficiencia das achegas comprometidas á finalidade do mesmo así como o cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.



Concello de Vigo

Cuarto.- O Xefe dos Servizos Xurídicos da Área de Servizos Xerais con data 12/04/2021 emite informe xurídico concluíndo que non existe inconveniente legal para que a Xunta de Goberno Local aprobe o NOVO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE VIGO E A EXCMA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA A CONTINUIDADE DAS ACTUACIÓNS DO PROXECTO DE REMODELACIÓN DO ESTADIO MUNICIPAL DE FÚTBOL DE BALAIOS.

FUNDAMENTOS

I.- Lexislación aplicable

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia.
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- Bases de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo.

II.- Convenio

A celebración de convenios de colaboración entre entidades de dereito público, atópase prevista nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015 de réxime xurídico do sector público, así como nos artigos 194 e 195 da Lei 5/1997, de Administración local de Galicia

En canto ao seu contido e procedemento, axustado á lexislación de procedemento administrativo e de subvencións, detállase no informe xurídico obrante no expediente.

O interese xeral e a conveniencia na concertación do convenio, recóllese na Memoria xustificativa do convenio, documento obrigado segundo sinala o artigo 199 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

O obxecto do convenio é establecer as bases de colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra para a realización das obras que posibiliten a finalización das actuacións de remodelación e modernización do ESTADIO DE FÚTBOL MUNICIPAL DE BALAIOS na cidade de Vigo en relación os proxectos das gradas de "Marcador" e "Gol".

Os investimentos vinculados ao presente convenio atópanse definidos no proxecto de execución da obra "NOVA GRADA DE MARCADOR DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIOS" aprobado

pola Xunta de Goberno Local de data 27 de febreiro de 2020. Así mesmo o alcance das obrigas económicas deste convenio terán en conta como custes asociados a obra, aquelas asistencias técnicas vinculadas as direccións de obra e coordinación de seguridade e saúde.

En virtude do convenio, a Deputación Provincial se compromete a financiar a execución das obras obxecto do convenio, asumindo as obrigas económicas correspondentes segundo os compromisos adquiridos, e de conformidade co previsto no mesmo. A tal fin disporá dos recursos indicados co carácter de achega finalista para a execución das mesmas.

O Concello de Vigo asume as seguintes obrigas fundamentais: financiar a execución das obras obxecto do convenio, asumindo as obrigas económicas correspondentes segundo os compromisos adquiridos, e de conformidade co previsto no mesmo; a tal fin dotará os recursos necesarios, na aplicación correspondente, para o financiamento da actuación prevista na memoria e no proxecto técnico; redactar e aprobar o correspondente proxecto técnico, debendo enviar un exemplar do proxecto aprobado á Deputación Provincial; licitar o correspondente proxecto técnico que conforma a actuación obxecto deste convenio; executar, controlar e recibir as obras consonte ao correspondente proxecto técnico; contratar, de selo caso, as asistencias técnicas á dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde; obter as correspondentes licenzas e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas; levar a cabo o mantemento e conservación da infraestrutura viaria obxecto do convenio, tendo a asunción da dita responsabilidade dende o día seguinte ao da formalización da acta de recepción de obra coas obrigas establecidas na normativa patrimonial das administracións públicas; e, destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos.

III.- OBRIGAS ECONÓMICAS PARA AS PARTES:

Atopándose próxima a finalización da vixencia do convenio inicial, sen prexuízo da necesidade de cumprimento das obrigas pendentes nadas durante a vixencia do mesmo, e persistindo, aínda, a necesidade da concluír a consecución dos obxectivos a que respondía o dito convenio, extinguido polo vencemento do seu prazo máximo, procede dar continuidade ás aportacións económicas das dúas administracións para dar continuidade a realización das obras de remodelación e modernización do ESTADIO DE FÚTBOL MUNICIPAL DE BALAI DOS na súa fase final.

O importe ao que se refire o presente convenio ascende á cantidade de "DEZASETE MILLÓNS NOVENTA E SEIS MIL SETECENTOS CINCUENTA E CATRO EUROS CON TRINTA E NOVE CENTIMOS" (17.096.754,39 €), incluíndo os gastos da execución das obras, así como os gastos asociados á obra en relación ás asistencias técnicas sobre a coordinación de seguridade e saúde e a asistencia técnica á dirección da obra, correspondéndose os seguintes gastos máximos:

493/441.- CONTRATO MAIOR OBRAS PROXECTO "DA NOVA GRADA DE MARCADOR DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAI DOS"	16.650.000,00 €
604/441.- COORDINACIÓN SEGURIDADE E SAÚDE OBRAS DE NOVA GRADA DE MARCADOR DO ESTADIO DE BALAI DOS	144.205,99 €
738/441.- ASISTENCIA TÉCNICA Á DIRECCIÓN DE OBRA MUNICIPAL DE "NOVA GRADA DE MARCADOR DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAI DOS".	302.548,40 €
Importe total destas actuacións:	17.096.754,39 €

A obriga de financiación para cada un das administración en relación ao proxecto de



Concello de Vigo

remodelación do Estadio Municipal de Balaidos establece nun 50 % da totalidade dos custes.

Non obstante, neste novo convenio unificanse os compromisos económicos que neste convenio asumen as partes cos derivados do convenio inicial, pendentes de cumprimento, asinado entre as partes con data do 08/07/2015 e as súas addendas, que fixan como data final de vixencia do convenio inicial o vindeiro 24 de maio de 2021; obrigas nadas do primeiro convenio, pendentes de cumprimento, que se renovan no presente.

Obrigas económicas para a Deputación Provincial de Pontevedra:

A Deputación Provincial de Pontevedra comprométese a achegar, para a execución dos investimentos previstos na cláusula segunda deste convenio en relación a execución das actuacións para a NOVA GRADA DE MARCADOR, a contía de OITO MILLÓNS CINCOCENTOS CUA RENTA E OITO MIL TRESCENTOS SETENTA E SETE EUROS CON DEZANOVE CÉNTIMOS (8.548.377,19 €). Esta cantidade inclúe os créditos comprometidos na addenda nº2, polo importe de 6.915.907,83 €, polo cal operativamente se contempla un incremento de 1.632.469,36 €.

O pagamento do importe referido se realizará contra as seguintes aplicacións:

21/942.3420.762.58	6.915.907,83 €
21/942.9420.762.14	1.632.469,36 €
Total:	8.548.377,19 €

Así mesmo en relación as obrigas derivadas da execución das actuacións contempladas na addenda nº1 do anterior convenio, a Deputación Provincial comprométese a realizar os pagos correspondentes as actuacións xa executadas e pendentes de liquidar por un importe máximo de 513.475,09 €, para o cal se dispoñe dos créditos na aplicación 21/942.3420.762.58.2016.

Obrigas económicas para o Concello de Vigo:

O Concello de Vigo comprométese a achegar, para a execución dos investimentos previstos na cláusula segunda deste convenio en relación a execución das actuacións para a NOVA GRADA DE MARCADOR, a contía de OITO MILLÓNS CINCOCENTOS CUARENTA E OITO MIL TRESCENTOS SETENTA E SETE EUROS CON VINTE CÉNTIMOS (8.548.377,20 €). Esta cantidade inclúe os créditos comprometidos na addenda nº2 do anterior convenio, polo importe de 6.915.907,84 €, polo cal operativamente se contempla un incremento de 1.632.469,36 €, de acordo coa seguinte distribución por anualidades:

Exercicio 2020	2.200.000,00 €
Exercicio 2021	3.107.000,00 €
Exercicio 2022	3.000.000,00 €
Exercicio 2023	241.377,20 €
Total:	8.548.377,20 €

A tal fin, e para garantir a estabilidade do financiamento do convenio, a achega do Concello de Vigo será financiada con cargo os créditos da aplicación 9330.632.00.10 e de acordo a execución indicada anteriormente. Non obstante, o pagamento quedará condicionado, en todo caso, á aprobación dos orzamentos xerais do concello para os anos 2022 e 2023.

No orzamento do ano 2021, aprobado polo Pleno Municipal figura crédito adecuado e suficiente para a anualidade do ano 2021 con cargo os créditos da aplicación 9330.632.00.10 os cales se

atopan asociados os expedientes de contratación xa iniciados; 493/441.- CONTRATO MAIOR OBRAS PROXECTO "DA NOVA GRADA DE MARCADOR DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIÓDOS", 604/441.- COORDINACIÓN SEGURIDADE E SAÚDE OBRAS DE NOVA GRADA DE MARCADOR DO ESTADIO DE BALAIÓDOS e 738/441.- ASISTENCIA TÉCNICA Á DIRECCIÓN DE OBRA MUNICIPAL DE "NOVA GRADA DE MARCADOR DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIÓDOS".

Non obstante, calquera variación das anualidades da execución previstas, poderá dar lugar ao reaxuste das anualidades do presente convenio, a cuxo efecto o Concello de Vigo, previa proposta da Comisión de Seguimento do convenio, dará audiencia á Deputación Provincial no expediente que se inicie para o reaxuste das anualidades e da resolución que se dite.

III.- Procedemento e competencia

Consta no expediente de aprobación do convenio, os documentos necesarios para a súa tramitación: Orde de inicio, Memoria do convenio e texto do mesmo e Informe xurídico.

Antes da súa aprobación pola Xunta de Goberno, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello de Vigo.

De conformidade co artigo 127.1.g) LRBRL, corresponderá á Xunta de Goberno Local a aprobación do convenio .

O artigo 8.1.b) da Lei 19/2013, de Transparencia obriga a dar publicidade do convenio que se aprobe.

Á vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Intervención Xeral, fórmase á Xunta de Goberno Local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a seguinte

PROPOSTA

Primeiro.- Aprobar o NOVO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE VIGO E A EXCMA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA A CONTINUIDADE DAS ACTIVIDADES DO PROXECTO DE REMODELACIÓN DO ESTADIO MUNICIPAL DE FÚTBOL DE BALAIÓDOS, transcrito como Anexo.

Segundo.- Solicitar da Deputación Provincial de Pontevedra a aprobación e subscripción do citado convenio que se anexa.

Terceiro.- Asumir as obrigas económicas do convenio nos termos do mesmo. Trátase dun gasto plurianual, coa seguinte distribución de anualidades para o Concello de Vigo:

A achega do Concello de Vigo será financiada con cargo os créditos da aplicación 9330.632.00.10 e de acordo a execución indicada na parte expositiva polo cal o alcance do convenio recolle créditos xa comprometidos no ámbito do anterior convenio e os futuros de acordo coa seguinte distribución:

- Exercicio 2020: 2.200.000,00 €
- Exercicio 2021: 3.107.000,00 €
- Exercicio 2022: 3.000.000,00 €



Concello de Vigo

- Exercicio 2023: 241.377,20 €
- Total: 8.548.377,20 €

Cuarto.- Comprometerse a dar cumprimento ás condicións do convenio nos termos do mesmo.

Quinto.- Dar conta do presente acordo á Concellería de Xestión municipal ós efectos de publicidade.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A CONTINUIDADE DAS ACTUACIÓNS DO PROXECTO DE REMODELACIÓN DO ESTADIO MUNICIPAL DE FÚTBOL DE BALAIOS.

No Pazo Provincial, de ____ de 2021

INTERVEÑEN

Dunha parte, D^a María del Carmen Silva Rego, quen actúa no nome e representación da Deputación Provincial de Pontevedra, en virtude do seu cargo como Presidenta deste organismo e en función das atribucións que lle confiren o artigo 34 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o artigo 105 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Doutra, D. Abel Caballero Álvarez, quen actúa no nome e representación do Concello de Vigo, en virtude da súa condición de Alcalde-Presidente da citada Corporación, segundo o disposto no artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, no artigo 61.1 da Lei 5/1997, de administración local de Galicia e no artigo 41.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Actúan D. Carlos Cuadrado Romay, en calidade de secretario xeral da Deputación de Pontevedra, e D^a María Concepción Campos Acuña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe do acto que se celebra.

Ámbalas dúas partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense reciprocamente capacidade bastante para o outorgamento e formalización deste convenio, con base nos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas e, a estes efectos, de común acordo,

EXPOÑEN

I.- A Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo comparten como criterio que os concellos, como administración democraticamente escollida, deben ser os axentes protagonistas e os

eidos administrativos aos que ten que corresponder a decisión, o deseño e o impulso da acción local e do desenvolvemento das políticas locais; ao tempo que, as deputacións, deben actuar como institucións que desenvolvan políticas, plans e actuacións que faciliten que concellos e cidadáns poidan acadaren os mesmos dereitos e servizos.

II.- No ámbito deportivo e no marco do proxecto de modernización do Estadio de Fútbol de Balaidos, o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra veñen desenvolvendo unha proposta de colaboración conxunta, no ámbito das súas propias competencias e de acordo cos principios de cooperación económica, técnica e administrativa tanto en servizos locais como en asuntos de interese común regulados no marco da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, así como na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público; colaboración que se iniciou coa sinatura, en data de 08/07/2015, do «Convenio de Colaboración entre o Excmo. Concello de Vigo e a Excmo. Deputación de Pontevedra para a realización das obras de REMODELACIÓN DO ESTADIO MUNICIPAL DE FÚTBOL DE BALAIIDOS». O citado convenio foi prorrogado na súa vixencia por medio da sinatura de dúas addendas. A primeira, asinada con data 27 de setembro de 2017, prorrogou o prazo do convenio ata o 31 de decembro de 2019, e a segunda, asinada con data de 24 de maio de 2019, estableceu un prazo de 2 anos máis de vixencia do convenio.

III.- Atopándose próxima a finalización da vixencia do devandito convenio, sen prexuízo da necesidade de cumprimento das obrigas pendentes nadas durante a vixencia do mesmo, e persistindo, aínda, a necesidade da concluír a consecución dos obxectivos a que respondía o dito convenio, extinguido polo vencemento do seu prazo máximo, procede dar continuidade á colaboración iniciada entre a Excmo. Deputación Provincial de Pontevedra e o concello de Vigo, mediante a sinatura dun novo convenio, co obxecto de establecer as pautas de colaboración entre ambas Administracións locais para dar continuidade a realización das obras de remodelación e modernización do ESTADIO DE FÚTBOL MUNICIPAL DE BALAIIDOS na súa fase final; convenio .que é o que no presente acto conclúen as partes intervintes.

IV.- Que o artigo 25. 2. l) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local atribúe ás Administracións municipais competencia en materia de promoción do deporte e instalacións deportivas.

Por outra banda, o art. 36.1) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local encomenda ás deputacións o aseguramento da prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal; competencia en relación coa cal a Deputación Provincial de Pontevedra ten previsto na súa planificación a mellora das infraestruturas dos equipamentos deportivos do concellos da provincia.

V.- Que os convenios entre as Administracións Públicas constitúen o instrumento axeitado para desenvolveren a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen os artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, o artigo 57 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, os artigos 198 e seguintes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, así como co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

VI.- .- Por todo o anteriormente exposto, ambas as partes manifestan expresamente o seu propósito de asinar o presente convenio de colaboración de referencia co obxecto de proceder a dar continuidade as actuación para a REMODELACIÓN E MODERNIZACIÓN DO ESTADIO MUNICIPAL DE FÚTBOL DE BALAIIDOS conforme aos seguintes:



Concello de Vigo

PACTOS

PRIMEIRO.- OBXECTO DO CONVENIO:

É obxecto deste convenio é establecer as bases de colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra para a realización das obras que posibiliten a finalización das actuacións de remodelación e modernización do ESTADIO DE FÚTBOL MUNICIPAL DE BALAIIDOS na cidade de Vigo en relación os proxectos das gradas de “Marcador” e “Gol”.

Os investimentos vinculados ao presente convenio atópanse definidos no proxecto de execución da obra “NOVA GRADA DE MARCADOR DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIIDOS” aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 27 de febreiro de 2020. Así mesmo o alcance das obrigas económicas deste convenio terán en conta como custes asociados a obra, aquelas asistencias técnicas vinculadas as direccións de obra e coordinación de seguridade e saúde.

SEGUNDO: IMPORTE E FINANCIAMENTO:

1.- O importe ao que se refire o presente convenio ascende á cantidade de “DEZASETE MILLÓNS NOVENTA E SEIS MIL SETECENTOS CINCUENTA E CATRO EUROS CON TRINTA E NOVE CENTIMOS” (17.096.754,39 €), incluíndo os gastos da execución das obras, así como os gastos asociados á obra en relación ás asistencias técnicas sobre a coordinación de seguridade e saúde e a asistencia técnica á dirección da obra, correspondéndose os seguintes gastos máximos:

493/441.- CONTRATO MAIOR OBRAS PROXECTO “DA NOVA GRADA DE MARCADOR DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIIDOS”	16.650.000,00 €
604/441.- COORDINACIÓN SEGURIDADE E SAÚDE OBRAS DE NOVA GRADA DE MARCADOR DO ESTADIO DE BALAIIDOS	144.205,99 €
738/441.- ASISTENCIA TÉCNICA Á DIRECCIÓN DE OBRA MUNICIPAL DE “NOVA GRADA DE MARCADOR DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIIDOS”.	302.548,40 €
Importe total destas actuacións:	17.096.754,39 €

2.- A obriga de financiación para cada un das administración en relación ao proxecto de remodelación do Estadio Municipal de Balaidos establecece nun 50 % da totalidade dos custes.

3.- Non obstante, neste novo convenio unífanse os compromisos económicos que neste convenio asumen as partes cos derivados do convenio inicial, pendentes de cumprimento, asinado entre as partes con data do 08/07/2015 e as súas addendas, que fixan como data final de vixencia do convenio inicial o vindeiro 24 de maio de 2021; obrigas nacidas do primeiro convenio, pendentes de cumprimento, que se renovan no presente.

4.- Obrigas económicas para a Deputación Provincial de Pontevedra:

A Deputación Provincial de Pontevedra comprométese a achegar, para a execución dos investimentos previstos na cláusula segunda deste convenio en relación a execución das actuacións para a NOVA GRADA DE MARCADOR, a contía de OITO MILLÓNS CINCOCENTOS CUARENTA E OITO MIL TRESCENTOS SETENTA E SETE EUROS CON DEZANOVE CÉNTIMOS (8.548.377,19 €). Esta cantidade inclúe os créditos comprometidos na addenda nº2, polo importe de 6.915.907,83 €, polo cal operativamente se contempla un incremento de 1.632.469,36 €.

O pagamento do importe referido se realizará contra as seguintes aplicación:

21/942.3420.762.58	6.915.907,83 €
21/942.9420.762.14	1.632.469,36 €
Total:	8.548.377,19 €

Así mesmo en relación as obrigas derivadas da execución das actuacións contempladas na addenda nº1 do anterior convenio, a Deputación Provincial comprométese a realizar os pagos correspondentes as actuación xa executadas e pendentes de liquidar por un importe máximo de 513.475,09 €, para o cal se dispoñen dos créditos na aplicación 21/942.3420.762.58.2016.

5.- Obrigas económicas para o Concello de Vigo:

O Concello de Vigo comprométese a achegar, para a execución dos investimentos previstos na cláusula segunda deste convenio en relación a execución das actuacións para a NOVA GRADA DE MARCADOR, a contía de OITO MILLÓNS CINCOCENTOS CUARENTA E OITO MIL TRES-CENTOS SETENTA E SETE EUROS CON VINTE CÉNTIMOS (8.548.377,20 €). Esta cantidade inclúe os créditos comprometidos na addenda nº2 do anterior convenio, polo importe de 6.915.907,84 €, polo cal operativamente se contempla un incremento de 1.632.469,36 €, de acordo coa seguinte distribución por anualidades:

Exercicio 2020	2.200.000,00 €
Exercicio 2021	3.107.000,00 €
Exercicio 2022	3.000.000,00 €
Exercicio 2023	241.377,20 €
Total:	8.548.377,20 €

A tal fin, e para garantir a estabilidade do financiamento do convenio, a achega do Concello de Vigo será financiada con cargo os créditos da aplicación 9330.632.00.10 e de acordo a execución indicada anteriormente. Non obstante, o pagamento quedará condicionado, en todo caso, á aprobación dos orzamentos xerais do concello para os anos 2022 e 2023.

6.- Non obstante, calquera variación das anualidades da execución previstas, poderá dar lugar ao reaxuste das anualidades do presente convenio, a cuxo efecto o Concello de Vigo, previa proposta da Comisión de Seguimento do convenio, dará audiencia á Deputación Provincial no expediente que se inicie para o reaxuste das anualidades e da resolución que se dite.

TERCEIRO.- EXECUCIÓN DO CONVENIO

- 1.- A execución das actuacións e dos contratos a que o presente convenio se refire e o seu financiamento polas partes asinantes terá lugar durante os anos da vixencia do contrato de acordo coas obrigas de financiamento indicadas no pacto segundo.
- 2.- O Concello de Vigo remitirá copia dos proxectos definitivos á Deputación Provincial para o seu coñecemento.
- 3.- Como continuidade das actuacións xa iniciadas sobre a obra da nova grada de marcador o Concello de Vigo lle comunicará a Deputación Provincial a realización de todos os actos públicos sobre o seguimento das obras, co obxecto de que asista de consideralo procedente un representante da Corporación provincial.



Concello de Vigo

4.- O Concello de Vigo comunicará á Deputación Provincial a data e hora en que terá lugar, o acto de recepción desta, ao que asistirá, de consideralo procedente a Corporación provincial, un representante ou facultativo desta. A Administración municipal remitirá á provincial copia da acta do acto de recepción e certificación da resolución do órgano competente aprobatoria da recepción da obra executada e da certificación final da mesma.

5.- Formalizado, de selo caso, o contrato, ou contratos, de servizos para a contratación de asistencia técnica á dirección das obras e a Coordinación de seguridade e Saúde, remitirase copia dos mesmos á Deputación Provincial así como dos abonos a conta que en execución dos mesmos se poidan producir.

6.- A Deputación Provincial poderá inspeccionar a execución das obras obxecto do presente convenio e as actuacións realizadas no marco do mesmo cando o teña por convinte, así como formular as observacións que estime pertinentes, sen prexuízo de que corresponda en exclusiva ao órgano de contratación e aos responsables dos respectivos contratos a emisión das ordes e instrucións que procedan.

7.- En relación a continuidade das actuacións a grada de "GOL" na actualidade atopase redactado o "proxecto de execución desta grada" que se atopa pendente dos informes sectoriais de aplicación, así como da adecuación do proxecto de acordo coas resolucións dos mencionados informes.

8.- O Concello de Vigo desenvolverá as xestións oportunas en cumprimento das súas obrigas para finalizar a proposta da NOVA GRADA DE GOL, co obxecto de poder planificar a súa execución e unha vez finalizado o proxecto definitivo ambas institucións comprométese a estudar no compromiso de adecuación financeira correspondente a este convenio e sempre no marco dunha financiación conxunta so 50 % as posibilidades da súa execución. O Concello de Vigo presentará a comisión de seguimento o proxecto que corresponda de ser aprobado se procederá ao inicio da correspondente addenda para a súa execución.

CUARTO.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

O Concello de Vigo asume a licitación, dirección, execución e recepción das obras contempladas na memoria técnica, e a súa xustificación perante a Deputación de Pontevedra.

O Concello de Vigo poderá realizar xustificacións parciais, que responderán ao ritmo de execución das obras, que se aboarán pola contía equivalente á/s xustificación/s presentada/s.

O importe correspondente á/s xustificación/s achegada/s, será reembolsado ao Concello mediante transferencia bancaria, unha vez que conste na Deputación a seguinte documentación:

- Contrato de adxudicación da obra.
- Acta de comprobación do replanteo.
- Orixinal ou copias compulsadas da/s factura/s expedida/s pola empresa adxudicataria dos traballos realizados.
- Certificación/s de obra executada. Xunto coa primeira certificación se remitirá unha proba gráfica da difusión dada ao investimento que se financia coa axuda da Deputación.
- Certificacións ou actos de aprobación/conformidade dos gastos polo órgano municipal.
- Nomeamento do Director de obra e coordinador de seguridade e saúde.

Así mesmo coa finalización das obras para a liquidación final das actuacións deberá ser aportada a seguinte documentación:

- Acta de recepción, unha vez rematado o investimento.
- Declaración do conxunto de axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como

as pendentes de resolución, para a actividade obxecto deste convenio, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

- Calquera outra documentación esixible pola normativa vixente para a correcta xustificación deste convenio ou que se considere necesaria para a comprobación da correcta execución do obxecto do convenio.

A/s certificación/s de obra, facturas ou documentos análogos acreditativos do gasto, e o resto da documentación xustificativa, serán verificadas polos servizos técnicos provinciais e fiscalizadas pola Intervención provincial antes de ser aprobadas e pagadas.

Así mesmo, as actuacións realizadas estarán sometidas á comprobación explícita da execución das obras por parte dos servizos técnicos da Deputación Provincial.

A comprobación material do investimento que se define no parágrafo anterior é un requisito imprescindible do que debe quedar constancia no expediente xustificativo.

QUINTO.- MODIFICACIÓNS DO PROXECTO

As partes asinantes do convenio, comprométense á estabilidade do financiamento comprometido en base á contratación do proxecto do investimento obxecto deste convenio e de acordo coa condición de financiación ao 50%

Así mesmo, calquera incidencia que poida xurdir no desenvolvemento das obras, por causas imprevistas, que obrigue a unha modificación do proxecto derivada das necesidades de execución dos proxectos contratados será asumida por cada parte, en idéntico porcentaxe, así como calquera variación económica, á alza ou á baixa, por liquidacións dos contratos ou posibles indemnizacións ao contratista derivadas do cumprimento da vixente normativa sobre contratos do sector público.

Calquera modificación que supoña un incremento dos importes máximos a aportar por cada administración deberá dar lugar á tramitación de addendas ao convenio, previo informe e proposta da comisión de seguimento.

Se finalmente, a execución das obras previstas tiveran un custe inferior ao indicado na adxudicación do contrato, e sempre que isto non supoña unha actuación deficiente do mesmo, a contía das achegas das administracións reducirase proporcionalmente as cantidades a aportar por cada administración en relación ao importe adxudicado.

SEXTO.- COMPROMISOS DAS PARTES

O Concello de Vigo obrígase a:

- Financiar a execución das obras obxecto deste convenio, asumindo as obrigas económicas correspondentes segundo os compromisos adquiridos, e de conformidade co previsto nos pactos segundo e terceiro. A tal fin dotará os recursos necesarios, na aplicación correspondente, para o financiamento das actuacións previstas neste convenio.
- Remitir á Deputación Provincial os proxectos técnicos vinculados co obxecto do convenio, así como de calquera modificación.
- Licitar, executar, controlar e recibir as obras consonte ao correspondente proxecto técnico.
- Contratar, de selo caso, as asistencias técnicas á dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde.



Concello de Vigo

- Obter as correspondentes licenzas e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas.
- Dar a adecuada publicidade a este convenio, de tal xeito de que quede constancia de que a obra obxecto do mesmo se levou a cabo en colaboración coa Deputación de Pontevedra.
- Destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos.
- Comunicar á Deputación de forma inmediata, a obtención doutras subvencións ou axudas para a mencionada finalidade procedentes de calquera administración pública ou ente privado nacional ou internacional, con expresión da súa contía.
- Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden á Intervención Provincial, ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.

Asemade, o Concello de Vigo comprométese ao cumprimento das obrigas contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e en especial as recollidas no artigo 11 da mesma. Tamén seralle de aplicación o recollido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e no seu Regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo.

Pola súa banda, a Deputación de Pontevedra comprométese a:

- Financiar a execución das obras obxecto deste convenio, asumindo as obrigas económicas correspondentes segundo os compromisos adquiridos, e de conformidade co previsto nos pactos segundo e terceiro. A tal fin disporá dos recursos indicados co carácter de achega finalista para a execución das mesmas.
- Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas, en cumprimento do disposto no artigo 53 da Lei 40/2015, de Réxime Xurídico do Sector Público e da Resolución Presidencial núm. 2017008767, de 8 de maio de 2017, tratándose asemade dun convenio cuxas achegas económicas exceden de 600.000,00€.

SÉTIMO.- PUBLICIDADE

En toda a documentación e información relativas ao obxecto deste convenio incluírase a imaxe corporativa que a este fin faciliten, en todos os formatos, a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo, e nelas figurará de maneira destacada o financiamento da actuación por ambas administracións.

En todo caso as accións a desenvolver ao abeiro do convenio, deberán garantir un alto impacto e visibilidade da colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra.

Por outra parte, en cumprimento do establecido na resolución de 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, e, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento de cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa páxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido nos artigos 20.4 e 20.8.b da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

OITAVO.- CONFIDENCIALIDADE E PROTECCIÓN DE DATOS

As partes comprométense ao intercambio de datos e información técnica para o cumprimento efectivo de todos s termos deste convenio coas garantías de confidencialidade que en cada caso se requiran e permanecerá exclusivamente no ámbito da relación das partes e do persoal técnico que colabore nas actividades, obrigándose a mantelo en réxime de confidencialidade por prazo indefinido e con independencia da duración do convenio.

Toda a información e documentación intercambiada no marco do convenio será propiedade das respectivas partes.

As actuacións obxecto deste convenio que impliquen o tratamento de datos de carácter persoal deberán respectar na súa integridade a normativa reguladora de protección de datos de carácter persoal.

NOVENO.- COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCIÓNS

A achega económica prevista no presente instrumento, que ten carácter de subvención, será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou e organismos internacionais.

Porén, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da contratación subvencionada, para o cal de ser o caso se procederá a minorar proporcionalmente as cantidades a aportar por cada administración en relación ao importe adxudicado.

DÉCIMO.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para o seguimento e coordinación da execución deste convenio e resolución das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación crearase unha comisión integrada por tres representantes de cada unha das Administracións asinantes, un dos cales terá carácter técnico.

Corresponderá á Comisión de Seguimento:

- A puntual recepción de información sobre tódalas actuacións que se produzan na execución dos contratos a que este convenio se refire.
- A coordinación entre as administracións asinantes na execución e financiamento do convenio, ditando ao efecto as instrucións oportunas.
- A resolución das dúbidas que presente a interpretación do convenio e, no seu caso, a emisión de informe se a dúbida ten que ser resolta polos órganos de goberno das administracións asinantes.
- A emisión de informe en relación coa necesidade do reaxuste da anualidade do convenio e en relación con cantas incidencias se produzan na execución do contrato a que este se refire.
- A formulación das propostas que procedan en relación ás cuestións a que os seus informes se refiran.

A Comisión de Seguimento reunirse cando o estime convinte o seu responsable, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros. As súas reunións terán lugar na Casa do Concello de Vigo ou na Deputación de Pontevedra, segundo acorden as partes. Na súa reunión constituínte designarase ao responsable da mesma e ao seu secretario, que levantará acta das súas reunións.



Concello de Vigo

DÉCIMO PRIMEIRO.- VIXENCIA

O presente convenio producirá os seus efectos desde a data da súa sinatura ata a total execución dos contratos a que o mesmo se refire, fixándose en todo caso un prazo de límite de execución de catro anos, contados desde a súa sinatura.

DÉCIMO SEGUNDO.- EXTINCIÓN DO CONVENIO

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Serán causas de resolución:

- 1º.- O transcurso do prazo máximo de vixencia do convenio.
- 2º.- O acordo unánime dos asinantes.
- 3º.- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, notificarase á parte incumpridora un requirimento para que, no prazo que se sinala, cumpra coas obrigacións ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento será comunicado tamén ao responsable da Comisión de Seguimento.

Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte a concorrencia de causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá dar lugar a indemnización dos prexuízos causados.

- 4º.- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- 5º.- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

DÉCIMO TERCEIRO.- RÉXIME XURÍDICO

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerese pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos orzamentos das Administracións asinantes; a Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

O Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra comprométense a resolver de maneira amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento deste convenio. Con todo, e no caso de aparición de discrepancias que non puideran resolverse a través da Comisión de Seguimento, será competente a Xurisdición Contencioso-Administrativa.

E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente convenio por duplicado e a un só efecto no lugar e na data sinalados no seu encabezamento.

O Alcalde-Presidente do Concello de Vigo A Presidenta da Deputación de Pontevedra

Asdo.: Abel Caballero Álvarez

Asdo.: M^a Carmen Silva Rego

A Secretaria do Goberno Local do
Concello de Vigo

O Secretario Xeral da Deputación de
Pontevedra

Asdo.: M^a Concepción Campos Acuña

Asdo.: Carlos Cuadrado Romay

35(299).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e vinte minutos. Como secretaria dou fe.

ME.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez